

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE XULLO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; don Augusto Rey Moreno, dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria e urxente do día 2 de xullo de 2015 e á sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria e urxente do día 2 de xullo de 2015 e á sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015.

Non se formulan alegacións, polo que a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aproba os citados borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas Permanentes e á Comisión Especial de Contas, e da Resolución de Alcaldía núm. 1228/2015, do 17 de xullo, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas

De orde do Sr. presidente dáse lectura pola secretaria da Corporación aos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais, nos que se conteñen os concelleiros que se asignan por cada grupo ás distintas Comisións Informativas:

- escrito presentado pola voceira de C's, rexistrado de entrada ao núm. 0/6044 o 26 de xuño de 2015
- escrito presentado pola voceira de ACdC-SON, rexistrado de entrada ao núm. 0/6247 o 3 de xullo de 2015
- escritos presentados polo voceiro de UxC, rexistrados de entrada ao núm. 0/6064 o 29 de xuño de 2015 e ao núm. 0/6254 o 4 de xullo de 2015
- escritos presentados polo voceiro do PP, rexistrados de entrada ao núm. 0/6151 o 1 de xullo e ao núm. 0/6389 o 8 de xullo de 2015

- escrito presentado polo voceiro do BNG, rexistrado de entrada ao núm. 0/6392 o 8 de xullo de 2015
- escritos presentados polo voceiro do PSdeG-PSOE, rexistrados de entrada ao núm. 0/6129 o 30 de xuño de 2015 e ao núm. 0/6435 o día 10 de xullo de 2015

De conformidade coas asignacións efectuadas, as comisións informativas quedan integradas polos concelleiros tal e como a continuación se relacionan:

A) Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico

- do PP:

Titular:	Suplente:
Juan M ^a Abalo Castex	M ^a Jesús González Roel
Marta Vázquez Golpe	Manuel Mora y Pita da Veiga

- de UxC:

Titular:	Suplente:
Óscar A. García Patiño	Elisa Pestonit Barreiros
M ^a Dolores B. García Fernández	Ramón Boga Moscoso

- do PSdeG-PSOE:

Titular:	Suplente:
Juan E. Rodríguez Vázquez	Leonor Fernández Grande
Augusto Rey Moreno	

- de ACdeC-SON:

Titular:	Suplente:
M ^a Olga Santos López	Antonio Bruquetas Santos

- do BNG:

Titular:	Suplente:
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

- do Grupo Mixto (C's):

Titular:
M ^a José García Hidalgo

B) Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente

- do PP:

Titular:	Suplente:
Rocío Vila Díaz	Juan M ^a Abalo Castex
Manuel Rivas Caridad	Marta Vázquez Golpe

- de UxC:

Titular:	Suplente:
Óscar García Patiño	Elisa Pestonit Barreiros
Juan González Leirós	M ^a Dolores B. García Fernández

- do PSdeG-PSOE:

Titular:	Suplente:
Augusto Rey Moreno	Jesús Bao Bouzas
Juan Evaristo Rodríguez Vázquez	

- de ACdeC-SON:

Titular:	Suplente:
Antonio Bruquetas Santos	M ^a Olga Santos López

- do BNG:

Titular:	Suplente:
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

- do Grupo Mixto (C's):

Titular:
M ^a José García Hidalgo

C) Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude

- do PP:

Titular:	Suplente:
M ^a Jesús González Roel	Manuel Rivas Caridad
Manuel Mora y Pita da Veiga	Rocío Vila Díaz

- de UxC:

Titular:	Suplente:
Elisa Pestonit Barreiros	M ^a Dolores B. García Fernández
Ramón Boga Moscoso	Juan González Leirós

- do PSdeG-PSOE:

Titular:	Suplente:
Jesús Bao Bouzas	Juan E. Rodríguez Vázquez
M ^a Jesús Gómez González	

- de ACdeC-SON:

Titular:	Suplente:
Antonio Bruquetas Santos	M ^a Olga Santos López

- do BNG:

Titular:	Suplente:
Brais Cubeiro Fernández	Daniel Carballada Rodríguez

- do Grupo Mixto (C's):

Titular:
M ^a José García Hidalgo

D) Comisión Especial de Contas

- do PP:

Titular:	Suplente:
Marta Vázquez Golpe	Rocío Vila Díaz
Manuel Rivas Caridad	Juan M ^a Abalo Castex

- de UxC:

Titular:	Suplente:
Óscar A. García Patiño	Ramón Boga Moscoso
Juan González Leirós	Elisa Pestonit Barreiros

- do PSdeG-PSOE:

Titular:	Suplente:
Augusto Rey Moreno	Juan E. Rodríguez Vázquez
Leonor Fernández Grande	

- de ACdeC-SON:

Titular:	Suplente:
M ^a Olga Santos López	Antonio Bruquetas Santos

- do BNG:

Titular:	Suplente:
Daniel Carballada Rodríguez	Brais Cubeiro Fernández

- do Grupo Mixto (C's):

Titular:
M ^a José García Hidalgo

A continuación, pola secretaria da Corporación dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 1228/2015, do 17 de xullo, respecto da presidencia efectiva das comisións informativas, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Como alcalde do Concello de Cambre, manter a presidencia efectiva da Comisión Especial de Contas, así como da Comisión Informativa permanente de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico e da Comisión Informativa permanente de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente.

Segundo: Delegar a presidencia efectiva da Comisión Informativa permanente de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude en dona Elisa Pestonit Barreiros.

Terceiro: A teor do previsto nos artigos 41 d) e 80.1 a) do Regulamento orgánico municipal, notifíquese á interesada, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

2.2. Toma de coñecemento da Resolución núm. 1145/2015, do 3 de xullo, respecto da determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial, e coñecemento da aceptación dos cargos

De orde do Sr. presidente dáse conta pola secretaria da Corporación da Resolución da Alcaldía núm.1145/2015, do 3 de xullo, que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do 2 de xullo actual, son os seguintes:

- Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente
- Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación
- Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Cultura e Tradicións Populares
- Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre
- Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico
- Dona Leonor Fernández Grande, concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Igualdade, Muller e Familia, integrados na Área de Benestar e Educación
- Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria, integrados na Área de Benestar e Educación

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notifíquese aos concelleiros/as designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Terceiro: Con base nos acordos do Pleno da Corporación de referencia, como alcalde-presidente do Concello de Cambre, desempeñarei as ditas funcións en réxime de dedicación parcial, coas retribucións e dedicación acordados.

Cuarto: Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal, unha vez aceptados os cargos, publíquese a presente resolución no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal.

A secretaria da Corporación fai constar que, con data 3 de xullo de 2015, os señores concelleiros delegados de área aceptaron desempeñar os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva, coas obrigas que iso comporta.

2.3. Toma de coñecemento da rectificación do arqueo extraordinario ao peche das operacións do día 12 de xuño de 2015 realizado por cambio de Corporación

De orde do Sr. presidente dáse conta polo interventor municipal do informe da tesoureira municipal, de data 14 de xullo de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Isabel Barbeito Montero, tesoureira do Concello de Cambre, INFORMA:

En relación co ARQUEO EXTRAORDINARIO AO PECHE DAS OPERACIÓNS DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2015, FEITO POR CAMBIO DE CORPORACIÓN, observáronse os seguintes erros:

1º. A suma do saldo das contas operativas de crédito non é de 3.101.871 euros senón de 3.101.781,38 euros.

2º. En relación cos contas de crédito, resulta:

- Que o saldo da conta do Banco Sabadell-Gallego é de -67.245,56 €, a cantidade disposta ata o de agora
- Que se omitiu a conta seguinte:

BANCO SABADELL GALLEGO	Conta: ES30 0081 2188 80 7488718007	134.577,66 €
------------------------	-------------------------------------	--------------

Por todo o exposto a acta de arqueo debe quedar redactada nos termos seguintes:

ACTA DE ARQUEO

ARQUEO EXTRAORDINARIO AO PECHE DAS OPERACIÓNS DO DÍA 12 DE XUÑO DE 2015, FEITO POR CAMBIO DE CORPORACIÓN

En cumprimento do disposto no artigo 36.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o día da constitución da nova Corporación municipal fíxose un arqueo do saldo das contas que o Concello de Cambre ten abertas nas entidades de crédito e da Caixa da Corporación.

Con esa finalidade, solicitáronse certificados ás entidades de crédito, do saldo ao peche do día 12 de xuño de 2015. Como no momento de facer o arqueo aínda non se recibiron estes certificados no concello, o presente documento tívose que facer coa información resultante da banca electrónica.

Contas operativas de crédito e préstamo

Entidade	Número de conta	Saldo €
ABANCA	ES10 2080 5531 0931 1000 0158	1.271.216
ABANCA	ES17 2080 0048 2931 1000 0050	90,91
ABANCA	ES91 2080 0048 2630 4000 8515	0,00
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	ES49 0182 1648 8200 1000 0301	42.112,64
BANCO BILBAO VIZCAYA INSTITUCIONES	ES98 0182 6244 4802 0015 0178	80.983,47
CAIXABANK	ES56 2100 2459 1402 0000 0804	52.945,08
BANCO DE SANTANDER	ES13 0049 3063 3721 1400 3540	226,86
BANCO PASTOR	ES44 0238 8125 5606 6000 0173	9.516,47
BANCO SABADELL-GALLEGO	ES30 0081 2188 7400 0108 7919	1.644.689,95
Total		3.101.781,38 €

Contas restritivas

Entidade	Número de conta	Saldo €
ABANCA	ES58 2080 0048 2631 1000 0041	17.621,68
CAIXABANK	ES59 2100 2459 1102 0004 1152	3.092,54
BANCO DE SANTANDER	ES70 0049 3063 3226 1410 6047	5.527,81
Total		26.242,03

Contas de crédito e préstamo

Entidade	Préstamo	Saldo €
ABANCA	500-0048-3909/8	235.203,83
ABANCA	500-0048-3933/8	104.106,80
ABANCA	500-0048-4127/2	228.224,07
ABANCA	500-0048-4248/6	251.517,26
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9542402391	80.240,14
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9544734136	232.843,71
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9545266124	350.686,90

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9545840402	423.723,27
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	9546089360	314.612,45
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA	029990940-990266	64.146,55
BANCO PASTOR	0238 8125 57 0430000166	130.584,99
BANCO SABADELL GALLEGO	Conta: ES30 0081 2188 7000 0100 7702	-67.245,56
BANCO SABADELL GALLEGO	Conta: ES30 0081 2188 80 7488718007	134.577,66 €

Dispositivo telepeaxe (O.B.E.) nº 6713100000207517: Saldo: **55,15 €**

Caixa municipal: **1.051,58 €**

Caixa do museo: **1.014,26 €**

O Sr. interventor explica que no cambio de Corporación, cando toma posesión o novo alcalde e cesa o alcalde anterior, faise un arqueo das contas. Foi necesario facer tres matices a ese arqueo. O primeiro deles é que unha das cifras que figuraba como positiva, unha conta do Sabadell por importe de 67.000 euros, ten que figurar en negativo, porque é unha liña de crédito aberta por un préstamo solicitado o ano pasado, no cal se dispuxo deses 67.000 euros. Isto foi o que lle comentou a tesoureira municipal pola mañá, que é unha conta de crédito que debe aparecer con signo negativo de 67.000 euros, porque nesa conta xa se dispuxo desa cantidade para as obras ás que estaba vinculada. Trátase dun préstamo de 528.000 euros que se pedira o ano pasado vinculado a unha serie de obras que viñan no anexo do Orzamento.

E logo hai dúas contas, dous saldos nos que houbo un erro material. Conclúe dicindo que se lles facilitará por parte da tesoureira para que o provean e se someta a sinatura de novo, simplemente son sumas porque os bancos non puideron bloquear as contas o sábado, e puido haber un par de ingresos, son cousas pequenas, erros materiais, nada máis.

2.4. Modificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, respecto do nomeamento de representante na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”

Vista a proposta da Alcaldía do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2008, acordou adherirse como socio ao Grupo de Desenvolvemento Rural-GDR 29, que adoptou a forma de asociación sen ánimo de lucro segundo a Lei 1/2002 de asociacións de Galicia. A asociación foi inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións o día 23 de febreiro de 2009 co número 2009/012746-1 (AC).

Posteriormente o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 26 de abril de 2012, aprobou a proposta da Alcaldía para iniciar o proceso de declaración do territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como reserva mundial da biosfera, encomendando á Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” o proceso de elaboración da candidatura e a tramitación do expediente ante os organismos e institucións pertinentes.

Así pois, a día de hoxe esta Asociación é a entidade xestora para o noso territorio do Programa LEADER Galicia 2007-2013 e dende maio de 2013 “ente xestor” da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, declarada polo Consello Internacional de Coordinación, do Programa MaB da UNESCO, na súa XXV Reunión en maio de 2013.

Segundo consta no Título III dos seus estatutos, rubricado “Fins e actividades”, a asociación constitúese para acadar, entre outros, os seguintes fins:

- vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos
- ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional como internacional
- posibilitar o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico
- articular una dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico

- fomentar o emprego e o emprendemento no medio rural, especialmente en persoas xóvenes ou con especiais dificultades de acceso ao mundo laboral

Tendo en conta estes obxectivos foi polo que con data 29 de xuño de 2015, formulei proposta ao Pleno da Corporación de nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados e, en concreto, a adopción, entre outros, do seguinte acordo:

“ (...)

Oitavo: Nomear representante do concello no Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” a dona M^a Dolores Blanca García Fernández, e como suplente a dona Elisa Pestonit Barreiros.”

isto é, como titular á concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e como suplente á concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Co fin de dar cumprimento ao mandato da Corporación, o día 8 de xullo de 2015 rexistrouse de saída ao núm. 0/3761 escrito dirixido á sede da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas Betanzos ao que se achegaba certificación do acordo adoptado na citada sesión plenaria.

Coa mesma data 8 de xullo, rexistrouse de entrada ao núm. 0/6369 un fax dirixido a esta Alcaldía, asinado polo presidente da Asociación “Mariñas-Betanzos” no que se nos comunicaba textualmente:

“ (...) O Concello de Cambre participa na Asemblea Xeral da Asociación Mariñas-Betanzos, dentro da Mesa Sectorial das “Administracións Públicas” dende o 26 de maio de 2014, por un período de 4 anos, así como no Consello de Dirección da Reserva da Biosfera.

De cara á posta en marcha do novo equipo de goberno no seu concello, agradeceríamos nomeasen unha persoa como representante do goberno na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, que sería a persoa responsable para asistir ás reunións, tanto de Asemblea Xeral como ás que houbera relativas á Reserva Biosfera.”

Así mesmo, dende a Presidencia da Asociación remitiuse a esta Alcaldía, vía correo electrónico, a convocatoria da reunión do Consello de Dirección da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo que se celebrará o vindeiro xoves 23 de xullo de 2015, coa seguinte orde do día:

- “1. Aprobación acta sesión anterior.
2. Presentación dos membros do Consello de Dirección.
3. Presentación da Reserva de Biosfera: Obxectivos, Plan de Xestión e Órgano de Xestión (Estatutos de funcionamento dos órganos de xestión da Reserva de Biosfera). Proposta de estudar a creación dunha nova forma xurídica para o Órgano de Xestión.
4. Actividades realizadas no ano 2014 e orzamento executado.
5. Actividades previstas para o ao 2015. Orzamento Reserva de Biosfera 2015.
6. Comentarios e suxestións.”

Tendo en conta que os estatutos da asociación foron modificados no seu momento co fin de incluír un Título V Bis. *Órganos de xestión da reserva da biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”,* no que se establece que o órgano de xestión para levar a cabo as distintas funcións ligadas á xestión da Reserva da Biosfera se estrutura en órganos colexiados e órganos unipersonais, sendo os órganos colexiados:

- o Consello de Dirección (para o cal nomea un representante o Concello de Cambre)
- o Comité Executivo
- o Comité Científico
- o Comité de Participación
- e as Comisións Técnicas de Apoio á Xestión.

Á vista do carácter destes órganos de xestión, dirixidos fundamentalmente a tratar materias relativas á biodiversidade, custodia do territorio, auga, paisaxe, ordenación do territorio e infraestruturas, etc., é polo que considero que a representación deste concello nas reunións relativas á Reserva da Biosfera se engloban máis adecuadamente dentro das materias competencia do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

Por todo o anterior é polo que propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria do día 2 de xullo de 2015, relativo ao nomeamento de representante da Corporación no Grupo de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” e, polo tanto, nomear representante do concello na Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” a dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, e como suplente a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente.

Segundo: Notificar o presente acordo á presidencia da Asociación para os efectos oportunos.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico, e pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2015.

O Sr. alcalde explica que simplemente se trata de modificar o suplente dese nomeamento. Cambiar á concelleira suplente Elisa Pestonit polo concelleiro Juan González Leirós, debido a que este órgano trata temas socioeconómicos e normalmente tamén de medio ambiente, polo que considera que a quen lle correspondería máis sería aos concelleiros citados.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que como esta é unha decisión do Goberno, nomear un representante ou outro, o seu grupo vai manter o voto da comisión, que é a abstención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Proposta de aprobación do número, características e retribucións do persoal eventual

Vista a proposta da Alcaldía do día 29 de xuño de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe elaborado polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 29 de xuño de 2015, en relación coa miña providencia para a supresión do persoal eventual existente e a creación de tres novas prazas e postos, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte PROPOSTA:

Modificar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do Concello de Cambre en vigor segundo se indica a continuación:

a) Supresión dos dous postos e prazas de asesores de persoal eventual.

b) Creación das seguintes prazas de persoal eventual coas denominacións e retribucións brutas anuais que se indican:

Praza de persoal eventual	Importe bruto anual
Asesor/a Alcaldía	22.059,00 euros.
Secretaria/o de Benestar Social	22.059,00 euros.
Secretaria/o de Obras e Servizos	22.059,00 euros.

c) Creación dos seguintes postos de traballo na relación de postos de traballo:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp. Específico
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-2	18	8.153,36
Secretaria/o de Benestar Social	De confianza	C-2	18	8.153,36
Secretaria/o de Obras e Servizos	De confianza	C-2	18	8.153,36

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade Cidadá e Desenvolvemento Socioeconómico de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta que se trae a pleno ten como intención modificar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo no sentido de suprimir dous postos e prazas de asesores de persoal eventual que se tiñan creado pola anterior Corporación, polo anterior Goberno municipal, e crear tres novas prazas, unha praza de asesor de Alcaldía, cun importe bruto anual nas súas retribucións de 22.059,00 euros, un secretario de Benestar Social cun importe na súa retribución tamén de 22.059,00 euros, e unha secretaria ou secretario de Obras e Servizos co mesmo importe que os outros dous. En total estas tres prazas non implican un incremento na partida de persoal eventual, que é a mesma que está recollida nos orzamentos do 2014, prorrogados para o 2015, en concreto 66.177 euros.

Se aproban esta proposta cubriríanse de forma inmediata os postos de secretario de Benestar Social e o de Obras e Servizos. A xustificación do posto de secretario de Benestar Social vén dada porque na actualidade hai preto dunha vintena de programas e servizos que se prestan aos cidadáns dende a área social, dende programas de igualdade e violencia de xénero, pasando por programas para maiores e persoas con discapacidade, servizos como o servizo de axuda a domicilio ou as axudas de emerxencia social. Estas últimas teñen multiplicado ata por cinco a súa demanda nos últimos anos.

A intención coa creación deste posto de secretaria de Benestar Social, é alixeirar a carga administrativa e burocrática que están soportando os traballadores do departamento de Servizos Sociais, que teñen que dedicar, atendendo á crecente demanda, parte do seu tempo en trámites administrativos ou burocráticos, ás veces en detrimento da necesaria atención, acompañamento, supervisión e seguimento máis personalizado dos beneficiarios das prestacións sociais. Entenden que ao persoal funcionario actual hai que alixeiralo de certa carga burocrática, e para iso a colaboración do persoal eventual. A iso iría dirixida a creación da praza de secretario de Benestar Social, e tamén a que o persoal funcionario teña un labor máis na rúa, máis no campo, máis en atención directa e inmediata aos beneficiarios das prestacións.

En canto ao secretario de Obras e Servizos, tamén obedece ás limitacións de persoal que ten o departamento de Obras e Servizos, en canto a unha serie de labores que son necesarios e que non se están realizando, ou que se están realizando dunha forma deficiente, como é o control da execución das obras contratadas ou tamén dos servizos municipais que teñen sido contratados a empresas externas, por dicilo dalgunha forma.

Outro punto que non se está xestionando adecuadamente, e que si é necesario para desenvolver os proxectos en Obras e Servizos que se propoñen dende o actual Goberno, é a xestión das cesións de terreos por parte de particulares, que hai que xestionar previamente para o fin de que se poidan executar obras municipais en determinados contornos. Di que moitas veces o atraso na execución de obras de interese municipal vén como consecuencia de que non se puido xestionar a xestión dos terreos. Entenden que coa creación deste posto de secretario ou secretaria de Obras e Servizos poderán darlle unha mellor atención ás demandas dos veciños que se realizan reiteradamente. Conclúe dicindo que esas son as razóns.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o primeiro quere dicir que este punto o trouxo o Sr. alcalde ao pleno do día 2 de xullo, e retirouno do pleno aludindo a un defecto de forma, quedou sobre a mesa para reunir a todos os grupos e chegar a un consenso. Esa reunión cre que non se

produciu en ningún momento, e volve traelo, tal e como estaba, a este pleno. O único que se lles dixo nas comisións foi, máis ou menos, quizais con menos explicación, o que acaba de enumerar o Sr. Rey.

Unha vez máis esa política de transparencia que o Sr. alcalde anuncia, non se dá, polo menos non se dá co grupo municipal do PP, un grupo que representa a 2.600 veciños, e que lle quere lembrar que gañou as eleccións de Cambre. Non sabe se cos demais grupos tivo ese tipo de reunión para chegar a un acordo.

Di que, loxicamente, o seu grupo non pode estar de acordo en nomear un secretario nunha concellería de Benestar Social que o actual Goberno ten dividido en tres, e que consta de oito funcionarios. Oito funcionarios e técnicos, tres concelleiros e un secretario para atender a mesma concellería. O grupo do PP, dende logo, non está de acordo.

No que se refire ao secretario de Obras e Servizos, di que o PP estivo gobernando e había un concelleiro de Obras e Servizos, e as cesións de terreos para as obras que o Goberno agora debe ter encamiñadas, ou que se están facendo, facíaas o propio concelleiro. Por exemplo para o POS 2015, que está pendente de contratación, ou iso é o que lles consta, a cesión de terreos houbo que facela pateando o concelleiro veciño por veciño. Para o PAI, que é a obra de saneamento en Pravio, o concelleiro foi veciño por veciño conseguindo as cesións. Polo tanto, el non entende o do secretario de Obras e Servizos.

Tampouco pode entender, ou si pode entendelo, o asesor de Alcaldía. Un asesor de Alcaldía está precisamente para asesorar ao alcalde. O certo é que o equipo de goberno o ten axustado, e o trae ao pleno de novo sen consenso, e o grupo do PP segue manifestando o mesmo, o Sr. alcalde publicita a política de consenso, ou polo menos iso lles dixo. No pleno pasado retirou este asunto para ter un acordo con todos os voceiros dos grupos, e como xa dixo, ese acordo non se produciu, polo tanto, o voto do seu grupo ten que ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que a proposta que hoxe lles presentan respecto dos postos de confianza, coincidindo co manifestado polo Sr. Rivas, é exactamente a mesma que se propoñía no pleno de constitución, momento en que ACdC e outros grupos desta Corporación solicitaron que quedara enriba da mesa para o seu análise, o seu estudo, debate e consenso. A mesma petición foi feita nese pleno respecto dos salarios do grupo de goberno.

Explica que a petición de revisión e de negociación, tanto dos salarios como do persoal de confianza, dende ACdC-SON viña xustificada porque entendían que o alcalde que levaba izando esa bandeira, á que tamén facía referencia o voceiro do PP, da participación e transparencia dende que iniciou a campaña electoral, non tería ningún problema en polo menos escoitalos, pero parece ser que esas intencións son como as dietas, comezo mañá.

Di que moito se temen que a situación se volva repetir co tema dos salarios, e como non teñen unha bola de cristal para predicir que vai pasar nesta votación, deben ter en conta a experiencia, as intencións e agora verán os resultados. O que quere dicir con isto é que parece ser que para os asuntos realmente importantes e que, si ou si, teñen que saír para adiante porque o Goberno non está disposto a negociar, como é no tema do diñeiro e dos asesores, pode ser que disfruten dun aparente novo socio de goberno, ou nova socia, mellor dito.

Con isto o que quere dicir é que para conseguir que dous concelleiros de Cambre gañen máis diñeiro do que se poden permitir realmente as arcas deste concello, e atendendo ás situacións ás que facía alusión o Sr. Rey hai un momento, a situación real de moitos veciños, en lugar de convocar aos grupos da oposición para explicar por que motivo se autodesignan eses salarios, contan só cunha parte da oposición, porque lles chega, e pasan por riba da metade dos concelleiros e da metade da poboación de Cambre que está representada nos dez concelleiros que o único que pedían, igual que o que piden neste punto, era revisar, negociar, dialogar e falar destes temas de tanto calado.

Di que isto son conxeturas, evidentemente, e estas conxeturas veñen de ver, observar e analizar que a documentación que lles presentan e a proposta que lles presentan é exactamente a mesma que no pleno anterior.

Un dos asesores, como se acaba de explicar, requírese para ser secretario de Obras, e nas comisións informativas a explicación que lles deu o Sr. Rey é a mesma que lles acaba de dar agora. Respecto do tema da Área de Benestar Social a explicación é similar, non é a mesma. O Sr. Bao ou o Sr. Rey dicían que ese secretario sería coordinador desa área, e agora, en realidade o que se fai é un alegato un pouco, e pide que lle permitan a expresión, como unha chantaxe emocional non demasiado apropiada.

Di que o seu grupo nesta situación e neste punto, nesta proposta tal e como se presenta, teñen que posicionarse en contra, porque non existe xustificación suficiente da necesidade destes postos. Consideran que quen ten que controlar as obras e estar na rúa é o concelleiro, non o secretario. Quen ten que coordinar a área é o responsable de área, e se lle sobran concelleiras, ao mellor tería que recolocalas ou pensarse se esa área non está sobredimensionada. E se o Sr. alcalde necesita un asesor, o seu grupo non pode chegar a entender que non o necesite ao inicio, cando chega de novas, senón que o garde para ver se nun futuro incerto o necesita. Isto aínda lle provoca máis inqueda e máis incerteza que o tema do que tratan.

Continúa dicindo que con estes vimbios evidentemente non van comulgar. Entenden que non son formas de facer as cousas, non son formas de propoñer algo a unha oposición da que se pretende ter colaboración. Queda ben no programa, queda ben nas redes sociais, repetir que este é o Goberno da transparencia, pero só, como están vendo, para asuntos menores, para os grandes asuntos e para os asuntos de calado ven que non tanto.

Como dixo o Sr. alcalde no pleno de constitución respecto do tema dos salarios, este punto non vai quedar enriba da mesa, este punto vótase, e entón van ver que pasa hoxe. De verdade con este punto ten unha curiosidade realmente insana, sobre todo por esas conxeturas ás que facía referencia, e que manifesta claramente, porque non lle gusta nada sentirse idiota e é unha sensación que leva tendo dende o inicio, e que hoxe agarda que se lle despeixe.

Volve dicirlle o mesmo ao Sr. alcalde, que con ACdeC-SON vai poder contar para todo, pero para todo o que estea claramente informado, claramente exposto, debatido, negociado e acordado. Calquera cousa contraria a iso vai contar coa súa absoluta oposición e rexeitamento. Finaliza dicindo que van votar en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo van votar en contra.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo consideran que a pesar de que o equipo de goberno debe ter unha certa liberdade para constituír os seus grupos de traballo, cren que esta proposta se lles fai necesaria debido ao que considera un inadecuado reparto de concellerías. Pero volve repetir que consideran necesario facilitar a gobernabilidade. Ciudadanos é totalmente independente, e por ese motivo, e por coherencia, ao igual que fixeron no pleno anterior, vanse abster.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno agradece as intervencións dos compañeiros dos grupos que lle precederon na palabra e soamente quere aclarar, respecto das limitacións de persoal, que todos son conscientes en canto a que na actualidade é imposible ampliar o cadro de persoal, segundo imperativo legal, con novos funcionarios. Di que en concreto o actual cadro de persoal de Servizos Sociais está integrado, ademais de pola coordinadora, por oito traballadores e traballadoras máis, dos cales un traballador social causará baixa por finalización de contrato o día 8 de outubro. Algo similar ocorre co conserxe, que está contratado a través dunha subvención e que cesará nas súas funcións, sen posibilidade de prórroga, o 4 de decembro, de tal forma que o

cadro de persoal de Servizos Sociais a finais de ano, que actualmente é de 9, quedará reducido a 7 traballadores.

Unha das razóns que os leva a intentar potenciar con persoal esta área é que entenden o benestar social dunha forma diferente a como se entendeu polo anterior equipo de goberno. Xa no pleno anterior o seu compañeiro Jesús deu unha razón moi clara de como se viña xestionando isto e a súa intención de como ten que xestionarse esta área. En concreto lembra, soamente como un tema que xurdiu en pleno na anterior lexislatura, que o tempo de resposta a unha solicitude de prestación de axuda de emerxencia social estaba establecido en 48 días, algo absolutamente inadmisíbel, e que é a súa obriga, xa non a súa intención, a súa obrigación, reduciilo. Por iso o fortalecemento do cadro de persoal, dunha forma indirecta, dos dous servizos, dar unha mellor prestación aos veciños é o que lles leva a presentar a proposta de creación desas prazas de persoal eventual.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que con ter algo de razón o Sr. Rey, que el non lla quita, en que o cadro de persoal do concello é escaso para un concello de 25.000 habitantes, con ter razón niso, o voceiro socialista ten que darlle a el a razón noutra cousa, en que o anterior Goberno se compoñía de oito membros, eran oito concelleiros no Goberno, e en Servizos Sociais tiñan o mesmo persoal. No actual equipo de goberno son dez concelleiros e tres secretarios e, ademais, en Benestar Social, onde hai un departamento con oito funcionarios, van ser catro políticos. Oito funcionarios, catro políticos. Pregunta se esa é unha boa relación.

El cre que, cos seus defectos, porque todos teñen defectos, e gobernando máis, non se equivoca quen non goberna, pero ten que dicirlle que o departamento de Servizos Sociais funcionaba, por iso non poden estar de acordo en ampliálo cun secretario.

E como lle dicía a compañeira Olga, de Asemblea, respecto do secretario de Obras, pregunta se ese secretario vai estar na rúa, controlando as obras e pedíndolle aos veciños a cesión dun trozo de terreo. El cre que iso é cousa do concelleiro. É cousa do concelleiro convencer ao veciño da necesidade de ceder un terreo para ampliar unha estrada ou meter unha canalización, é o labor do concelleiro de Obras e Servizos. O seu Goberno traballou con ese mesmo persoal, e as obras facíanse, as obras fixéronse.

Conclúe dicindo que non poden estar de acordo co que propoñen, e non están de acordo porque incumpriron co dito no pleno do 2 de xullo, o de que ían ter unha reunión e tratar de chegar a consenso neste punto, non o fixeron.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que, visto o resultado dos votos, agora quere aclarar as conxeturas ás que fixo referencia. Antes de nada quería facer unha pequena puntualización ás palabras do Sr. Rey, que dan a sensación de que todo o traballo de Obras e Benestar Social vai depender de dúas persoas alleas á Corporación e aos funcionarios. Eles saben que non é así, pero deulle esa sensación pola énfase na defensa da proposta, pero evidentemente saben que non vai ser así.

Respecto do tema que adiantaba, si quere dicir unha cousa, a estratexia política é unha arma que utilizan todos e é unha arma lexítima para poder acadar os obxectivos que cada un deles ten, pero tamén se pode utilizar para acadar unha posición determinada, nun momento determinado. Esa conxetura á cal ela facía referencia é relativa ao grupo municipal de Ciudadanos. No mes e pico que levan de goberno estanse dando conta de que xoga un papel moitísimo máis importante do que pensaban. Grazas a eles aprobáronse uns salarios que nin tiveron oportunidade de debater e, a día de hoxe, si que quere manifestar que tras un sondeo absolutamente estratexa e torticero da concelleira de Ciudadanos, o seu voto é a abstención porque xa sabía que ía haber un empate de votos a favor e en contra, e o de calidade que é o do alcalde fará que se aprobe este punto. Di isto porque tiveron, e se non que lle corrixan os compañeiros que están presentes se se equivoca, unha reunión os grupos da oposición na que esa concelleira manifestaba unha cousa, e está facendo a contraria. Quere dicir que esa estratexia política queda en evidencia respecto a Ciudadanos. De todas formas, como se di na súa terra, así se

queda ben e non se gasta un peso, con esa abstención, pero tamén se di que con arte e engano vívese medio ano.

Tamén lle quería lembrar á concelleira de Ciudadanos o que di no programa-marco de Ciudadanos, porque evidentemente non tiña un programa para Cambre, ou ela polo menos non o viu, pero no programa marco de Ciudadanos dicíase que Ciudadanos propón a desaparición da figura dos asesores externos como persoal de confianza se existe persoal funcionario especializado capacitado para realizar as ditas funcións. Ela entende que ou non considera que existe persoal cualificado en Cambre, ou está incumprindo o seu propio programa, algo que terán que explicar a quen lles pida esas explicacións, non vai ser ela.

Simplemente quería manifestar esa situación, non quere invalidar, nin quere cuestionar o voto de ninguén, pero si é a súa obriga deixar claro e enriba da mesa como se producen e como se chega ás decisións no Concello de Cambre, e esta conxetura que ela particularmente tiña e o seu grupo barallaba, queda claramente plasmada.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta, dende o grupo do BNG, que eles son un partido independente e que o seu único interese é facilitar a gobernabilidade, e en fin, como diría o outro, á parte diso son falanxistas e joseantonianos, é dicir, el realmente está un pouco canso da lexislatura do mandato anterior, de vir escoitar aquí determinadas frases que se repiten dun modo ritual, baleiras total e absolutamente de contido, que non achegan absolutamente nada ao debate, e o que fan é intentar confundir ao resto de membros da Corporación, aos medios de comunicación presentes, e, por suposto, á cidadanía que acude a estas sesións plenarias.

El pode entender, tendo en conta a lóxica perversa que ten ás veces a política, o actual punto de debate na orde do día deste pleno. Entende que é froito dunhas negociacións de dous grupos que decidiron formar un Goberno e que fixeron o que comunmente se di un reparto do pastel, e aquí el cre que ninguén se pode escandalizar, e xustifícase con máis ou menos fondura e con máis ou menos éxito, e el aí si lle recoñece un traballo realmente meritorio ao Sr. Rey, no sentido de que é unha argumentación, en fin, bastante pasable, bastante potable para o que traen aquí a pleno. Entende loxicamente que o grupo maioritario no Goberno ten que apoialo, porque isto principalmente a quen beneficia son ás áreas de goberno, por dicilo dunha maneira profiláctica, do Partido Socialista, por iso tentarán pasar este trago da maneira máis discreta posible, ir para adiante, pasar ao seguinte punto da orde do día, e sen maior problema. Entra dentro da lóxica, e di que el procura aplicar a lóxica á política.

O que non acaba de entender é esa abstención tan divertida por parte da representante de Ciudadanos, desaxente que vén a renovar a política, que vén a dar leccións de ética al sunsurcorda e que vén dalgunha maneira a miralos por riba do ombro aos demais.

Non entende esa abstención, e sobre todo porque é falsa, é dicir, el entendería incluso que votara a prol, que argumentadamente votara a prol e apandara coas consecuencias, argumentadamente, como están aquí facendo todos. O BNG non o fixo por non alongar o debate, non sumarse aos argumentos xa esgrimidos polos compañeiros do PP e ACdC-SON, e votaron en contra. Pero esas cuestións fáciles, esa cousa naif, así como moderna, de guay, efectivamente como explicou Olga de quedar ben e non gastar un peso, iso non vai con eles, porque eles son unha organización que, insiste, vai total e absolutamente de fronte cos seus argumentos. Votan en contra desta proposta e animan a todo o mundo a que dea a cara, que non pasa absolutamente nada por amosar aquí o seu parecer.

A abstención da representante de Albert Rivera, do partido Ciudadanos, o que fai é facilitar a aprobación desas libracións, e a xente ten que sabelo, non se está abstenendo, porque el, en fin, se se abstén de calquera cuestión enténdese que se está abstenendo no sentido de que "nin fu nin fa", de que non determina, pero isto si que determina, é exactamente igual a votar a prol, e o que se está facendo é, ao seu modo de ver, un uso fraudalento do sentido do voto de cara a enganar á cidadanía. Que o fagan forzas sistémicas, decrépitas e total e

absolutamente corruptas, como por exemplo a que el representa, o Bloque, pase, pero que o faga Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía..., el cando vexa a Albert Rivera na tele vaille mandar un wassapp e vaille informar severamente do que está pasando en Cambre, porque considera que non é acaído ao que el pregona nos medios de comunicación que tanto e tan ben o publicitan.

Conclúe dicindo que máis nada. Insisten en que o seu voto vai ser en contra e animan a todo o mundo a votar en liberdade e a dar a cara diante dos veciños de Cambre.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que por alusións, na reunión que mencionou a Sra. Santos, ela o que dixo é que non querían dicir unha cousa e facer a contraria, esas foron as súas palabras, non as que a Sra. concelleira dixo. Se quere ver o seu programa, dille que con moito gusto llelo dará, de todas formas está incluso nas redes sociais, é moi fácil de localizar.

Ás explicacións dadas, di que dende o seu grupo non teñen utilizado ningún exceso verbal con eles. O señor do BNG chamoulles falanxistas, pois ben a verdade é que é un pouco insólito que ataquen á oposición desa maneira. Di que eles fan o que lles parece xusto, o deciden entre un grupo de persoas, e o que fan o fan con total responsabilidade. Queren absterse, e así o dixeron no pleno anterior, e consideran que non deben de cambiar iso, nin sequera pola presión que a oposición puidera exercer ou os pseudoinsultos que lles poidan dar. Teñen unha posición e querían mantela. Se eles queren xogar a facer oposición á oposición, e se ese vai ser o ataque constante, hai moita lexislatura por diante, e Ciudadanos ten moi claro que son independentes e que van facer o que consideren bo para Cambre, e o que queren é que haxa un Goberno e que comece a gobernar.

Conclúe dicindo que xa terán tempo de dicirlles que cousas se están facendo mal e que cousas se poden facer mellor, e quizais iso o consigan entre todos, pero dende logo non dende o insulto e a descualificación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que van pasar a votar a proposta, e lémbrale á voceira de ACdeC-SON que son dúas quendas de palabra, como quedaron e así lles dixo a todos os voceiros antes do primeiro pleno, van establecer as regras do xogo, que son as do ROM, e seguramente non tardarán moito en cambiar parte dos artigos dese regulamento.

Dona M^a Olga Santos López sinala que ela está no seu dereito de pedir permiso para intervir, e o Sr. alcalde de non darlo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC e os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE. Votan en contra os seis concelleiros do PP, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Abstense a concelleira do GM (C's).

Ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do disposto no artigo 118 in fine do Regulamento orgánico municipal, efectúase unha nova votación e, dado que se mantén o empate, decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A Corporación, por dez votos a prol e co voto de calidade do presidente, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Proposta de concesión de subvencións nominativas para o exercicio 2015 así como de modificación da Base cuadrexésimo quinta das de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Esta concellería considera necesaria sen máis demora a aprobación das subvencións nominativas para o presente exercicio, mantendo a practica totalidade dos beneficiarios e as contías establecidas para o exercicio 2014, tendo en conta que dado o avanzado do exercicio e a falta de aprobación dun novo orzamento, se entende que son as contías coas que as distintas entidades veñen traballando nos meses que van de ano.

A concesión das subvencións nominativas polo Pleno, fai necesaria a modificación da base 45ª.-Subvencións nominativas, das Bases de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2015, por un lado para incluír o cadro de subvencións nominativas que se conceden coas variacións en canto ás aplicacións orzamentarias habidas, en virtude da entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2015 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, e por outro para adaptar a Base á nova organización e delegacións de competencias, aprobada mediante resolucións de Alcaldía de data 23 de xuño de 2015.

De conformidade cos artigos 168.4-5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Conceder as seguintes subvencións nominativas para o exercicio 2015, de conformidade co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
231.48900 Convenio con "ARELA"	2.500,00
231.48901 Convenio con "ASPACE"	2.000,00
231.48902 Convenio con A.P.E.M.	3.000,00
326.420 UNED e fundación Universidade A Coruña	1.500,00
326.48902 Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FDEZ FLOREZ	30.120,00
326.48903 Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	20.020,00
326.48904 Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZALEZ LOPEZ	19.759,00
326.48905 Convenio ANPA CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER	19.759,00
326.48906 Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	20.342,00
334.48901 Escola de baile e música Sementeira	43.000,00
334.48902 Fundación Wenceslao Fernández Flórez	8.000,00
334.48903 Convenio A Xuventude de Cecebre	3.800,00
334.48904 Colaboración premios Blanco Amor	360,00
334.48905 Escola de música e baile As Mariñas	3.000,00
334.78001 Asociación A Xuventude de Cecebre	5.000,00
341.48901 Club Ciclista de Cambre	31.000,00
341.48903 Convenio delegación fútbol-sala Cambre	4.500,00
341.48904 Convenio Club Baloncesto Cambre	9.000,00
341.48905 Convenio asociación Clubs de fútbol	31.000,00
341.48906 Convenio béisbol Cambre	1.400,00
341.48909 Convenio Judo Club Cambre	1.800,00
431.47901 Convenio Asociación empresarios/as de Cambre	18.000,00
433.47903 Convenio Empresarios Polígono Espírito Santo	18.000,00

Segundo: Aprobar a modificación inicial da Cuadrexésima quinta das Bases de execución do orzamento prorrogado para o exercicio 2015, quedando redactada segundo se transcribe a continuación:

“ BASE CUADRAXÉSIMA QUINTA: SUBVENCIONS NOMINATIVAS

No exercicio 2015, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións outorgaranse as subvencións nominativas que seguidamente se detallan aos perceptores e polo importe máximo que se indica:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
231.48900 Convenio con "ARELA"	2.500,00
231.48901 Convenio con "ASPACE"	2.000,00
231.48902 Convenio con A.P.E.M.	3.000,00
326.420 UNED e fundación Universidade A Coruña	1.500,00
326.48902 Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FDEZ FLOREZ	30.120,00
326.48903 Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	20.020,00
326.48904 Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZALEZ LOPEZ	19.759,00
326.48905 Convenio ANPA CEIP GONZALO TORRENTE BALLESTER	19.759,00
326.48906 Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	20.342,00
334.48901 Escola de baile e música Sementeira	43.000,00
334.48902 Fundación Wenceslao Fernández Flórez	8.000,00
334.48903 Convenio A Xuventude de Cecebre	3.800,00
334.48904 Colaboración premios Blanco Amor	360,00
334.48905 Escola de música e baile As Mariñas	3.000,00
334.78001 Asociación A Xuventude de Cecebre	5.000,00
341.48901 Club Ciclista de Cambre	31.000,00
341.48903 Convenio delegación fútbol-sala Cambre	4.500,00
341.48904 Convenio Club Baloncesto Cambre	9.000,00
341.48905 Convenio asociación Clubs de fútbol	31.000,00
341.48906 Convenio béisbol Cambre	1.400,00
341.48909 Convenio Judo Club Cambre	1.800,00
431.47901 Convenio Asociación empresarios/as de Cambre	18.000,00
433.47903 Convenio Empresarios Polígono Espírito Santo	18.000,00

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas detalladas nesta base, e as que poidan reflectirse en expedientes de modificación aprobados polo Pleno, non requirirán novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución ao alcalde ou concelleiro en quen delegue.

O acordo de concesión da subvención nominativa ou o convenio suscrito para o efecto deberá concretar, entre outros aspectos, os seguintes elementos:

- Obxecto e finalidade concreta da subvención.
- Orzamento da actividade á que se destina, se procede.
- Importe da achega ou porcentaxe que represente sobre o total da actividade obxecto de fomento, se é o caso.
- Forma e prazo de xustificación documental, e consecuencias asociadas ao seu incumprimento total ou parcial.
- Forma de pagamento.
- Vixencia temporal.

No caso de que tales aspectos non estivesen determinados expresamente terase en conta o seguinte réxime:

- Entenderase que o obxecto e finalidade da subvención é a actividade ordinaria do ente público ou privado, sen ánimo de lucro, destinatario da subvención.
- Tomarase en consideración o orzamento por operacións correntes da entidade.
- Para determinar o coeficiente de financiamentoponse en relación o importe da subvención outorgada e o orzamento da actividade obxecto dela ou, no seu defecto, o orzamento por operacións correntes da entidade.
- Se non se determina a forma e prazo de xustificación documental resultará aplicable o seguinte réxime:

A subvención de cada exercicio xustificárase coa liquidación do orzamento ou conta xeral ou balance do exercicio inmediato anterior e co orzamento do propio exercicio.

Se a subvención outorgada tivese carácter finalista específico deberá acreditarse o cumprimento da actividade e xustificación documental do seu custo.

A documentación expresada non será precisa cando a achega sexa resultado da aplicación de cotas de carácter xeral na condición de asociado. Neste caso bastará coa expedición do documento no que se concreten tales cotas.

Corresponderalle ao alcalde ou concelleiro en quen delegue, logo do informe dos servizos competentes, valorar o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados. Se se acredita no expediente que a finalidade básica da subvención se cumpriu, poderá manterse sen redución o importe da inicialmente concedida pero, en calquera caso, o importe dos gastos xustificables deberá acadar, polo menos, o importe da subvención. De non cumprirse este requisito darase un prazo non inferior a dez días nin superior a un mes para achegar nova documentación, transcorrido o cal sen a ter recibido, a contía da axuda reducirase na proporción que corresponda.

Se non está especificada a forma de pagamento, o alcalde ou concelleiro en quen delegue poderá determinala.

Con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual e non xerarán ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores. Só en circunstancias excepcionais, e de conformidade co establecido no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, poderán adoptarse compromisos de gasto por subvencións nominativas de carácter plurianual. Se nos acordos plenarios adoptados ao respecto non se concreta a vixencia entenderase que esta é anual, referida ao exercicio en que se adoptou o acordo correspondente.

Con carácter excepcional e sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, poderanse conceder de forma directa subvencións non nominativas. Nestes casos o órgano xestor das subvencións, deberá aportar ao expediente unha memoria xustificativa do carácter singular da subvención, e das razóns de interese público, social, económico ou humanitario que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, e non chegaría coa soa invocación de tales razóns, senón que é preciso acreditarlas."

Terceiro: Expoñer ao público por un período de quince días hábiles previo anuncio inserto no *Boletín Oficial da Provincia*. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta que se trae a aprobación é a de concesión de subvencións nominativas a entidades municipais, ou con arraigo no municipio, da mesma forma que se veu facendo nos últimos exercicios, basicamente ano tras ano.

As cantidades que se traen a aprobación son iguais que as que estaban recollidas no documento orzamentario prorrogado para o 2015 e aprobado no ano 2014.

En canto ao que son as bases de execución para a xestión desas subvencións, prodúcese unha modificación na base cuadraséxima quinta, co fin de adecuar o órgano de xestión e de resolución das subvencións ao que é a realidade de competencias no actual Goberno, de tal forma que as competencias no anterior exercicio eran do alcalde e neste exercicio son do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como non podía ser doutra forma, o voto do seu grupo vai ser a prol, non sen antes facer as mesmas salvedades que fixeron nas comisións informativas. Xa lles deu a explicación nas comisións informativas o Sr. interventor de por que se facía desta forma, pero quere salientar que para a escola de baile e música Sementeira que aparece con 43.000 euros de subvención, tíñase aprobado a finais do ano pasado un incremento de 12.000 euros. O Sr. interventor e incluso o Sr. alcalde nas comisións informativas díxolles que o tiñan que solicitar de novo, porque iso dependía do convenio que se tiña asinado, polo tanto, o seu grupo pide que ese convenio sexa asinado canto antes, igual que todos os demais, para que reciban os 55.000 euros que se tiñan aprobado a finais do ano pasado.

O mesmo ocorre con outro convenio que o actual Goberno non trae aquí, cos empresarios do polígono de Espírito Santo. Agardan que cando asinen ese convenio, poder ter ese convenio na man para ver con quen se asina, se coa comunidade de propietarios ou coa asociación de empresarios do polígono.

Conclúe dicindo que, dende logo, eles van votar a prol, porque todas as asociacións necesitan esas subvencións nominativas e as necesitan canto antes. Polo tanto, o seu voto vai ser a prol, pero estarán atentos aos convenios que o Goberno teña que asinar, dos cales piden agora que se lles dea traslado.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que neste punto o seu grupo vaise abster. Aínda que entenden que é imprescindible que as asociacións teñan que percibir as cantidades que lles corresponden, tamén é necesario, e de aí o sentido do seu voto, facer unha revisión do conxunto dos convenios que o Concello de Cambre ten coas diferentes asociacións e entidades, e que ano tras ano se veñen renovando. Son conscientes de que as necesidades, as actividades de cada asociación, cada ano van cambiando, e seguramente unha reunión con elas, coas diferentes directivas, poderíalles amosar que existe, ao mellor, unha necesidade real de revisar e darlle unha volta a determinados convenios.

Di que esa é unha xestión á que eles tamén invitan ao novo Goberno para que leven a cabo. Evidentemente as puntualizacións que acaba de mencionar o Sr. Rivas de cara ao vindeiro exercicio deberán ser subsanadas, pero no relativo á actualización dos datos, tanto das directivas, como da forma de contactar, como das actividades que realizan, si que debería ser obxecto de análise e de actualización, por intentar non incorrer, ao mellor, en posibles inxustizas dunhas entidades sobre outras.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo neste apartado tamén vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que sobre esta proposta o seu grupo, aínda que non está de acordo coa forma de publicidade das subvencións propostas, considera que a súa non aprobación resultaría de todo irresponsable ao xogar coas previsións de ingresos que xa teñen realizado moitos clubs e asociacións. O modelo de asignación debería ser modificado para os vindeiros exercicios, para que resulte máis transparente e obxectivo, pero por todo o dito Ciudadanos manifesta o seu voto a prol da proposta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que están de acordo con darlles traslado dos convenios, e dille á voceira de ACdC-SON que dende logo que van facer unha revisión de todos os convenios, absolutamente de todos, e tamén os grupos da oposición estarán na mesa para a revisión deses convenios.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG

A Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Proposta de aprobación do expediente de transferencia de crédito núm. 7/2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a miña proposta de concesión de subvencións nominativas para o exercicio 2015 de hoxe, 16 de xullo, así coma a intención de iniciar a tramitación da convocatoria anual de subvencións para entidades sen ánimo de lucro do ano 2015.

Visto que no orzamento prorrogado ao 2015 tan so figura o crédito orzamentario correspondente a unha anualidade das devanditas subvencións, e que con cargo a el se están a imputar o recoñecemento da parte das subvencións do 2014 que, feita a súa concesión nese ano, quedan pendentes de xustificar e por aprobar o seu recoñecemento, polo que o crédito dispoñible nas aplicacións para as que se propón a súa modificación, non é dabondo para as anteditas actuacións.

Vista a posibilidade de atender o aumento dos créditos orzamentarios correspondentes, dada a existencia de crédito nas aplicacións orzamentarias que reducen o seu importe sen que se produza perturbación do respectivo servizo.

En virtude do disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tratándose a modificación proposta, dunha transferencia de crédito que afecta a distintas áreas de gasto, é polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 7/2015, por importe de 144.997,50 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
011/310	Xuros	136.674,51		50.000,00	86.674,51
326/48900	APAS e centros escolares	8.000,00	4.431,09		12.431,09
326/48902	Convenio ANPA CEIP Wenceslao Fdez Flórez	30.120,00	6.820,00		36.940,00
326/48903	Convenio ANPA CEIP Portofaro	20.020,00	6.820,00		26.840,00
326/48904	Convenio ANPA CEIP Emilio González López	19.759,00	5.079,98		24.838,98
326/48905	Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester	19.759,00	7.091,60		26.850,60
326/48906	Convenio ANPA CEIP O Graxal	20.342,00	6.820,00		27.162,00
334/48900	Entidades culturais non lucrativas	25.000,00	22.068,03		47.068,03
334/48901	Escola de baile e música Sementeira	43.000,00	15.000,00		58.000,00
334/48903	Convenio A Xuventude de Cecebre	3.800,00	3.800,00		7.600,00
334/48905	Escola de música e baile As Mariñas	3.000,00	3.000,00		6.000,00
334/780	Transferencias capital ent. Culturais	4.000,00	4.000,00		8.000,00
334/78001	Asociación A Xuventude de Cecebre	5.000,00	5.000,00		10.000,00
338/48900	Outras entidades non lucrativas	25.000,00	19.647,70		44.647,70
341/48900	Entidades deportivas non lucrativas	22.000,00	21.210,83		43.210,83
341/48901	Club Ciclista de Cambre	31.000,00	6.000,00		37.000,00
341/48906	Convenio béisbol Cambre	1.400,00	1.400,00		2.800,00
341/780	Transf. capital entidades deportivas	7.000,00	6.808,27		13.808,27
920/12100	Complemento destino administración xeral	144.864,49		10.969,60	133.894,89
920/12101	Complemento específico administración xeral	199.732,17		27.379,03	172.353,14
920/130	Retribucións laborais fixos	78.919,17		17.853,39	61.065,78
920/16000	Cotas seguridade social	216.813,14		17.458,88	199.354,26
931/12004	Salario base C2 servizos económicos	23.314,43		6.557,27	16.757,16
931/12100	Complemento destino persoal Serv. Económicos	75.970,81		9.103,31	66.867,50
931/12101	Complemento específico persoal Serv. Económicos	83.825,03		5.676,02	78.149,01
	Total	1.248.313,75	144.997,50	144.997,50	1.248.313,75

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que para dotar de crédito aos orzamentos municipais á hora de facer fronte ao punto anterior en canto ás subvencións nominativas, presentan un expediente de modificación de crédito, o núm. 7/2015, por importe de 144.997,50 euros. As cantidades destinadas ás subvencións son as que xa se comentaron no punto anterior, e a forma de financiamento é mediante unha redución de 50.000 euros da partida destinada a intereses, intereses que en principio non teñen que ser abonados, entende que pola baixada dos tipos, e tamén detraendo cantidades dunha serie de partidas de retribucións do persoal que, segundo ten entendido, ían destinadas á posible eventualidade do pago da paga

extra de decembro 2012 que non se abonou aos funcionarios en función da normativa e dos criterios establecidos polo Goberno do Estado. Como non son partidas que teñan que ser dispostas no actual exercicio, é polo que se fai esta detracción de crédito para facer fronte ao crédito necesario para aboar as subvencións nominativas que aprobaron no punto anterior.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo nas comisións abstívose porque non tiveran tempo de facer unha análise desta transferencia de crédito, pero agora van cambiar o seu voto e van votar a prol, porque as entidades culturais e asociacións teñen necesidade de cobrar as súas subvencións nominativas canto antes.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que no mesmo sentido que nas comisións informativas, o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que con carácter xeral as subvencións nominativas terán carácter anual, e non se dá ningún dereito adquirido polo perceptor para exercicios posteriores, necesitan ser revisadas en contías, obxecto e finalidade. Agardan que o Goberno municipal teña en conta esa intención nos vindeiros exercicios, pero de cara a atender a concesión de subvencións nominativas para o exercicio 2015, o seu grupo manifesta o seu voto favorable á proposta de aprobación deste expediente de transferencia de crédito, cumprindo, iso si, coas limitacións legais establecidas.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG

A Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.8. Resolución das alegacións presentadas á Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público, proposta de modificación de parte do articulado, e apertura de novo prazo de información pública

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público aprobada inicialmente pola Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2014.

Vistas as alegacións presentadas á mesma na fase de información pública.

Visto o informe elaborado sobre as ditas alegacións polo técnico de administración xeral de data 23 de xullo de 2014.

Visto o informe-proposta da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 14 de xullo de 2015 sobre a nova redacción de distintos artigos da dita ordenanza, que implica unha modificación sustancial dos mesmos e por isto unha nova información pública, formúlase ao Pleno como órgano competente, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**:

Primeiro:

I. Desestimar as seguintes alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre, polos seguintes motivos:

- No que respecta ás relativas ao artigo 9, por canto que a instalación de toldos na fronte das terrazas implica a creación dun espazo pechado o cal implica un uso privativo dun espazo público que limita ou exclúe a súa utilización polos viandantes, excedendo do que sería un uso común especial dun ben de dominio público, que é o que aquí se está a regular, para constituir unha utilización privativa dun ben de dominio público, suxeita polo tanto a concesión.
- As relativas ao artigo 18.2, por canto que o artigo 46 da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza prohibe a instalación de tales aparellos tanto no exterior dos establecementos suxeitos a esta ordenanza.
- No que respecta á relativa ao artigo 21.2, por ser consecuencia do anterior.

Estimar as seguintes alegacións presentadas pola Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre, polos seguintes motivos:

- No que respecta ás relativas ao artigo 8 da Ordenanza, enténdese que é posible autorizar a permanencia do mobiliario da terraza no espazo público, unha vez retirada esta, sempre que a dita ocupación non impida o uso polo resto dos usuarios do espazo público, ao considerándose que é posible que en determinados casos a súa retirada pode causar máis perxuízos aos residentes na zona polos ruidos ocasionados coa súa retirada, se ben débese condicionar a dita permanencia a que non entorpezca o tránsito de peóns, non se menoscabe a seguridade e a que non se apilen máis elementos que os autorizados na correspondente licenza e dentro do período autorizado por esta.
- No que respecta ás relativas aos artigos 16 e 18.1, polos mesmos motivos que a anterior.
- No que respecta á relativa ao artigo 21 apartado 1 por ser consecuencia do anterior.

II. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por don Luis M. Taibo Casás, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida de Cambre, polos seguintes motivos:

- No que respecta ao artigo 2, por canto que a ocupación dos terreos de titularidade privada e uso público está suxeita a licenza municipal, se ben esta licenza non habilita ao seu titular para realizar actos para os que sexa necesaria a autorización dos titulares dos citados bens, e polo tanto as ditas licenzas débense entender outorgadas a salvo do dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros.
- No que respecta ao artigo 7.1, por canto que a necesidade de informe técnico deberá determinarse en función dos elementos que se pretendan instalar na terraza e a súa potencial peligrosidade e ou capacidade de orixinar molestias aos veciños, entendendo innecesaria a referencia a referencia aos niveis sonoros orixinados pola terraza ao estar a dita cuestión xa regulada na Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza.
- No que respecta ao artigo 22, por canto que se entende que as labores de inspección poden ser exercidas dun xeito máis eficaz pola Policía Local debido á súa maior presenza nas rúas, especialmente no horario de tarde-noite e en fins de semana.
- No que respecta á posibilidade de creación dunha comisión municipal de mediación para a resolución de conflitos, por canto que este instrumento enténdese que debería ser obxeto de regulación independente e cun ámbito de actuación xeral, non únicamente para os conflitos derivados das regulacións contidas na presente ordenanza.
- No que respecta á disposición final, por innecesaria.

Estimar as seguintes alegacións presentadas por don Luis M. Taibo Casás, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida de Cambre, polos seguintes motivos:

- No que se refire ao artigo 7.2, xa que a superficie autorizada para a instalación deberá ser en todo caso a resultante da suma de todos os elementos computables.
- A alegación 6ª, xa que a exposición do documento de autorización facilita o control da instalación.

III. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por don Gustavo Sánchez Taboada polos seguintes motivos:

- No que respecta ao artigo 9, por canto que a solución proposta implica a creación dun espazo pechado o cal implica un uso privativo dun espazo público que limita ou exclúe a súa utilización polos viandantes, excedendo do que sería un

uso común especial dun ben de dominio público, que é o que aquí se está a regular, para constituir unha utilización privativa dun ben de dominio público, suxeita polo tanto a concesión.

Estimar as seguintes alegacións presentadas por don Gustavo Sánchez Taboada polos seguintes motivos:

- No que respecta ao artigo 16, polos motivos xa expresados nas anteriores alegacións relativas á posibilidade de apilar o mobiliario fora do horario permitido para a terraza e cos condicionantes indicados.

IV. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por dona Gumersinda Becerra Montes polos seguintes motivos:

- No que se refire á apertura dun espazo de participación antes da tramitación da presente Ordenanza, por canto que a dita tramitación xa foi iniciada, téndose outorgando o preceptivo trámite de información pública para a realización de alegacións e suxerencias polos interesados.
- En canto á posibilidade de establecer criterios distintos para zonas distintas, por canto que non se xustifica cales son esas diferencias que motivarían un tratamento diferente e que por conseguinte sería discriminatorio.

Estimar as seguintes alegacións presentadas por dona Gumersinda Becerra Montes polos seguintes motivos:

- No que respecta ao artigo 16 polos motivos xa expresados nas anteriores alegacións relativas á posibilidade de apilar o mobiliario fora do horario permitido para a terraza e cos condicionantes indicados.

V. Desestimar as alegacións presentadas por don Daniel Carballada Rodríguez, por canto que a presente ordenanza tal e como establece o seu artigo 1 xa regula a ocupación temporal de terreos destinados a un uso público, tanto sexan de titularidade pública como privada.

VI. Desestimar as seguintes alegacións presentadas pola empresa Panadería Martipán e outras, polos seguintes motivos:

- No que se refire ao artigo 4 b), por canto que a necesidade de aportar un plano esbozo a unha escala entre 1:200 e 1:300 enténdese necesaria para precisar a superficie ocupada e o cumprimento das larguras que deben permanecer libres para paso de peóns.
- No que se refire ao artigo 5 b), por canto que cando a instalación que se vaia a facer poda implicar riscos ou molestias para as persoas ou bens o informe técnico é o documento necesario para concretar as medidas propostas para evitar ou paliar as ditas circunstancias.
- No que se refire ao artigo 7.9, por canto que tal como establece o citado artigo a efectos tributarios se aplicará o establecido na ordenanza fiscal correspondente.
- No que se refire ao artigo 9, por canto que o presuposto é necesario para calcular a taxa para a licenza de obra, sendo por outra parte responsabilidade do interesado fronte á Administración garantir a súa seguridade estrutural, sen perxuízo da súa capacidade de repetir, se así procedera, contra o técnico instalador ou o fabricante.
- No que se refire ao artigo 11.2, por canto que os interesados poderán solicitar a ampliación da ocupación da terraza e ser autorizados sempre que queiran e sempre que a dita ampliación se axuste ás determinacións da Ordenanza, abonando a taxa que corresponda a tal ampliación para o período no que a soliciten.
- No que se refire ao artigo 12.3, por canto que ao ser a licenza para terrazas un acto esencialmente revocable pola Administración, a súa revocación por razóns de interese público non é indemnizable, se ben isto non implica que non se poida solicitar a devolución do importe satisfeito en concepto de taxa pola ocupación do dominio público cando a dita ocupación non se pudiera materializar debido a dita revocación.
- No que se refire ao artigo 18, por canto que o artigo 46 da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruidos e vibracións perturbadores e do exercicio das actividades de espallamento e/ou recreativas sometidas a licenza prohibe a instalación de tales aparellos tanto no exterior dos establecementos suxeitos a esta ordenanza.

Estimar as seguintes alegacións presentadas pola empresa Panadería Martipán e outras, polos seguintes motivos:

- No que se refire ao artigo 17, polos motivos xa expostos nas alegacións anteriores.

VII. Desestimar as seguintes alegacións presentadas por dona Patricia Torre Olmedo, polos seguintes motivos:

- No que se refire a un posible incumprimento da normativa de accesibilidade, por canto que a base 1.1 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia establece para as áreas non desenroladas por planeamento integral, é dicir para os espazos públicos xa existentes, un largo mínimo de 0,90 metros, sendo este inferior aos 1,50 exixidos por esta Ordenanza, e para as áreas que se desenrolen por planeamento integral, 1,50 metros, débendose precisar ademáis que a Orde de Vivenda 561/2010 refírese aos espazos públicos de nova creación e non é aplicable á instalación de terrazas nos espazos xa existentes.

Estimar as seguintes alegacións presentadas por dona Patricia Torre Olmedo, polos seguintes motivos:

- No que se refire á necesidade de visado colexial para a presentación da documentación técnica requirida polo artigo 8.6 da Ordenanza, por canto que o Real decreto 1000/2010 non o inclúe entre os supostos de visado colexial obrigatorio.

Segundo: En vista do exposto no número anterior, modificar os artigos que a continuación se relacionan, e que quedarán redactados como se indica, permanecendo o resto do articulado coa redacción aprobada pola Corporación municipal en Pleno, en sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2014.

Artigo 4.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte documentación:

b.-Plano-esbozo, acotado e suficientemente explicativo, da localización, superficie a ocupar e nº e características de todos os elementos a instalar (mesas, cadeiras, parasoles, paraventos, etc.) a unha escala entre 1:200 e 1:300. Non será necesario presentar o plano esbozo cando o que se solicite sexa a prórroga dunha licenza xa concedida en períodos anteriores, sempre que se manteñan as mesmas circunstancias.

Artigo 7.- Condicións xerais da instalación

2.-A superficie autorizada para a instalación da terraza será en todo caso o resultado da suma da superficie de todos os elementos computables. O perímetro exterior total quedará asímesmo delimitado no esbozo da licenza. Dentro do citado perímetro poderanse instalar cortaventos, sempre que non supoñan menoscabo das condicións estéticas, que poderán ser ríxidos tipo mampara ou semirríxidos tipo toldo vertical guiado entre pilares móbiles.

8.- En todo caso deberase garantir que na beirarrúa queda un corredor para paso libre de obstáculos de ancho suficiente para a circulación de peóns, especialmente para aquelas persoas con discapacidades físicas e/ou deficiencias visuais ou carriños de bebés, debéndose deixar en todo caso libre para paso de peóns, polo menos, unha largura de 1,50 metros. Ademais, no interior dos soportais deberá garantirse unha largura mínima para o paso peonil de 1,50 m.

10.- A licenza da terraza deberá ser exposta nun lugar visible, xunto co plano de detalle da súa ubicación, ou unha fotocopia dos mesmos.

Artigo 8.- Condicións para a instalación de calefactores

5.- Para acreditar o cumprimento destas condicións deberán aportarse polo interesado os seguintes documentos:

- Certificado e informe dun técnico facultativo, no que garante a seguridade da súa ubicación e as indicacións precisas para o seu uso e mantemento, así como memoria relativa ás características técnicas, físicas e estéticas da estufa, xuntando planos de planta e de sección da terraza e as distancias destes elementos a fachadas, mobiliario urbano, etc.
- Garantía de calidade e certificado de homologación da Unión Europea.
- Seguro de responsabilidade civil e incendio con cobertura dos posibles riscos derivados da súa utilización na terraza.
- Contrato de mantemento e revisión dos extintores.
- Contrato de mantemento da instalación con empresa especializada.
- Copia do certificado anual de revisión da instalación. A non presentación do mesmo poderá motivar a revogación da autorización concedida.
- No caso de estufas eléctricas, ademáis deberá presentarse boletín eléctrico do establecemento e instrucións técnicas complementarias ITC-BT-05, apartado A1 e A2, e ITC-BT-28, apartado 1 locais de reunión, traballo e usos sanitarios.

Artigo 12.-Vixencia.

3.- Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización, obras, implantación, supresión ou modificación de servizos ou celebración de actos públicos ou privados, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado, previa tramitación do oportuno expediente con audiencia ao interesado, e sen perxuízo do seu dereito á devolución do importe da taxa xa abonada de xeito proporcional ao tempo de suspensión ou á modificación realizada.

Artigo 16.-Horario.

2.- O horario de funcionamento da instalación será o seguinte, sen que en ningún caso poida exceder do horario que corresponda coa licenza de apertura da actividade ou comunicación previa no seu caso:

- do 15 de xuño ata o 30 de setembro: ata as 2:30 horas;
- do 1 de outubro ao 14 de xuño:
 - o de domingo a xoves: ata as 00:30 horas
 - o venres, sábados e vísperas de festivos: ata as 01:30 horas.

O horario indicado poderase reducir cando a instalación estea a orixinar molestias por ruidos aos veciños e así se teña constatado pola Policía Local ou pola sección de Obras e Servizos municipal, previa tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia ás partes.

3.- A terraza deberase desaloxar nos 30 minutos seguintes, sen que entre tanto se poidan servir novas consumicións.

5.- Non obstante, permitirase a permanencia do mobiliario autorizado para a terraza dentro do espazo público acotado para a instalación da terraza unha vez expirado o horario máximo de funcionamento cando a dita permanencia non entorpeza o tránsito de peóns e non se menoscabe a seguridade das persoas ou dos bens.

Artigo 17.- Obrigas

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados a:

4. A instalación e maila recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

Artigo 18.- Prohibicións

1. Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou apilar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

Artigo 21.- Clasificación

1. Son infraccións leves:

d) Almacenar ou apilar mobiliario da terraza durante o horario de funcionamento que se establece para ela nesta ordenanza, cando interrompa o tránsito de peóns ou menoscabe a seguridade das persoas ou dos bens.

Terceiro: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, a fin de que podan presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas.

Cuarto: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxerencias, entenderase definitivamente aprobada a presente Ordenanza, procedéndose á súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que primeiro é importante reflectir aquí de que trata esta ordenanza. A presente ordenanza regula a ocupación temporal de terreos de uso público por terrazas vinculadas a establecementos de hostalería no Concello de Cambre, polo tanto, a convivencia entre o usuario que pasea polas rúas e as desfruta, e o usuario das terrazas. Isto é importante, é unha relación de convivencia.

Quere dicir que a necesidade desta ordenanza non a detectou o grupo actual, detectouna o grupo Popular anteriormente, en conxunto cos hostaleiros, que a reclamaron, porque hai un descontrol do que é o uso das terrazas no espazo público. Eles foron os que iniciaron, por parte da concelleira Rocío Vila, os que iniciaron este procedemento de ordenanza.

A ordenanza aprobouse inicialmente o 27 de marzo de 2014, houbo unha serie de alegacións, tantas como sete. Introducíronse tres matices consecuencia das reunións que a concelleira do PP mantivo tanto cos empresarios de hostalería como coas asociacións de veciños, pero non se chegou a aprobar. Chegou o novo grupo de goberno, volveu manter reunións cos hostaleiros e coas asociacións de veciños, e ao final chegou a unha especie de consenso para aprobar a ordenanza. Levouse á comisión informativa, na comisión volveron xurdir outro tipo de problemas propostos por Ciudadanos, volveuse manter unha reunión despois da comisión informativa, e volveuse chegar a outro consenso con tres ou catro matices.

Explica que di isto porque se intentou que fora unha ordenanza de consenso, non porque o grupo de goberno queira levar os méritos, senón porque Cambre necesita esta ordenanza e, polo tanto, inténtase levar a cabo. De calquera forma, quere deixar clara unha cuestión, esta ordenanza tráese a aprobación inicial, porque ante as modificacións que se requiriron, aínda que por parte dos técnicos non quedaba claro se eran sustantivas ou non, o equipo de goberno decidiu que era mellor buscar un consenso relativo de todos, expoñelo de novo, e non aprobar cousas que despois puideran introducir dúbidas, co cal vai haber outra exposición ao público.

Por parte dalgún grupo político, de Ciudadanos en concreto, esta mañá presentouse unha especie de alegacións, que debían entender como emenda, pero que non poden votar aquí porque as emendas teñen que ser presentadas 15 horas antes do pleno, se non non poden ser votadas, co cal estas alegacións se transmitirán á exposición pública dos 30 días, e aí estudaranse.

Engade que a emenda fundaméntase na petición dos hostaleiros para que se lles amplíe o prazo de verán, en vez do 15 de xuño, do 1 de xuño ata o 30 de setembro, pero dille, neste caso á voceira do GM (C's), que deben contar cos veciños normais, coas asociacións de veciños, que tamén poden querer dicir algo sobre isto, co cal, nese período de exposición volverán a verse todos e volverán a aclarar esta cuestión.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta sobre as explicacións que lles acaba de dar agora mesmo o concelleiro de Urbanismo respecto da non posta de manifesto e non votación da emenda ou alegacións que se tiñan presentado, que precisamente eles entenden que non se poden considerar alegacións como tales, alegacións en vía de urxencia, porque senón estarían violando o procedemento das ordenanzas. Tampouco as poden considerar como unha emenda porque están presentadas, como moi ben dixo o concelleiro de Urbanismo, fóra do prazo requirido, que tiñan que ter sido as 15 horas do día de onte.

De todas formas, di que o que lles sorprende dende o grupo municipal Popular é o feito de que se teñan presentado estas alegacións, que xa tiñan sido ditaminadas na Comisión de Urbanismo hai unha semana, na que, como acaba de dicir agora mesmo o concelleiro de Urbanismo, e lle honra, tratouse a ordenanza que se presenta hoxe aquí e que foi elaborada pola Concellería de Urbanismo, polos funcionarios e encabezados pola concelleira do PP no seu momento. Sorpréndelles o feito de que se teñan presentado estas alegacións, e le textualmente "Alegacións por vía urxente á Ordenanza de terrazas", porque tal e como dixo nas comisións a representante de Ciudadanos ao seu grupo municipal tiñanlle manifestado unha serie de queixas ou obxeccións os hostaleiros respecto do texto presentado, e quedouse en ter unha reunión cos hostaleiros á cal se invitou expresamente ao concelleiro de Urbanismo actual, e aberta ao resto de grupos da oposición.

Di que eles querían ser invitados a esa reunión, e así o manifestaron, como o resto da oposición. A súa sorpresa foi cando esta mañá, a última hora, teñen recibido este escrito de alegacións presentado hoxe mesmo, que se basea na existencia dunha reunión á cal eles non foron convocados. E di que van dúas durante esta semana.

Parece mentira que o grupo maioritario da oposición, o grupo que gañou as eleccións municipais, o grupo que tivo o respaldo maioritario do pobo de Cambre, non sexa, por segunda vez esta semana, chamado a consensuar, tanto como se está dicindo aquí, fundamentalmente polo grupo de goberno. Pregunta onde hai consenso cando non se ten en conta ao grupo maioritario da oposición, ao grupo, volve dicir, que gañou as eleccións municipais.

Polo tanto, di que eles consideran que esta política de ninguneo, non só por parte do equipo de goberno, senón que tamén por parte da oposición, vai en contra, non só da transparencia, senón tamén do que debería ser o consenso que tanto se está predicando. Non entenden ben como o texto que se vai votar non é o texto xa definitivo, porque as alegacións xa se presentaron, xa estan presentadas as informacións, entón o lóxico tería sido traelo xa para a aprobación definitiva, non outra vez a aprobación inicial, con outra información pública, outra serie de alegacións, tería que vir xa o texto definitivo, pero ben, o seu grupo vai dar as explicacións, concretamente a ex-concelleira de Urbanismo, respecto do que é o articulado.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, expón que, como moi ben se dixo, a proposta de acordo que hoxe se pretende adoptar neste pleno respecto da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público, está baseada no texto aprobado inicialmente estando o grupo do PP no Goberno, en marzo de 2014, e recolle as distintas alegacións que tiñan sido presentadas na fase de información pública.

Di que pouco pode o seu grupo criticar as modificacións que achega o novo equipo de goberno no informe que se lles ten feito chegar recentemente ás alegacións presentadas, xa que aglutinan practicamente integramente as que xa estaban plasmadas no informe que coa anterior Corporación tiña realizado o técnico municipal, se ben é certo que neste documento se recollen cuestións que estiveran tratando con todos os grupos da anterior Corporación, as asociacións de hostaleiros e demais asociacións, como era o tema, por exemplo, dos horarios.

Conclúe dicindo que é por isto que o voto do PP, evidentemente, vai ser a prol da proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta, en primeiro lugar, respecto das alegacións que presenta Ciudadanos, que si quixera facer mención a un termo que utiliza a concelleira que demostra as conxeturas ás que veu facendo referencia, cando di que esas alegacións foron acordadas, é dicir, xa utiliza termos de goberno, na reunión celebrada a petición de Ciudadanos, entre presidente da asociación de hostaleiros, concelleiro de Urbanismo, representantes de ACdC e BNG. Aquí a ela fáltanlle os veciños. É bastante probable que a Ciudadanos non lles falten, pero para ACdC-SON, coincidindo ademais co que dicía o Sr. Leirós, aquí faltan os veciños.

Continúa dicindo que están ante unha ordenanza que necesariamente fai falta en Cambre, por moitos motivos, pero basicamente para poder ter un documento que poña en práctica e que evite as indefensións que se poidan producir entre hostaleiros e veciños. O que queren dicir é que actualmente atópanse con situacións de difícil arranxo por non poder aplicar unha regulación homoxénea e consensuada.

Certo é tamén que son conscientes de que están ante un documento bastante traballado, e que saben que non chegará a ter nunca unha unanimidade de criterios, porque as sensibilidades son moi diferentes se falan con hostaleiros ou se falan con veciños, por iso a necesidade de empezar a aplicar unha ordenanza, aínda que sempre entendéndoa como documento vivo e susceptible de modificacións segundo se atopen co resultado da súa aplicación.

Respecto do consenso tamén simplemente por curiosidade gustaríalle saber por que motivo á reunión celebrada o día de onte non asistiron representantes da veciñanza. Porque si é certo, tal e como apuntaba nas comisións informativas a concelleira de Ciudadanos, que non todos os hostaleiros están absolutamente conformes con esta ordenanza, pero tampouco é menos certo que non saben se os veciños están absolutamente conformes con

determinados puntos desta ordenanza. Polo que, aínda que entenden que determinados grupos estean moi preocupados polas inxedanzas dunha parte, non poden olvidar as inxedanzas da outra.

Di que aí está o quid da cuestión. É moi importante, nas épocas nas que están, facilitar o labor e a actividade das empresas hosteleiras en Cambre, pero tamén respectar o descanso dos veciños. Nese sentido, dende ACdC en realidade están moi satisfeitos con determinadas medidas que se adoptan nesta ordenanza, que comulgan con ambas sensibilidades, ou polo menos pretenden non prexudicar a uns en detrimento dos outros.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster, solicitando que a aprobación deste documento implique a súa inmediata aplicación, co período pertinente evidentemente para adaptarse a ela, pero con actitude observante, para que se poida aplicar nos casos que sexa realmente necesario. E respecto das posibles e futuras modificacións, que seguramente as haberá, xa as irán vendo conforme se vaia aplicando a ordenanza.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo ven que este texto non satisface totalmente a ningunha das partes, non dá concesións excesivas a ninguén e tampouco denega nada fora do normal, por iso cren que é un bo texto, e segundo avance o tempo e xurdan novas inxedanzas, tamén agardan que sexa adaptado ás novas situacións. Polo tanto, di que en relación co explicado con anterioridade, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o primeiro quere recoñecer que cometeron un erro na forma e no tempo de presentación da súa alegación. Dende Ciudadanos tiveron reunións cos hostaleiros, co presidente dos hostaleiros, e recolleron as súas necesidades, que foron as cousas que expresaron nas comisións, e polas cales o Sr. Leirós se brindou a facer unha reunión con Ciudadanos, cos hostaleiros e con quixera dicir que quería acudir. Nese momento os representantes de ACdC e BNG dixeron que querían estar presentes, o PP calou e non dixo nada. O Sr. Leirós o que fixo foi convocar a quen pediu asistir, simplemente eses son os feitos, non se poden cambiar, os feitos son eses.

Por que non veu o PP é algo que terá que saber o PP, pide que non lles culpen a eles do que non fan, terán que analizar o porqué nese momento non pediron estar presentes, porque se o tiveran feito, teríaselles chamado, igual que se chamou aos que o pediron.

Repíte que Ciudadanos quere que haxa consenso con todos. Saben que agora hai un período de exposición e os veciños poden facer as súas alegacións. Esa reunión quizais se fixo dunha maneira un pouco urxente, para recoller aquelas necesidades e aqueles anhelos dos hostaleiros. Dende o punto de vista de Ciudadanos, as terrazas deben ser consideradas non só como unha fonte de ingresos moi importante para a hostalería, senón tamén como uns elementos que definen en gran medida a imaxe do noso concello, e hai que chegar a consensos e hai que chegar a acordos. E di que esa é toda a cousa maquiavélica que os concelleiros pensaron que pasara. Dilles que non pasou nada diso, que poden estar tranquilos, porque non pasou absolutamente nada diso.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que lle sorprende primeiro a manifestación da Sra. García. Pídelle que lle perdoe, pero que aquí a petición de perdón é do Sr. concelleiro de Urbanismo, e hai unhas actas, e pide que conste aquí en pleno, e nas actas do pleno, que para todas as reunións se convoque ao PP, porque é a segunda esta semana. Esta non foi a primeira, esta foi a última, houbo outra reunión e tampouco se convocou ao PP. Pide que quede clara a súa protesta, e el cre que en acta está recollido cando a Sra. García propuxo reunirse cos hostaleiros.

El entende que se queira reunir, pero pregúntalle a voceira do GM (C's) se ela leu toda a documentación, porque aquí houbo reunións, están todas recollidas, as alegacións de todos os hostaleiros se recolleron no documento que con moito traballo fixo a concelleira de Urbanismo do Goberno que o PP presidía.

Está de acordo en que non convence a todos esta ordenanza, é imposible, porque hai que reunir ao paseante da beirarrúa, mirar que o negocio vaia ben, e ter en conta o horario do veciño do 1º, ou do 2º, ou do 3º. Se a televisión si, ou a televisión non. Se apagada ou acendida. Di que naturalmente que vai ter protestas a ordenanza, pero é unha ordenanza que recolle todas as suxestións. Pódense recoller máis, si, pero hai que aprobala.

A ordenanza foi aprobada inicialmente, exposta en exposición pública, recollidas as alegacións, resoltas as alegacións, e o que ten é que empezar a funcionar, con todos os fallos que poida ter, con todas as alegacións que se poidan recoller, pero ten que empezar a funcionar, é un traballo de catro anos.

Conclúe dicíndolle á Sra. García que, por favor, cando convoque unha reunión, aínda que sexa a través do concelleiro, que teña sempre en conta ao Partido Popular.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que como logo as actas terman do que lle poñen, eles dende o BNG van explicar sucintamente a súa postura respecto do que aquí se acaba de comentar.

Di que eles tiveron na lexislatura pasada unha actitude total e absolutamente dialogante e construtiva respecto deste tema, porque é un dos poucos éxitos que lle recoñecen ao anterior Goberno, que sendo este un tema moi complicado, porque é un sector profesional moi peculiar, como é o da hostalería, e cunha afectación directa aos veciños e a todo o entramado veciñal e asociativo que eles respectan e fan parte, chegouse a unha lóxica mínima que era a de chegar primeiro a un consenso entre os vinte e un que estaban aquí e logo ir falar todos cos afectados. Así se crearon unha serie de reunións con todos os grupos políticos, onde ían falar con hostaleiros e veciños, levando a cousa un pouco xa entre todos minimamente consensuada. O BNG colaborou niso e vai seguir loxicamente colaborando sempre e cando se atenda minimamente a razóns, como fai o actual equipo de goberno.

Cuestión que o BNG quere deixar clara diante de todos e cada un dos hostaleiros de Cambre. Aquí o que viviron nas pasadas comisións foi un pouco, e tamén entra dentro da lei política, a intención de meter un rabo, aquí chegouse coa cuestión de que determinada concelleira falara cos seus amigos os hostaleiros e traía unha serie de modificacións. E queren repetirlo de maneira total e absoluta, de maneira clarísima. Agora ábrese un período para presentación de alegacións, onde todas as alegacións que queiran presentar eses profesionais da hostalería, van poder facelo, non necesitan o favor político da concelleira de turno, e di que sinte referirse á Sra. García Hidalgo, pero é que realmente é algo total e absolutamente improcedente. Cando xa a cuestión está para traela ditaminada polas comisións, para chegar ao pleno, pregúntalle que pasa, que a pillaron co pé cambiado, porque aquí, mal que ben, e principalmente o equipo de goberno, tamén teñen contacto cos hostaleiros. Dille que a ela bastante lle sería de agradecer que houbera a reunión que tivo lugar onte, porque en certa maneira límpalle a cara, no sentido de que se ve efectivamente que hai unha recepción a esas posturas, a esas alegacións, e dalgunha maneira todo isto remata desa maneira.

Pero di que non, que aínda por riba teñen postre, por riba do mel, filloas. A Sra. concelleira vai ao rexistro e presenta unha serie de alegacións por vía urxente, total e absolutamente insostibles. Estas alegacións pode presentalas unha vez se abra o prazo de exposición ao público, así que pregúntalle que motiva que veñan aquí hoxe, que motiva esa necesidade de metelas por rexistro e traelas ao pleno. Cre que lucirse diante de determinados empresarios de hostalería.

Dille á voceira do GM (C's) que el quere dicirlle unha cousa. O BNG é unha forza modesta, ten 1.200 votos. Representan loxicamente a eses votantes, e por suposto que si, na medida do que eles queiran ao conxunto de veciños de Cambre, e teñen clarísimo que isto non pode ser nunca unha cuestión de parte, que unha ordenanza tan peculiar e con tantas aristas como esta ten que levar o camiño do maior consenso posible, e esta non é

maneira de levar as cousas, nin é maneira, ao seu modo de ver, de facer as cousas. Polo tanto, entenden realmente que as súas alegacións, puidendo estar incluso de acordo con elas, como de feito aproveita a dicirle que o están, o que buscan é o rédito político, o que buscan é o voto fácil, o que buscan é o chalaneo e non servir para crear un clima de entendemento que permita sacar todo isto adiante por consenso.

Conclúe dicindo que máis nada polo que a eles lles toca, que ela loxicamente, por suposto, e iso tamén quere deixalo claro, é total e absolutamente libre de facer o labor que queira, pero o BNG tamén o será á hora de transmitir á sociedade a verdade do que está pasando. Polo tanto, a mensaxe do seu grupo é clara, que teñan meridianamente presente todos os veciños de Cambre, sexan profesionais da hostalería, ou como dixo o Sr. concelleiro de Urbanismo, veciños normais, que van ter un período para presentar cantas alegacións queiran á presente ordenanza, e que no que toca a grupos como o BNG esas alegacións serán atendidas e respondidas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que a ela si lle gustaría que lle respondera o Sr. Leirós respecto da pregunta que lle fixo, se ten a ben informala por que motivo non estaban invitados, ou si é que estaban invitados e non asistiron, é dicir o porqué da ausencia a esa reunión de representantes das asociacións de veciños. Di que o pregunta por respecto tamén aos asistentes a esa reunión, o pregunta por respecto aos hostaleiros, porque se falou de temas importantes nesa reunión. Non asistiu ela, asistiu o seu compañeiro de grupo, pero falou de horarios, falou de toldos, falou dos temas que en realidade poidan ter un pouco máis de espiña, un pouco máis de polémica, nunha ordenanza que polo resto non debe telo.

Entende, e di isto por respecto non só aos veciños, senón tamén aos hostaleiros, que se nalgún momento, se lle fai algún tipo, non di de promesa, pero si algún viso de esperanza conforme se van incluír esas alegacións na ordenanza, entende que nesa reunión estaban todos, e non sabe se a palabra acordo reflicte o que ela está dicindo. Os hostaleiros seguramente se sintan defraudados porque ningunha desas dúas alegacións teñen ningún tipo de sentido, nin están presentadas nin en tempo nin en forma, e coincide co manifestado polo BNG sobrea intención dese grupo. Por todo isto si que lle gustaría que se respondera á súa pregunta.

Tamén lle gustaría dicirle ao Sr. Leirós que o que máis lle chía disto e ao que lle ve menos xustificación é a que el entre neste xogo. Dille que non ten necesidade, de verdade. Esta ordenanza vai saír para adiante, fai falta, é necesaria, e xa a nivel de rédito político tamén, non debería entrar nese xogo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que primeiro quería contestar ao compañeiro do grupo popular. Dille que isto se expón ao público porque se entende que as alegacións son sustantivas. Cre que o Sr. concelleiro é avogado e sabe isto. Se hai unhas alegacións sustantivas é obrigatorio formular outro período de alegacións, polo tanto non hai dúbida.

Tamén lle quería comentar ao Sr. Rivas que, evidentemente, dous non se encontran se un non quere, é dicir, sobre esta ordenanza cre que el xa fixo o alago preciso e conveniente da anterior concelleira, pero tamén o grupo municipal de UxC, que non se alagou, tamén tivo o seu traballo nese sentido. Quere dicir que todos participaron neste tema.

Respecto do que lle comenta a concelleira de ACdC-SON quere dicirle que é todo moito máis sinxelo, a vida non é tan complicada ás veces. Primeiro, el non xoga, el vén aquí a facer política, e a política que cre conveniente para todos os veciños, é dicir, non xoga, non anda a xogar, non lle gusta xogar, gústalle actuar, gústalle potenciar, pero non lle gusta xogar.

Reitera que non hai ningún xogo, así de claro e sinxelo. Nas comisións informativas Ciudadanos expuxo unha serie de cuestións, entendeuse que esas cuestións non eran as que se falaran nin pola anterior concelleira de Urbanismo, nin por el mesmo cos hostaleiros, e invitouse a un mal chamado careo entre os hostaleiros e a concelleira de Ciudadanos, para ver quen era o que dicía realmente a verdade. Non hai ningún xogo.

Sabendo que había unhas comisións informativas e sabendo que probablemente esa reunión non ía ter consecuencias neste pleno, pero aínda así crían conveniente que se practicara ese ti a ti. De súpeto, e pide desculpas ao PP se non foi invitado, pero de súpeto alguén expresou libremente que quería entrar, sobre todo ACdC e tamén o BNG. El non percibiu que o PP o solicitara, pero mirarán as actas e o comprobarán, e se é así, non lle caen prendas en pedirilles perdón, pero non hai ningún xogo.

Continúa dicindo que, entón, convocouse a reunión. Como se convocou e a reunión realmente era mantida entre os hostaleiros e a concelleira de Ciudadanos, e el sinxelamente ía formar parte calada desa conversa, foi polo que lle preguntou a ela se lle importaba que estiveran presentes aqueles concelleiros, e dixo aqueles, que dixeron que querían estar. A Sra. concelleira contestoulle que por suposto que non, e así se conformou a cuestión, só que se entendeu, tanto por parte dela como pola súa propia parte, os dous deron por entendido que eses dous grupos foran os que o solicitaran, mal ou ben entendido. A vida é así, ás veces se equivocan, pero non houbo ningún tipo de discriminación, como non a hai e non lles caen prendas en dicir que foi a anterior concelleira de Urbanismo a que iniciou este procedemento, e que un 70% do procedemento o levou ela. Non lles caen prendas, porque isto é bo para Cambre, non é bo para o Goberno municipal, nin é bo para ningún partido.

Polo tanto, aí están, e el o que lles pide é que todos sexan sinérxicos, que entre todos se avance, non estar dándose a bola aquí todos, ir ao paso seguinte, que é a exposición pública, e despois volver a reunirse e volver a verse.

Conclúe dicindo que outra cuestión que se formulou foi a de por que non se invitou aos veciños. Cre que quedou contestada, non se invitou aos veciños porque era unha relación de ti a ti entre Ciudadanos e os hostaleiros, con outros participantes, nada máis.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.9. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2015-2016

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“O Concello de Cambre vén concedendo dende hai case 23 anos, bolsas de estudo como acción de fomento destinadas a familias con escasos recursos económicos e con fillos en centros escolares, cursando segundo ciclo de Educación Infantil e Bacharelato, Formación Profesional e Educación Secundaria de Adultos, en exercicio das competencias e de conformidade co disposto no Regulamento de servizos das corporacións locais.

Dende o Concello de Cambre preténdese conceder axuda económica por medio da convocatoria de bolsas de estudo ás familias do alumnado do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos. O alumnado de educación primaria teñen axuda da administración educativa para libros de texto pero non para material escolar e uniformidade ou vestiario destinado á escolarización. Por iso, inclúese nesta convocatoria a axuda para material escolar e uniformidade ou vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria, tendo en conta que na convocatoria anterior quedaron 4.115,45 euros sen conceder xa que o número de solicitudes recibidas foi menor que as bolsas convocadas.

Por todo iso, visto o informe favorable emitido dende o departamento de Educación, propónse ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2015 – 2016, que se achegan, así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar o gasto de *doce mil euros* (12.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2015 326 481 “Bolsas de estudo”.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que as bases da convocatoria que se presentan a consideración do Pleno relativas ás bolsas de estudo para o curso 2015/2016, comparativamente falando respecto do exercicio anterior, manteñen a mesma cantidade que se destina ao programa, son 12.000 euros, os que corresponden ao orzamento prorrogado do 2014. Mantén tamén o límite máximo de renda per cápita, que se cifra en 9.000 euros e que é igual que o que establece a Xunta de Galicia nas súas convocatorias da mesma natureza e fin que as que aquí tratan.

Indo propiamente ás bases di que manteñen o mesmo importe, son 100 euros para bolsas do alumnado de educación infantil e primaria, e 140 euros para os alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos.

Rebáixanse de 30 a 20 o número de bolsas destinadas ao alumnado de bacharelato, e increméntanse de 78 a 92 as do alumnado de educación infantil e primaria. Isto obedece á evolución da demanda respecto da convocatoria anterior.

Amplíase o prazo para presentar solicitudes, neste caso pásase de 10 días naturais que establecía a convocatoria do exercicio anterior, a 30 días, comprendidos entre o 1 e o 30 de setembro. Buscaron adiantar a presentación da proposta a pleno, o ano pasado foi setembro e esta vez a traen en xullo, isto para intentar que a convocatoria coincidira en tempo cronoloxicamente co inicio do curso escolar.

Así mesmo, recóllese explicitamente como requisito para ser beneficiario destas axudas, que os alumnos estean matriculados nun centro escolar público. Tamén se inclúe por primeira vez a axuda para material escolar de uniformidade e vestiario destinado á escolarización para o alumnado de educación primaria.

Conclúe dicindo que entenden que estas incorporacións melloran significativa e sustantivamente a proposta e é polo que someten estas bases a consideración do Pleno.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que a el a exposición parécelle ben, e basicamente as bases da convocatoria parécenlle acertadas, entre outras razóns porque veñen derivadas un pouco das do mandato anterior, pero hai un tema que ao mellor se lle despistou ou escapou ao Sr. concelleiro e quixera lembrarllo por se hai posibilidade de emendalo. Falan as bases de que os rapaces deben de estar matriculados nun centro escolar público. Pregunta se entenden por centro escolar público os centros cuxa titularidade ten o Estado e os de iniciativa social, que tamén son centros públicos, ou sostidos con fondos públicos, e que tamén merecen esa condición.

Explica que di isto porque, de non ser así, habería unha discriminación moi importante. Desafortunadamente todos coñecen algún caso, hai pais que tiveron que desprazarse ao mellor da Coruña a Cambre, a vivir cos avós, porque as súas condicións económicas se viñeron abaixo, pero a escolaridade do neno a manteñen no mesmo

centro, e se é un centro sostido con fondos públicos, que a fin de contas é un colexio público, nese caso veríanse discriminados e non terían ese apoio, precisamente cando máis o necesitan.

Conclúe dicindo que lle dá a sensación de que ao mellor foi un despiste, un lapsus que tiveron, e el pediríalle se é posible incorporar iso e en vez de poñer centro escolar público, poñer centro escolar sostido con fondos públicos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo presentou fóra de prazo, e entende que por ese motivo non se ten en conta, unha emenda. Presentouse hoxe pola mañá, e teríase que ter presentado, segundo se fai mención no regulamento, antes das 15 horas do día de onte. Aínda así, si lle gustaría, non como emenda, pero si como suxestión, explicar cal é o motivo da solicitude de modificación que propoñían. É unha emenda que obedece ás demandas e ás situacións de inaccesibilidade que lles expoñen varios dos usuarios destas bolsas.

Antes de nada di que si é certo, e iso queren recoñecerllo ao Sr. Bao, que esta proposta, na medida do posible e tendo en conta os prazos nos que se atopan de exercicio, si mellora substancialmente en varios puntos a proposta do ano anterior, sobre todo no tema precisamente dos prazos que son o propósito da emenda de ACdC.

Aínda así, e como resultado da exposición destas modificacións aos veciños, detectaron varios casos que se lles trasladan por parte de varias persoas, que lles indican que non se puido chegar a acceder ás bolsas por non ter a xustificación documental dentro do prazo que na anterior convocatoria estaba fixado, que era un prazo realmente curto. Por iso, e ante a proposta de alongamento dese prazo do 1 ao 30 de setembro, o seu grupo detectou que, aínda sendo mellor por ser máis amplo, a pesar diso non soluciona as causas que levaban a que con anterioridade determinadas persoas non puideran solicitar estas bolsas. Concretamente está falando de algo que é moi habitual, que é que un libro, ou unha roupa, ou un determinado material non estea dispoñible no establecemento dentro dese prazo, e se teña que encargarse onde se teña que encargarse, se esgote e se teña que facer un novo pedido. Iso orixina que a compra e a factura non se poidan obter antes do 30 de setembro.

O que ACdC presentaba na súa emenda, na suxestión que agora lle fan ao Sr. concelleiro, era ampliar ese prazo ata o 31 de outubro, no ánimo de que non quede ninguén excluído das axudas por causas non achacables a eles mesmos, senón porque un establecemento non pode darlle ese material ou non está dispoñible ata máis tarde. É dicir, o que se pretende é que se adapte a norma á realidade, e non a realidade á norma.

Conclúe dicindo que tamén é certo que existen máis variables. Eles presentaban esta como emenda, pero si é certo que existen máis posibilidades, como por exemplo que aínda que o prazo de solicitudes sexa do 1 ao 30, como propón o Sr. concelleiro, se faga un engadido para dar a posibilidade de que a documentación, aínda que o prazo de solicitudes se peche o día 30, se poida presentar ata o 31 de outubro. Simplemente por intentar que non quede excluído alguén que sinxelamente por unha cuestión de non poder acceder a unha factura por atraso na entrega de material, teña dereito a esa bolsa.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo están en sintonía tanto coas bases presentadas polo Goberno, como coa emenda de modificación proposta polo grupo municipal de ACdC-SON, que agardan sexa tida en conta. Non están tan a prol das verbas do Sr. Mora, e queren facer unha pequena aclaración. Cando o Sr. Mora fala de centro escolar público o que realmente está falando é de centros concertados, e eles queren que en lugar diso fale de centro escolar de titularidade pública, que é unha cousa un pouco diferente.

En relación coas bases propostas polo concello e coa proposta de modificación de ACdC, se é tida en conta, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo consideran de grande utilidade e necesidade estas bolsas, como complemento ao desembolso que as familias teñen que realizar ao comezo do curso. Non obstante, en vindeiras convocatorias cre que deberían cubrir outros ciclos de educación que non se contemplan nas bases, dunha forma específica ou como unha liña complementaria a outras axudas.

En todo caso, Ciudadanos manifesta o seu voto a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que vai intentar responder brevemente a cada un dos argumentarios que lle formularon cada un dos concelleiros. Di que empeza polo Sr. Mora, e dille que non foi ningún lapsus, cre que o dixo antes claramente, é o que o equipo de goberno mantén explicitamente e queren que así se recolla. Lembra que son axudas que non son substitutivas, que son complementarias doutras axudas que pola mesma natureza ou similares conceden outras administracións, neste caso a Xunta de Galicia. Eles, como xesto, e máis neste contexto e neste momento no que dalgunha maneira se están dilapidando en gran medida todos os progresos que se foron acadando en materia de educación, queren facer un xesto, por así dicilo, de compromiso, de respaldo á ensinanza pública. E di que van deixarse de eufemismos, é dicir, público é público, non é concertado e non é privado, e a ese sector, a eses pais que matriculan aos seus fillos en centros públicos, é aos que vai destinada esta convocatoria. Insiste en que é complementaria doutras que poidan conceder outras administracións.

Respecto do que lle formula ACdC-SON, explica que estivo falando esta mañá co Sr. Bruquetas, e cre que lle fixo ver que dende o punto de vista operativo o que poden gañar ampliando o prazo poden perdelo dende o punto de vista resolutivo. Levalo ao 31 de outubro implica que os expedientes se empezan a ver a partir do 1 de novembro, co cal administrativamente falando, e está aquí o Sr. interventor, que lles pode ilustrar nesta materia se o ten a ben, con total seguridade esas axudas non se cobrarían no exercicio 2015.

A idea de adiantar a presentación das bases busca precisamente tamén iso, que a partir do 1 de outubro, con tempo, os funcionarios estuden cada caso e requiran tanta documentación se demande. Neste punto lémbbralles que a documentación non ten que ser necesariamente presentada absolutamente na súa totalidade, é dicir, unha persoa pode presentar a solicitude e xa se encargarán dende o Departamento de Educación de lembrarlle ao participante que non completou satisfactoriamente a solicitude e que, polo tanto, que debe achegar, se o ten a ben e pode, en tempo e forma, a documentación que se lle requira.

Continúa dicindo que falan dun escenario, o que ACdC expón, no que hai xente que parece que non chega por que é un prazo moi curto. Dille que ese escenario cambiou, e el non ten por que pensar que nun prazo que neste caso se multiplica por tres, e pasa de 10 a 30 días, se vaia manter o mesmo escenario de dificultade, de déficit á hora de acceder e solicitar este tipo de axudas.

Dille á Sra. concelleira de ACdC que, se lle parece, ven a dinámica deste exercicio no que, insiste, triplican o prazo e pasan de 10 días naturais a 30, e se ven que sigue sendo insuficiente, entón el cre que o mellor sería reformular o tema dende o momento mesmo de cando deben de traer a pleno as bases, e se realmente 1 mes segue sendo insuficiente, ir a 2 meses. Non cre que por aí non vaian a entenderse. O que si lle rogaría é que entendese que este tamén é un xesto para cos veciños no sentido que ela formula. El agora mesmo non ten argumentos, non ten elementos para concluír que os solicitantes van ter os mesmos problemas de prazos que tiñan antes, porque os prazos son outros.

Conclúe dicindo que van seguir mantendo integramente a súa proposta.

Concedida a palabra a don Manuel M^a Mora Pita da Veiga manifesta que hai cousas que sorprenden cando se escoitan desta forma e sobre todo con esta contundencia. Din que van facer un xesto para cos alumnos que

están en colexios de titularidade pública, ou colexios públicos, el pregunta se é que os outros nenos non se merecen ningún xesto. El non entende esa discriminación, é máis, preguntárlle á secretaria se é posible saber a legalidade ou non de discriminar desá forma a uns nenos e outros. Cre que non sería xusto, cre que é unha discriminación mala, cre que non beneficia a todos os cambreses, beneficia a unha parte dos cambreses, e por iso cre que deberían de reconsideralo. En todo caso, de manter esa posición, loxicamente o seu voto vai ser en contra.

Cando falou, dixo o voceiro do BNG que o titular do centro tiña que ser un titular público e tal, el dille que os nenos non teñen titularidade pública, os nenos son fillos duns pais que teñen todo o dereito do mundo a percibir unha axuda cando a necesitan, quere dicir, cando a súa renda sexa inferior a 9000 euros, etc, etc, todas as condicións que veñen nas bases e que o PP comparte. O que non lles parece serio é que haxa esa discriminación, que en ningún momento beneficia a todos os cambreses, senón a un sector nada máis. Polo tanto, o seu voto vai ser en contra de non emendarse este punto.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que non está moi de acordo co que di o Sr. Bao no aspecto de que esa dinámica da que fala non a van a detectar. Non a van a detectar basicamente porque quen non teña acceso a esa documentación directamente, xa non a vai presentar, sobre todo tendo en conta ás veces o engoroso que é reunir tanta documentación. Iso tamén hai que telo en conta, para acceder a esas axudas a documentación é bastante engorrosa proporcionalmente á tramitación, iso en relación coa axuda que se obtén, e iso é así. Non van reunir e presentar todo iso se ven que non chegan en prazo, ou que non teñen o material antes do 30, é dicir, o concello non vai detectar cantas bolsas quedan sen solicitar.

E di que ofrecían unha segunda alternativa. É dicir, ela non o comparte, pero poden chegar a entender o tema de que se dilataría a xestión, pero si é certo que a segunda alternativa mantén a proposta que o Sr. Bao lles trae. É unha cuestión de vontade, simplemente, é pechar o prazo de solicitudes o día 30 de setembro. Ese mesmo día todas aquelas persoas que sexan susceptibles de resultar beneficiarias van ter que reunir a documentación, é dicir, vai ter que existir un esforzo por parte desas persoas, calquera non vai presentar toda esa cantidade de documentación se sabe que non vai ter dereito á bolsa, ou se o sospeita, porque tamén é certo que se poden denegar ou conceder, trataríase de pechar ese prazo o día 30, e deixar unha marxe, a eles ocorréuselles o 31 de outubro, pero existe a posibilidade de que sexa o 20, para que ese material dea chegado e se teña e se poida presentar.

Ela pódelle asegurar que isto o din e o expoñen porque non é un caso, son varios os casos que lles trasladan, que nin sequera presentaron a documentación, sobre todo de educación secundaria de adultos, que tardan ao mellor máis en ter os programas. Son áreas que non teñen un programa tan estipulado e tan pechado, porque as nais empezan a comprar o material moito antes, pero si que ao mellor en formación profesional e educación secundaria, concretamente son as que lles trasladan, non chegue ese prazo.

Conclúe dicindo que esa segunda alternativa déixanlla aberta, porque entenden que non contradí a do Sr. Bao, e simplemente co ánimo de chegar a máis xente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que dende o seu grupo queren felicitar explicitamente ao Sr. Bao, como concelleiro de Educación, e ao conxunto do Goberno por esta normativa. Ao seu modo de ver veñen aquí mensualmente entre outras cousas, e como un dos primeiros obxectivos que se deben marcar todos, a contribuír á xustiza social, a eliminar as desigualdades entre primordialmente os 24000 veciños de Cambre, e entenden que esta ordenanza, que este texto legal vai nese camiño, xustamente porque entenden a xustiza social e a igualdade de oportunidades de maneira diametralmente oposta a como a entende o Partido Popular.

Insiste en que a xente ten que sabelo de maneira moi clara, porque moitas veces os debates non se transmiten como é debido, e é parte da súa preocupación como políticos, dende logo para o BNG, facelo. Actualmente unha persoa, unha familia que libremente elixía mandar ao seu fillo ou á súa filla a un colexio de pago que normalmente, aínda que o Sr. Mora na súa intervención non o mencionou moi habilmente, adoitan ser institucións de carácter relixioso e, polo tanto, cun compoñente ideolóxico detrás moi forte, moi marcado e moi tendencioso, á parte de beneficiarse dos concertos educativos que ten o Estado español e as respectivas autonomías con esas institucións, que son un caso practicamente único en todo o mundo occidental, podía pretender tamén ter unha axuda de carácter social para poder mandar aos seus fillos a un centro de carácter eminentemente elitista e clasista. Iso, ao seu modo de ver, é unha total e absoluta aberración.

Di que quen queira rosarios, quen queira mesturar a educación coa relixión e todo ese tipo de cuestións, que o pague, pero non o Concello de Cambre. Conclúe dicindo que é tan sinxelo como iso.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que el vai pechar e vai facelo evitando polemizar. Di que non quere que terxiversen as súas palabras cando falaba de compromiso, de xesto. Non é un xesto para cos nenos, é un xesto para co modelo educativo, pide que non se mesturen conceptos, e vai dar un dato que pode ser suficientemente esclarecedor de cal é o perfil, cales son os destinatarios pola propia natureza da convocatoria deste tipo de axudas.

Explica que no exercicio anterior presentáronse, segundo datos facilitados polos técnicos municipais, un total de 96 solicitudes, é o que os veciños de forma natural, sen coaccións, solicitaron. Desas 96, 94 corresponden a centros de ensinanza públicos e 2 a privados ou concertados. E insiste en que estas son unhas bases que complementan ás que se poden conceder e se ofrecen dende outras administracións.

E respecto do que comentaba a concelleira de ACdC-SON, el non sabe se ao final non están dicindo o mesmo, é dicir, el non pode estrapolarse ese escenario que ela describe, onde os veciños teñen dificultades, porque cre que iso xa non se vai dar. Non sabe se poderán seguir tendo dificultades, xa o verán, pero non están falando de 10 días, están falando de 30 días, polo tanto iso, de momento, non saben como vai resultar. Tamén lle di que aquel cidadán, aquel veciño que entenda que pode ser potencialmente beneficiario das axudas, non ten necesariamente que reunir antes do 30 de setembro toda a documentación, pode o 30 de setembro presentar unha solicitude e xa se lle requirirá por parte do persoal administrativo, dos funcionarios, canta documentación se entenda que omitiu. Esa persoa poderá entregala en outubro, seguramente.

En principio di que manteñen integramente o contido da proposta, pero tamén é verdade que con vocación de receptividade. Se ven que estas medidas que entenden que melloran substancialmente a proposta do exercicio anterior seguen sendo insuficientes, cambiarán, porque buscan o mesmo que propón ACdC-SON, achegar as bases aos cidadáns. Se ven que non é así, teñen posteriores convocatorias para melloralas significativamente, estas non son unhas bases constrinxidas, non están encorsetadas, verán como evoluciona a demanda e en función diso as revisarán.

Conclúe dicindo que tamén terán que revisalas, en tanto que a Xunta de Galicia parece que modificou as bases de convocatoria deste ano respecto do anterior, polo tanto teñen que mirar de esguello o que están facendo outras administracións para actualizar na medida do posible ese complemento que queren recoller con esta convocatoria.

Dona M^a Olga Santos López solicita intervir.

O Sr. alcalde explica que todos tiveron unha segunda quenda de réplica, tal e como establece o Regulamento orgánico municipal, non hai unha alusión, e polo tanto van votar a proposta.

A voceira de ACdC-SON sinala que hai un dato falso.

O Sr. alcalde reitera que van votar a proposta.

Don Manuel M^a Mora Pita de Veiga pregunta, por unha cuestión de orde, se a Sra. secretaria vai informar sobre este tema ou non.

A secretaria contesta que non.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Votan en contra os seis concelleiros do PP. Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso escolar 2015 – 2016, que se achegan, así como os seus anexos, tal e como se transcriben a continuación:

BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2015/2016

PRIMEIRA: Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria pública que efectúa o Concello de Cambre para a concesión de bolsas de estudo, para gastos de material escolar, libros de texto e uniformes escolares ou vestiario destinado á escolarización dos nenos e nenas ou necesaria para a formación para o curso 2015/2016, como acción de fomento destinada a familias con escasos recursos económicos e con fillos cursando o 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos (tal e como se especifica na base segunda desta convocatoria).

SEGUNDA: Gastos subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados da compra de:

- Libros de texto, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil (de ser o caso), bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.
- Material escolar, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, bacharelato, formación profesional e educación secundaria de adultos.
- Uniformes escolares (de ser o caso) ou vestiario destinado á escolarización, para o alumnado do 2º ciclo de educación infantil e educación primaria.

Non se considerará material escolar para os efectos das presentes bases os gastos de investimentos e de adquisición de aparatos de novas tecnoloxías tales como ordenadores, impresoras, tablets,...

SEGUNDA: Crédito:

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 12.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2015 326 481 "Bolsas de estudo" do actual orzamento municipal.

TERCEIRA: Beneficiarios:

1.- Poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado no Concello de Cambre con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda.
- 2) Estar matriculado nun centro escolar público no curso escolar obxecto da convocatoria.

- 3) Convivir co solicitante da bolsa.
- 4) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 9.000,00 euros.

Quedan excluídos da presente convocatoria os alumnos que cursen educación secundaria obrigatoria e educación especial, durante o presente curso.

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Cambre ou doutras persoas públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade.

2.- As axudas poderán ser solicitadas polos representantes legais do alumnado, pais, nais ou titores.

CUARTA: Renda per cápita anual familiar:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2014, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros 430 (base imponible xeral) e o 445 (base imponible do aforro) da declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2014, por non estar obrigado a elo, se terán en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a **unidade familiar**:

- O pai e nai non separados legalmente e, se é o caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos que figuren empadroados e residan no domicilio familiar, solteiros menores de 26 anos ou os de maior idade cando teñan algunha minusvalía ou se encontren en situación de desemprego.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditarse documentalmentemente mediante o correspondente xustificante de empadramento.
- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el/ela, deberá acreditarse a dita circunstancia mediante achega do certificado de defunción.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da bolsa. Non obstante, se fose o caso, terá consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.
- No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.
- Para a condición de familia monoparental enténdese a formada pola nai solteira ou pai solteiro, con fillos menores a cargo, que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación/divorcio (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia). É dicir, entenderase cando formen parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao sustento do menor.

Para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2014, deberá documentarse o exercicio 2015 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- En caso de separación ou divorcio, certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa (liquidadas no exercicio 2015) que apareza na vida laboral ou certificado do empleador. En caso de desemprego, certificado de vida laboral, achegando certificado da Oficina de Emprego, no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda,

certificado de haberes dos meses nos que se traballara e, en caso de desemprego, en percibir prestación, achegarse, so certificado de vida laboral.

- En caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa (liquidadas no exercicio 2015) que apareza na vida laboral ou certificado do empregador.

QUINTA: Solicitudes:

As solicitudes dirixíranse ao Alcalde, podendo presentarse en calquera dos rexistros xerais do Concello de Cambre, ou por calquera das formas sinaladas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

O prazo de presentación das solicitudes será do 1 ao 30 de setembro de 2015 do que se informará a través do taboleiro de anuncios do Concello, e a través de publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

SEXTA: Documentación:

As solicitudes de subvención deberán formularse no **modelo normalizado**, que figura como Anexo I, e que se facilitará en calquera dos rexistros xerais do Concello e na páxina web municipal (www.cambre.org) e deberá ir acompañado dos seguintes documentos:

- Fotocopia (compulsada) do DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios.
- Fotocopia (compulsada) do libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia (compulsada) do certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios do curso escolar 2015-2016.
- Fotocopia (compulsada) ou orixinal de facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto exclusivo de material escolar, libros de texto, uniformes escolares e vestiario, co nome do beneficiario ou solicitante da bolsa de estudo.

Non se admitiran como xustificantes do gasto realizado tiquets. Deberá presentarse a lo menos factura simplificada, na que deberán figurar os seguintes datos:

- número da factura, e no seu caso serie
- Data de expedición
- Data de realización da operación, se non é a mesma que a de expedición
- NIF e nome e apelidos, ou denominación social do emisor
- Datos do solicitante ou beneficiario da axuda
- Identificación dos bens entregados, é dicir concepto do adquirido detallado.
- Tipo impositivo, ou expresión "IVE incluído"
- Importe total.

Deberase acreditar o pago da factura.

- Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables maiores de idade, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda (IRPF) e ao cumprimento polos mesmos das súas obrigas tributarias, (esta autorización facilítase xunto co modelo normalizado).
- Documentación acreditativa da renda dos membros da unidade familiar nos supostos de modificación da situación familiar existente no 2014 segundo o disposto na base 4 da convocatoria.
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social de cada un dos membros da unidade familiar, segundo o anexo III (esta declaración facilítase xunto co modelo normalizado).
- Impreso de rexistro de Empadramento Colectivo (deberá solicitarse no rexistro de entrada municipal).
- Declaración do solicitante de non percibir axuda ningunha para a mesma finalidade nin o solicitante nin o beneficiario, segundo anexo IV.

Se é o caso:

- Fotocopia (compulsada) do título de familia numerosa.
- Fotocopia (compulsada) da sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia (compulsada) do xustificante de viuvez.
- Fotocopia (compulsada) do certificado de minusvalía.

Nota.- Os solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, xa que as fotocopias fanse e compúlsanse no rexistro de entrada municipal no momento de presentar a documentación.

Poderase requirir polo concello a presentación dunha declaración xurada relativa a aqueles aspectos que se estime oportuno, para xustificar ingresos non declarables ou calquera outra circunstancia a ter en conta.

SÉTIMA: Revisión de solicitudes e subsanacións:

Rematado o prazo de solicitude, procederase á comprobación do cumprimento de requisitos e revisión da documentación.

Notificarase ao interesado a documentación a subsanar, se é o caso, e prazo para as subsanacións coa indicación de que, si esta non se producira, terase por desistida a solicitude, arquivándose previa resolución que deberá ser dictada nos termos do artigo 42.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

OITAVA: Valoración e resolución das solicitudes:

Realizada a valoración, segundo o baremo seguinte, o Concelleiro delegado da Área de Benestar Social e Educación resolvera o outorgamento das bolsas, correspondéndolle ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria.

- a) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual inferior ou igual a 2.500,00 euros, **25 puntos**.
- b) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita entre 2.500,01 euros e 4.500,00 euros, ambos incluídos, **15 puntos**.
- c) Por pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual entre 4.500,01 euros e 9.000,00 euros, ambos incluídos, **10 puntos**.
- d) Por cada membro da unidade familiar que presente algunha minusvalía, **3 puntos**, por cada un deles.
- e) Por ter o título de familia numerosa, **2 puntos**.
- f) Por pertencer a unha unidade familiar monoparental, **1 punto**.

NOVENA: Número de bolsas e contía económica:

Concederanse 92 bolsas de estudo de 100,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos do 2º ciclo de educación infantil e educación primaria, e 20 bolsas de 140,00 euros cada unha, destinadas aos alumnos de bacharelato, formación profesional e educación secundaria para adultos. Outorgaranse aos beneficiarios que obteñan maior puntuación segundo o baremo exposto.

No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior. Se fose o caso de bolsas sobrantes dunha das categorías, pasarían á outra categoría automaticamente.

Se a cantidade xustificada mediante facturas é inferior ao importe da bolsa, a bolsa concederase e aboarase polo importe xustificativo. Só se terán en conta, para os efectos de xustificación do gasto realizado, os importes totais ou parciais nas facturas presentadas e emitidas por conceptos que constitúan obxecto de subvención na presente convocatoria, é dicir, material escolar, libros de texto, e uniformes escolares.

Unha vez outorgadas as bolsas de estudo, procederase ao pagamento das mesmas en pago único.

DÉCIMA: Obrigas dos beneficiarios:

Os beneficiarios estarán obrigados a:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponden á intervención municipal.
- b) Comunicar ao Concello a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.
- c) Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos concedidos durante o prazo de catro anos.
- d) Proceder ao reintegro do percibido en exceso, en caso de incumprimento.

UNDÉCIMA: Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os membros da unidade familiar beneficiaria das axudas están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións.

DUODECIMA: Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida:

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Para o non previsto nestas bases, aplicaranse as normas xerais contidas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Cambre prorrogado para o exercicio 2015, o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da antedita lei, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Anexo I

SOLICITUDE BOLSAS DE ESTUDO CURSO ESCOLAR 2015/ 2016.

SOLICITANTE (pai, nai, titor legal ou alumno/a maior de idade):

Nome e apelidos: _____, D.N.I.: _____

Domicilio: _____

Municipio _____, Provincia _____ Cód.Postal. _____

Teléf.: _____

Nome e apelidos: _____

(nai ou pai, segundo proceda, que non sexa o solicitante), D.N.I.: _____

Solicita a Bolsa de Estudo para o curso escolar 2015/ 2016 do Concello de Cambre para o/os seu/seus fillo/s:

ALUMNO/A:

1) Nome e apelidos: _____ Curso: _____

2) Nome e apelidos: _____ Curso: _____

3) Nome e apelidos: _____ Curso: _____

N.º. C.C. (do solicitante): IBAN _____ / _____ / _____ / _____

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Impreso de Empadramento Colectivo
- Autorización de comprobación de datos tributarios e de cumprimento de obrigas tributarias
- Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social
- Declaración do solicitante de non percibir axuda algunha para a mesma finalidade

Fotocopia compulsada dos seguintes documentos :

- DNI/NIE ou pasaporte do solicitante e dos alumnos beneficiarios
- Libro de familia ou certificado literal de nacemento de todos os membros da unidade familiar
- Facturas xustificativas dos gastos realizados
- Título de familia numerosa
- Sentenza de separación ou divorcio, ou fotocopia do xustificante de viuvez
- Certificado de minusvalía
- Certificado da matrícula escolar dos alumnos beneficiarios curso escolar 2015/2016
- Outros.....

Cambre, ____ de _____ de 2015.

Asinado: _____

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre (A Coruña)

Anexo II

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) E AO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n ao Concello de Cambre a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da concesión das bolsas de estudo correspondentes ao curso escolar 2015/2016.

A presente autorización outórgase exclusivamente para o procedemento sinalado, e en aplicación do establecido pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: Datos que posúa a Axencia Tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2014 e do cumprimento das súas obrigas tributarias.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN:

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos):

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, ____ de _____ de 2015.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2015/ 2016 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Cambre, ____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____

Esta declaración deberá asinarse por todos os membros da unidade familiar maiores de idade. Unha declaración por cada un dos membros cos seus datos persoais.

Anexo IV

DECLARACIÓN XURADA DO SOLICITANTE

Don/ dona _____,

con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de Bolsas de Estudo curso escolar 2015/ 2016 do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que por ningún dos membros da unidade familiar se percibiu axuda ningunha para a mesma finalidade.

Cambre, ____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____

Segundo: Aprobar o gasto de *doce mil euros* (12.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2015 326 481 "Bolsas de estudo".

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

2.10. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas do Concello de Cambre para o ano 2015

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre do día 16 de xullo de 2015 que consta do seguinte teor literal:

"O concello é a administración máis próxima ao cidadán e afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización do deporte orientando a súa estratexia cara á consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade no recursos técnicos-humanos e coherencia nas programacións

Dende hai anos asínase polo Concello de Cambre diferentes convenios de colaboración con distintas entidades de ámbito deportivo para o fomento e desenvolvemento no municipio do deporte de base.

O Departamento de Deportes ademais ven colaborando na promoción de deportistas de nivel de Cambre a través da concesión de bolsas para estes deportistas nos últimos anos.

Este ano, novamente, preténdese por esta concellería continuar con esta liña de actuación como principal medida de fomento ao deporte de nivel en Cambre, para o cal preténdese a aprobación dunha nova convocatoria onde se establezan os criterios e procedementos para conceder bolsas para deportistas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Por todo iso, é polo que se propón ao Pleno adoptar os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2015, que se achegan como Anexo I.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de dez mil euros (10.000 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2015 341 48907 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2015, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente.

Cuarto: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Cultura, Deportes e Xuventude de data 22 de xullo de 2015.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, explica que o que hoxe se trae a aprobación son as bolsas para deportistas do 2015. Cabe dicir que as bolsas son practicamente as mesmas que as do ano 2014, con tres puntualizacións. Primeiro, engádense as puntuacións nos criterios de valoración, que foi unha demanda nestes catro anos dos grupos da oposición, que pedían que se fixera este engadido.

En segundo lugar, báixase a idade en certos deportes, coa respectiva explicación técnica, de 13 a 10 anos, tamén dando solución a unha demanda por parte de pais que chegaban ao departamento de Deportes

preguntando por que non se podía baixar un pouco a idade. No seu informe xa o técnico o explica perfectamente e pon como exemplo algúns deportes. Eses deportes aos que se refire pónense a modo de exemplo, é dicir, cabe e pode entrar nesa baixada de 13 a 10 anos algún outro deporte que cumpra ese mesmo criterio técnico, non quere dicir que só eses tres ou catro deportes vaian ser os que baixen a 10 anos.

Por outra banda, modifícase a redacción da letra b) alínea 2, que queda redactada da seguinte forma: “estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos no ano da solicitude”. Antes era “no momento da solicitude” e incluso houbo xente que quedou fóra por sete días.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo ten algunhas dúbidas, aínda que o informe dos técnicos é favorable, cousa que lle sorprende, porque cando eles estaban gobernando o mesmo técnico fixo un informe desfavorable polo tema da idade. Ben é verdade ao mellor que para un deporte de elite un rapaz de 10 anos non está preparado, pero se o técnico é o que se compromete e o equipo de goberno está disposto a levalo adiante, o seu grupo non ten ningún inconveniente en votar a prol da proposta.

Cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos auséntase da sesión dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que tendo en conta os documentos achegados ao seu grupo, de forma rápida e con dilixencia, todo hai que dicilo, a súa posición vai ser abstención. Esta decisión vén motivada precisamente pola crenza de que todo pode ser mellorable. Pensan que estas bolsas teñen que ser un medio para que o deportista mellore grazas á implementación económica, ás axudas que lle dean, non teñen que ser unha disculpa para que o concello teña un réditto propagandístico nas competicións que fan eses deportistas. Polo tanto, ven un pouco innecesaria, ao mellor, a cláusula que fala de xustificar con fotos e documentación a propaganda que se faga do concello.

Tamén consideran pouco o tempo que se dá para xustificar os gastos e os éxitos ou fracasos, a evolución que tivera do deportista. Consideran que é pouco tempo, porque lles consta que certos deportistas non deron chegado a tempo con este tipo de xustificacións.

En xeral as bases son bastante xustas, malia que os deportes minoritarios, como sempre en case todos os ámbitos, están claramente discriminados, e consideran que esta é unha boa forma de comezar a traballar nunha regulación máis xusta e completa.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que pola súa parte están de acordo coas bases presentadas polo Goberno, polo tanto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que dende o seu grupo son conscientes e comparten o interese do concello por achegar as bolsas de axuda a un maior espectro de deportistas, ampliando a idade do solicitante e relaxando as esixencias do empadramento. Pero dito isto, queren manifestar as súas discrepancias respecto de como levalo a cabo.

Sobre a primeira discrepancia, rebaixar a idade a 10 anos soamente en ximnasia rítmica, patinaxe e natación, di que lles consta que non é intención do concello aplicar criterios restritivos que puideran causar agravios entre deportistas doutras disciplinas posuidores de iguais ou maiores méritos. Si lles tería gustado que esa intencionalidade quedase plasmada nas bases a aprobar.

E no que concirne ao tempo requirido de empadramento, o seu grupo pensa que non se trata soamente do tempo transcorrido como residente no municipio, senón da súa efectividade, e para tal fin quererían que se tiveran articulado procedementos para o seu control.

Por outra lado, tamén quixeran chamar a atención en que na forma en que están redactadas estas bases, non se podería denegar unha solicitude a un deportista profesional, e cando din profesional refírense a xogadores da liga de fútbol profesional, asociación de clubs de baloncesto e similares. Pensan que ese non é o espírito da convocatoria e, polo tanto, debería terse tido en conta esta particularidade.

Por todo o anterior, conclúe dicindo que o seu grupo decidiu absterse.

Concedida a palabra a dona Elisa Pestonit Barreiros agradece a todos os grupos por estar de acordo con estas bases, e quere dicir que, evidentemente, está de acordo en que todo é mellorable, todo se pode mellorar, e quizais para o ano, con máis tempo, tamén máis tempo para eles mesmos que levan un mes aquí, se todos teñen a ben facelo, pódense xuntar, poden falar e pódese ou cambiar as bases ou facer calquera engadido que se considere necesario.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG. Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por dezasete votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2015, que se achegan como Anexo I, tal e como se transcriben a continuación:

BASES CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2015

A- Obxecto:

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Cambre, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños do municipio.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade.

A dotación total da presente convocatoria é de 10.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2015/341/48907, cun límite máximo por bolseiro de 1.200,00 euros.

B- Destinatarios:

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello de Cambre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.- Ter a idade mínima de trece anos cumpridos no ano da solicitude con carácter xeral e en ximnasia rítmica, natación e patinaxe artística, 10 anos cumpridos no ano da solicitude.
- 2.- Estar empadroado no Concello de Cambre cunha antigüidade de, polo menos, catro anos consecutivos, no ano da solicitude.
- 3.- Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
- 4.- Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.

5.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

C- Documentación:

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do concello, no modelo normalizado, que se facilitará neste rexistro ou na sección de deportes, e no que constará:

1. Solicitud de la subvención segundo modelo normalizado.
2. Resumo do historial deportivo, obtido durante o ano 2014, no que haberá de constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da Federación deportiva correspondente en documento orixinal.
3. Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano 2015, no que se incluírá necesariamente:
 - 3.1.- Detalle das competicións as que se asistiu e se pretende asistir no 2015, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións.
 - 3.2.- Nivel da competición (nacional, internacional).
 - 3.3.- Categoría da competición (absoluta, previa a absoluta...).
 - 3.4.- Orzamento de gastos e ingresos estimados da tempada.
4. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2015.
5. Autorización do bolseiro para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos á axencia tributaria relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias.
6. Declaración xurada de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Xustificante do Padrón municipal no que conste a data de alta.
8. Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante.

A sección de deportes revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entenderá que desiste da súa solicitude.

D- Prazo de solicitude:

O prazo para a presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no *Boletín Oficial da Provincia* ata o 11 de setembro de 2015,

De forma excepcional poderanse admitir solicitudes fóra deste prazo cando concorra algún dos seguintes supostos:

- 1.- O deportista solicitante acceda a probas de nivel (nacionais ou internacionais) por clasificación en probas menores logo do prazo de solicitude.
- 2.- O deportista solicitante sexa seleccionado durante a tempada para probas de nivel (nacionais ou internacionais) despois do prazo de solicitude.

E- Comisión de avaliación:

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente:	Alcalde ou persoa en quen delegue
Secretaría:	Secretaría xeral do concello ou funcionario en quen delegue
Vogais:	Concelleiro delegado da Área de Deportes
	Interventor do concello ou funcionario en quen delegue
	Persoal da Concellaría de Deportes

F- Concesión das bolsas:

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros non teñen débedas tributarias pendentes.

Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas o concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1.- Proxecto deportivo para a presente tempada (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

- Nivel máx de competición:
 - 11,68 puntos campionato del Mundo/Olímpico
 - 7,77 puntos campionato de Europa
 - 3,88 puntos campionato internacional
- Categoría:
 - 11,66 puntos senior
 - 7,77 puntos xuvenil/junior (previo a senior)/veterano
 - 3,88 puntos resto de categorías
- Número de probas:
 - 11,66 puntos de asistencia a 10 o máis probas federadas
 - 7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas
 - 3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas

2.- Implantación e importancia da modalidade deportiva no eido nacional: ata 20 puntos. Tomarase como referencia o número de licenzas federadas, de cada deporte, do ano 2014 segundo a publicación do Consejo Superior de Deportes. Ao deporte de maior implantación outorgaráselles 20 puntos e o resto proporcionalmente.

3.- Resultados obtidos na tempada anterior á da solicitude: ata 20 puntos.

- 20 puntos por clasificacións entre os tres primeiros do campionato do Mundo/Olimpiada/Europeo.
- 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º de campionatos do Mundo/Olimpiada/Europeo.
- 12 puntos por clasificacións (finais) entre os tres primeiros en campionato/copa de España.
- 10 puntos por clasificacións entre os tres primeiros en probas de rango internacional.
- 5 puntos por clasificacións entre o 4º e o 10º en campionatos de España.

4.- Achea económica propia para o desenvolvemento do proxecto/competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a achega económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2015. Ao deportista con maior achega económica outorgaráselle 20 puntos e ao resto proporcionalmente.

5.- Outros méritos que valorará a comisión: ata 5 puntos. Valoráranse outros méritos non contemplados nos criterios anteriores como concesión de becas deportivas doutras administracións, convocatorias seleccións, estar becado en centros de alto rendemento.....

G- Obrigas do beneficiario:

1.- Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2.- Sinalar a súa condición de bolseiro deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda "Concello de Cambre".

3.- Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria descritiva da tempada realizada e dos resultados obtidos.
- Certificación da Federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización.
- Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...).
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

En particular terase en conta as seguintes regras:

- Se consideran gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
 - Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
 - Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
 - Cando o gasto xustificativo se presente a través de liquidacións por indemnizacións en concepto de desprazamentos efectuados, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados no exercicio 2015. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto, as facturas nas que non se detallen os anteditos aspectos.
No momento da súa presentación, antes de facer a fotocopia, sobre o orixinal deberá estenderse dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gastos para a obtención dunha subvención do Concello de Cambre.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5.- Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administracións ou entidades privadas para a mesma finalidade.

6.- Participar en actividades ou campañas de difusión/promoción do deporte que poida realizar a Concellaría de Deportes.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

H- Notificación e publicidade da resolución:

A resolución da concesión das bolsas ditarase pola concelleira delegada de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre de nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.cambre.org), así como á notificación individual aos beneficiarios, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

I- Xustificación e pagamento:

Os bolseiros deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da documentación conforme ao apartado G.3. das presentes bases.

Para aqueles deportistas que non cumpran na súa totalidade, o proxecto deportivo por mor de lesión derivada da práctica deportiva, entenderase cumprida a finalidade básica da subvención, aboándose un máximo do 40% da subvención concedida, previa valoración da concellería de Deportes.

O prazo de presentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da comunicación da concesión da bolsa, e rematará o 15 de novembro de 2015.

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellaría de Deportes, Xuventude e Ocupación do tempo libre valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, ao concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, que ditará resolución ao respecto.

A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza.

O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a achega municipal de forma proporcional.

L- Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Disposición adicional primeira

Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Cambre, e demais normativa aplicable.

Segundo: Aprobar o gasto por importe de dez mil euros (10.000 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2015 341 48907 Bolsas deportistas.

Terceiro: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do concello de Cambre durante 2015, que se achegan como anexo II e anexo III respectivamente, tal e como se transcriben a continuación:



ANEXO II

FORMULARIO DE SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2015

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

Tlf.:

Correo- electrónico:

DATOS DEPORTIVOS

Especialidade deportiva:

Licenza Federativa nº:

Categoría:

Club ao que pertence:



Enderezo do club:

Cambre, ___ de _____ de 2015

Asdo.:

Achegarase xunto a este formulario:

- copia da licenza federativa para a tempada 2015**
- Certificación de datos bancarios**
- Volante DE ALTA NO PADRON**

ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBRE



HISTORIAL DEPORTIVO 2014

Competición

Categoría/nivel

Datas/lugar

Posto

*
*
*
*
*
*
*
*
*
*
*

Selo e V^o e Prace da Federación deportiva

PROXECTO DEPORTIVO 2015

Competición	Data e Lugar	Categoría	Nivel
-------------	--------------	-----------	-------

*
*
*
*
*
*
*
*
*
*
*

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA

GASTOS

Licenzas :
Materias :
Desprazamentos :
Outros :

TOTAL:

INGRESOS

Achega propia :
Achega Club :
Achega Federación :
Bolsa Concello :
Outras bolsas :
Patrocinadores :

TOTAL :

Asdo.:



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a *BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2015*.

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DO BOLSEIRO:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Sinatura:.....

Cambre, de 2015

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre



Don/ dona _____, con DNI _____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2015, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.

2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____



ANEXO III

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE 2015

DATOS PERSOAIS

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. móbil:

Tlf. fixo:

Correo- electrónico:

Achégolle a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para que se me concede a axuda, segundo o establecido no apartado G.- das bases da presente convocatoria (BOP nº do de de 2015), e para o aboamento da bolsa concedida.

Cambre, ____ de _____ de 2015

Asdo.:

Achegarase xunto a este formulario:

- Xustificación dos gastos realizados mediante a presentación das facturas orixinais ou copias cotexadas
- Acreditar a publicidade do Concello de Cambre nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeos..)

Sr. Alcalde do Concello de Cambre



	Páxina
1.- Memoria da Tempada.....	3
2.- Certificación da participación nas probas obxecto da convocatoria.....	4
3.- Resumo de gastos realizados.....	5
4.- Declaración de axudas e cumprimento da finalidade da bolsa.....	6



MEMORIA DA TEMPADA

(Descrición de non máis de dous folios das actividades deportivas desenvolvidas polo bolseiro durante o ano 2015, que sexan de interese á hora de comprobar a efectiva realización do obxecto a subvencionar, tales como entrenamentos, competicións, cursos aos que asisten, concentracións, etc. O obxectivo da Memoria é xustificar o cumprimento do proxecto deportivo para o cal se concedeu a bolsa)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177



Don _____ como secretario/a da federación deportiva
de _____

CERTIFICO que durante o ano 2015 o/a deportista _____ participou e obtivo os
resultados que se relacionan

Actividade /Competición	Categoría	Data/ Lugar	Posto
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			
*			

_____, ____ de _____ de 2015

Asdo.:
(selo da federación)

RESUMO DE GASTOS

NÚM FAC	EMISOR	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGAMENTO	CONCEPTO	IMPORTE
				TOTAL GASTOS	

Os xustificantes do gasto realizado, ou as súas copias cotexadas, deberán axuntarse a este formulario xustificativo

D./ Dna. _____ con DNI: _____
como bolseiro/a deportista do Concello de Cambre 2015, **DECLARO:**

1.- Que para o 2015 obtiven unha bolsa (subvención) do concello de Cambre, por importe de _____ euros

2.- Que para o mesmo obxecto, obtiven, ademais as seguintes subvencións:

ENTIDADES CONCEDENTES

IMPORTE

TOTAL SUBVENCIÓNS RECIBIDAS	

NON RECIBÍN NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN

3.- Que se cumpriu a finalidade da bolsa mediante a realización das actividades ou competicións para as que foi concedida, tal e como se reflicte na ~~presente~~ memoria que se achega.

E para que conste, para os efectos de xustificación do cumprimento da finalidade, expídese a presente declaración en _____ a _____ de _____ 2015.

Asdo.:



MODELO DE AUTORIZACIÓN DO INTERESADO PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA RECABAR DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS (concesión de axudas e subvencións)

A persoa abaixo asinante autoriza ao CONCELLO DE CAMBRE a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a *BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE CAMBRE PARA O ANO 2015*.

A presente autorización outorgase exclusivamente aos efectos do **recoñecemento, seguimento e control** da subvención ou axuda mencionada con anterioridade e en aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia trala entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

DATOS DO BOLSEIRO:

Nome e apelidos:.....

NIF:.....

Sinatura:.....

Cambre, de 2015

Nota: A autorización concedida polo asinante poderá ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre

Don/ dona _____, con DNI _____
_____, de conformidade co establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2015, do Concello de Cambre,

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- 1.-Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- 2.- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Cambre, ____ de _____ de 2015.

Asdo.: _____

Cuarto: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante anuncio nun dos xornais de maior tirada da provincia.

Trala votación, cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos reincorpórase á sesión dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP, e auséntase dela don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON.

2.11. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta da Alcaldía de data 24 de xullo de 2015. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, a concelleira presente de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

Cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos reincorpórase á sesión don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON.

Proposta de Alcaldía para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros

Consta do seguinte teor literal:

“O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria e urxente do día 2 de xullo de 2015, tratou como punto da orde do día a aprobación da Proposta de Alcaldía, de data 1 de xullo de 2015, para constituír como órgano complementario a Xunta de Voceiros.

Tralo debate da proposta, e ante a falta de acordo por parte dos concelleiros presentes en canto ao seu contido, esta Alcaldía resolveu retirar o punto da orde do día.

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/6729 o día 22 de xullo de 2015, presentado por don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, coa anuencia dos grupos municipais do PP, ACdC e GM (C's), no que se solicita que por esta Alcaldía se teña a ben dar traslado ao Pleno municipal dunha nova proposta de creación da Xunta de Voceiros, co fin de que actúe como un órgano que propicie o diálogo, o entendemento e a negociación, facilitando unha mellor gobernabilidade do noso concello, iso sen prexuízo de que no futuro se leve a cabo unha necesaria modificación do Regulamento orgánico municipal para adaptar a súa redacción a estes propósitos.

En virtude do exposto, propono á Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Constituír, como órgano complementario do Concello de Cambre, a Xunta de Voceiros, que se reunirá en sesión ordinaria o mércores anterior á celebración das sesións ordinarias das comisións informativas, ás 14:00 horas, agás en horario de verán (16 de xuño a 15 de setembro, ambos incluídos), que se reunirá ás 13:00 horas. Se o citado día fose inhábil, a sesión terá lugar o día seguinte á mesma hora.

Para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Voceiros non será necesario convocatoria previa.”

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela non quere deixar pasar esta oportunidade sen agradecer ao Sr. alcalde a pronta resposta que dende o gabinete de Alcaldía se lles fixo chegar en relación a unha petición remitida dende o seu grupo municipal un día antes de que o conxunto dos grupos da oposición decidiran presentar a petición ao Sr. alcalde para que tivera a ben crear a xunta de voceiros. Dálle as grazas sinceramente, porque di que nos anos que leva de concelleira é a primeira vez que un alcalde lle contesta a unha petición.

Di que é sen ironías, e ademais celebra que isto sexa así polo ben de todos os veciños que presenten, reclamen ou notifiquen calquera asunto ante o concello. Non hai sensación máis frustrante que sentir que non eres escoitado por quen te representa. Agarda que o Sr. alcalde siga nesta liña, e reitera que lle agradece a resposta.

Noutra orde de cousas coidan dende o seu grupo moi importante a creación deste órgano. Non é un órgano calquera, é unha posibilidade máis, é unha ferramenta máis de comunicación entre Goberno e oposición, ou o que é o mesmo, unha ferramenta máis de transparencia, de fiscalización e unha porta aberta á toma de acordos en prol dos veciños, e sobre todo un órgano do que se vai levantar acta e vai quedar por escrito para que non ocorran cousas como as que pasaron hoxe, porque en reunións nas que non se levantan actas, un di unha cousa e outros catro din outra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, quere trasladar un pouco a idea de que ben está o que ben acaba. Con independencia de como comezara, eles dende logo son partícipes deste acordo, están especialmente satisfeitos, cren que se restitúe e se avanza nun organismo de fiscalización, control, e tamén de diálogo e consenso por parte da Corporación, que vai axudar ao seu maior e mellor funcionamento.

Todo isto eles queren que dalgunha maneira conste en acta, aínda que vai no texto da moción. Este é o pleno do mes de xullo, en agosto non terán pleno ordinario, ou terano no mes de setembro, dalgunha maneira finaliza aquí un curso político e entenden, e así o defenderán en outono, que seguro toca, con calma, con tento, e falando en órganos como a xunta de voceiros, abordar unha modificación do Regulamento orgánico municipal para que dea resposta ás necesidades da actual Corporación.

Entenden que é ese tamén o camiño que teñen que seguir, e que debe ser obxectivo desta Corporación para o vindeiro outono-inverno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, efectivamente, teñen que facer unha modificación do ROM e teñen que porse canto antes para deixar claro á actual Corporación como están distribuídos, polo tanto, a iso os empra, xa non sabe se para setembro será posible, porque menos unha semana en todas teñen comisións, plenos e xuntas de voceiros, polo tanto falarán na primeira xunta de voceiros e marcarán prazos para empezar a traballar sobre o tema do ROM se o ven conveniente.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que pensa que este é un tema que xa vén bastante manido, pero van darlle unha volta máis, tendo en conta as últimas novas que saíron na prensa e nas redes.

A) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para o acondicionamento dunha zona de baño e recreo nas ribeiras do río Mero en Cela

Rexistrada de entrada ao núm. 0/6789 o día 24 de xullo de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Dende hai anos existe en Cambre unha situación insostible en relación aos servizos e infraestruturas nas distintas parroquias do concello, a desigualdade é manifesta cando falamos de Cela, como un lugar esquecido polos distintos gobernos a través do tempo, a pesar das múltiples promesas que nunca foron cumpridas, de tal xeito que sigue sendo a parroquia máis discriminada en relación a investimentos para equipamentos dos veciños e veciñas.

Entre todas estas posibles prioridades, temos que distinguir algunhas que por ter toda a burocracia xa arranxada merecen saír do caixón dos ‘posibles’ para entrar no dos ‘feitos’.

Iniciativas como as presentadas no ano 1998, e outras posteriores en termos similares, non fan máis que acentuar o descontento da veciñanza, tendo en conta que dende o ano 2007 leva a documentación agardando na Fundación Tenreiro, uns documentos que contemplan acordos da Corporación para adquirir un terreo nas inmediacións da igrexa, co fin de convertila nun lugar de recreo, convivencia e dinamización cultural.

As distintas corporacións que pasaron polo concello actuaron de parapetos, recibindo as queixas e demandas dos veciños de Cela e algún grupo municipal da oposición, pero a falta de vontade política, ten como consecuencia que Cela siga sendo a parroquia esquecida do Concello de Cambre.

Estes gobernos que se decían do pobo, e que actuaban en beneficio do conxunto da cidadanía de Cambre, non só non fixeron nada por arranxar o problema dos terreos, senón que engadiron máis obstáculos á convivencia e progreso da parroquia, xa que ao mesmo tempo que se asinaba a construción do paseo fluvial coa entidade responsable, acordo que polo visto está en estado de ‘shock’, os veciños de Cela observaban estupefactos como as tradicionais zonas de baño situadas nas inmediacións do actual paso fluvial, desaparecían, eliminando deste xeito o derradeiro ‘espazo social e de recreo’ que tiña a parroquia.

En vistas das negociacións feitas públicas a través da páxina web do concello onde se recoñece a vontade de levar a cabo un dos principais proxectos do actual goberno, coa creación de 3 zonas de baño nas ribeiras do río Mero, consideramos inexcusable que non se teña en conta a Cela, onde xa existían zonas de baño tradicionais, e agora desaparecidas, como ocorre en todo o tramo do río Mero ao seu paso por Cambre.

Por todo o anterior, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre, propón ao Goberno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Que se inclúa con carácter inmediato nas negociacións con Augas de Galicia e demais organismos competentes, o acondicionamento dunha zona de baño e recreo, nas ribeiras do río Mero en Cela, con independencia dos lugares previstos para tal fin, segundo o acordado en iniciativas anteriores aprobadas en pleno.

Segundo: Que de todos os acordos e actuacións que se produzan en relación a presente moción, se informe aos grupos municipais da oposición e aos veciños e veciñas de Cela.”

Don Antonio Bruquetas Santos conclúe a lectura sinalando que Cela non só existe, agora tamén esixe.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que por suposto que o seu grupo vai votar a prol desta moción, pero queren ampliála tamén a todas as zonas de baño tradicionais no Concello de Cambre, como son Os Galiñeiros, Peiraio, Cela-Cambre, Muíños de Cambre, Ponte das Insuas, Pazo de Campá e a Marisqueira. Di que fala en nome do seu grupo, por suposto.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que eles, como non pode ser doutro xeito, tamén van votar a prol desta moción. Primeiro pola parroquia de Cela, porque aínda que non lograron chegar a un consenso co tema dos terreos Tenreiro, aínda cre que se pode retomar, o único que fai falta, non é soamente a vontade, senón tamén ter os cartos para comprar os terreos, e el está disposto a axudar ao Goberno nese sentido, e acompañalo, porque coñece ao director xerente da Fundación Tenreiro.

En canto ao tema das zonas de baño, todos saben perfectamente que xa noutros plenos desta Corporación se trouxo este tema, o de asear o río Mero e recuperar as zonas tradicionais, entre as que loxicamente estaba Cela, por iso o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser a prol. Entenden que esta é unha reivindicación xeral da parroquia en canto a dotala dos medios e espazos axeitados para o desenvolvemento da súa vida social e cultural. É necesario abordalo, non soamente no tema das zonas de baño que agora se propón e que eles apoian, senón tamén con outras actuacións, como se comentou, e dotarlles dun espazo que pode vir como consecuencia desa venda de terreos por parte da Fundación Tenreiro. Conclúe dicindo que o seu apoio vai ser total a esta moción.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo, como non podía ser doutra forma, vai votar favorablemente a esta moción.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo vai votar a prol, porque calquera iniciativa para recuperar o contorno do río Mero é necesaria, polo que apoiarán calquera iniciativa a ese respecto.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que pola súa parte quere dicirle aos veciños de Cela que van a facer o posible porque Augas de Galicia os deixe bañarse no río, algo que actualmente lles prohíbe. Van poñer toda a carne no asador para que os deixen bañar no río, cousa difícil, pero dende logo eles van ir con esas demandas.

En canto aos terreos, tamén lle ten que dicir aos veciños de Cela, e de Cambre en xeral, que o que están facendo é vendo urbanisticamente primeiro cales son eses terreos, en que situación urbanística están nestes momentos e que vai pasar con eses terreos tal e como se estaba propoñendo no Plan xeral. Di que se lles convence como estaba no Plan xeral, e ao resto da Corporación tamén, farán o posible por compralos, se non é así terían un problema. Conclúe dicindo que a día de hoxe así é como están.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos manifesta que el quería deixar claro tamén que a cesión deses terreos xa está aprobada en plenos anteriores, xa se trouxo ao pleno en varias ocasións, e mesmo tiñan unha partida orzamentada para a adquisición dos terreos, o único que se tiña que facer era chegar á Fundación Tenreiro, falar, recoller o expediente, porque a súa disposición era total. Teñen todo preparado para ceder os terreos e poder comezar co proceso urbanístico que permitiría a Cela ter o seu centro social, que é a gran demanda nestes momentos.

Respecto do segundo que dicía o Sr. alcalde, o de que os deixen bañar nesa zona, di que primeiro terían que dicirlles por que non se poden bañar. Son zonas de baño tradicionais, pensa que o 95% da Corporación actual pasou a súa infancia alí, nun punto ou noutro, e pensa que é un valor que non se pode deixar pasar. Son eles os que teñen que dar as explicacións aos cidadáns de Cambre.

O Sr. alcalde di que por suposto.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que ao falar respecto do baño no río acaba de quedar un pouco sorprendido, porque o Sr. alcalde lembrará que na lexislatura pasada faláron do asunto e xustamente o BNG tiña a información de que non estaba permitido o baño no río, un señor que era alcalde naquel momento chamouno mentireiro, por iso quere preguntar a día de hoxe que información obra no concello sobre se está permitido ou non o baño, con independencia de que existan zonas habilitadas para o baño, porque agora acaba de quedar total e absolutamente in albis a ese respecto.

O Sr. alcalde di que el contéstalle o que lle dixo a xente de Augas coa que estivo o outro día, xunto con Julio Sacristán, alcalde de Culleredo. Foron falar por un tema dos paseos, as motas do río Mero que están sen limpar. Augas quere asinar un convenio con eles, e o primeiro que eles pediron foi un borrador do convenio para saber que teñen que facer, se lles convén ou non asinar ese convenio. Aproveitou para preguntarlle como estaba o tema das áreas do río Mero e contestáronlle que co anterior Goberno había 3 áreas definidas en principio, pero que estaba en stand by porque lles meteron proxectos polo medio e que polo tanto retomarían o tema á volta das vacacións, que empezaría a falar de todo ese tema.

O que sabe el das zonas de baño, o que lle dixeron a el no seu día, é que o tema do baño contaminaba as augas do río que despois van á traída, a partir de agora a ver que lles din. Iso é o que sabe el, que non está de acordo, é máis, hai dúas ou tres lexislaturas dixéronlle que era polo champú, e el díxolles que el se bañara toda a vida no río e que non vira a ninguén con champú no río.

Efectivamente non ten sentido. Non é unha consideración súa, faltaría máis, é unha consideración de Augas e xa verán onde queda, pero todos van estar presentes en toda a negociación que van ter, porque os convenios vanse asinar, e se hai realmente as áreas recreativas, como eles as chaman, porque non as chaman zonas de baño, senón áreas recreativas, verán cantas son capaces de conseguir e como as van conseguir. Dende logo o que eles queren é bañarse no río, por suposto. El tamén se bañou no río durante moitos anos, non en Cela, pero si en Sigrás, e hai outros moitos sitios históricos que tamén van reclamar. Verán a ver se o consiguen.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que tal e como vai na cabeceira da moción, é por suposto unha moción aberta ao conxunto de grupos municipais, e el entende que é do conxunto da Corporación.

B) Moción do grupo municipal do BNG polo saneamento da ría do Burgo

Rexistrada de entrada ao número 0/6792 o día 24 de xullo de 2015. Consta do seguinte teor literal:

“A finalización do saneamento da ría do Burgo, mediante o dragado dos zurros acumulados, non parece avistarse nun prazo determinado de tempo. Todos os estamentos e poderes públicos teñen feito durante anos unha chea de declaracións de intencións ao respecto mais na realidade estamos moi lonxe de acadar o obxectivo proposto.

A administración autonómica, a través da Consellaría de Medio Ambiente ten manifestado publicamente que dito saneamento “está case completado”. Pola súa banda, a administración estatal, por medio dunha intervención gubernativa no Senado, explicitou que “o problema estaba resolto”, engadindo que “os verquidos contaminantes que a ría do Burgo sufría

de forma habitual xa desapareceran” e que o anhelado dragado estaba supeditado á resolución do problema de saneamento teoricamente solventado.

Non caben pois máis excusas, dando por boa calquera versión sobre o estado real da ría, a toma de medidas resulta inexcusábel, máxime tendo en conta que o Plano de saneamento local da ría do Burgo establecía coma obxectivo a acadar que no ano 2015 dito ecosistema estivese recuperado como explicita a Directiva Marco da Auga.

Por todo isto, propoñemos:

- 1.- Que o Concello de Cambre, lindeiro coa ría, elemento fundamental que é da nosa xeografía e riqueza paisaxística e medioambiental e que foi, no seu día, elemento fundamental para o sustento económico de moitos veciños, reivindique, conxuntamente co tecido asociativo e os concellos afectados a posta en marcha dos mecanismos precisos para dar solución definitiva a esta problemática.
- 2.- Que manifeste publicamente a urxencia inaprazábel en abordar as tarefas precisas para executar o dragado de zurros da ría, solicitando das administracións autonómica e estatal un calendario vinculante.
- 3.- Que se estableza unha canle de comunicación permanente cos organismos responsábeis co fin de manter informada á cidadanía sobre o proceso en curso, incluíndo características técnicas, garantías de calidade, toma de decisións... e todos os aspectos relacionados co “Documento de inicio do proxecto de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo”, elaborado polo CEDEX para o Ministerio de Fomento e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- 4.- Que o Concello de Cambre traslade ao goberno estatal e ao autonómico o acordo desta corporación esixindo que se inclúan nos seus respectivos orzamentos para o ano 2016 unha partida específica para continuar nese exercicio a retirada de zurros que debe comezar no ano en curso.
- 5.- Que se informe puntualmente a través dos organismos municipais (comisións informativas e xuntas de voceiros) das novidades habidas no tocante á rexeneración da ría do Burgo das que vaia sendo coñecedor o Concello de Cambre.”

Don Daniel Carballada Rodríguez engade que un pouco ao fío do que comentaba o compañeiro de ACdC, xa teñen no pasado falado moitas veces desta cuestión, e teñen realizado multitude de acordos plenarios, pero el cre que se está abrindo un novo tempo na política a nivel galego, a nivel estatal, tamén a nivel municipal, esta é unha Corporación que está dando os seus primeiros pasos, e el agarda que esta moción sexa aprobada, cambie a implicación dos gobernantes e das diversas corporacións e cargos públicos respecto do saneamento da ría do Burgo. Que esa vergonza que teñen que vivir todos os días que é pasar diante dun reducto tercermundista, remate canto antes.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, dálle a en hora boa ao voceiro do BNG por esta moción. É unha moción que xa foi traída a outros plenos en anos anteriores e o seu grupo fixo o esforzo mentres estivo no Goberno de trasladala ao Goberno autonómico e ao Goberno Central.

O voto do grupo popular dende logo vai ser a prol, non pode ser doutro xeito. Ben é verdade que teñen coñecemento de que hai movementos neste sentido, é dicir, a esixencia por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central para que empece as obras que tiña comprometidas no tema do impacto ambiental, pero tamén é verdade que lle esixe ao Goberno central que aprobe nestes orzamentos para o ano 2016 unha partida importante para iniciar os traballos do saneamento da ría.

Di isto porque a el remitíronlle unha carta, enviada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, dirixida ao secretario de Estado de Medio Ambiente o 16 de xullo de 2015 nese sentido, esixíndolle ao Estado que inicie os traballos de inmediato e que os orzamentos xerais do Estado para 2016 contén con partida orzamentaria específica que permita que no vindeiro ano liciten, adxudiquen e inicien as obras de dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo.

Polo tanto, reitera que como non pode ser doutro xeito, o grupo popular vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que como non pode ser doutra forma eles van votar favorablemente esta moción. De calquera forma van ver e preguntar por que a conselleira non remitiu institucionalmente ao Concello de Cambre esa carta, e se a remitiu a verán.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu voto tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles querían pedirlle ao BNG, se ten a ben, que incluíra no punto catro un simple engadido, o de trasladar tamén este acordo ao Consorcio das Mariñas, simplemente polos concellos que están implicados, nada máis que esa puntualización.

Respecto do tema do esforzo a que fixo mención o Sr. Rivas, dille que esforzo moi pouco, o que pasa é que saben que están preto duns comicios e evidentemente tratar de ver se desa situación se acaban beneficiando. Esta vergonza da ría do Burgo, que non sabe nin como definir, é un problema gravísimo, é un problema económico para o sector dos mariscadores, é un problema social tremendo para os cidadáns, e é un problema medioambiental dun elemento que debería ser orgullo e obxecto básico de coidado de todas as institucións.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que por suposto atenden ao requirimento que lles fixo a voceira de ACdC, para que se inclúa na alínea catro que o Concello de Cambre traslade o acordo ao Consorcio das Mariñas, ao Goberno estatal e autonómico. Simplemente con ese engadido xa quedaría perfectamente recollido. Dálle as grazas pola achega.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el vaille facer outra, se non lle importa. Dado que o venres 7 teñen unha reunión a Confraría, o Concello da Coruña, Culleredo e Oleiros ás 12:00 da mañá, co ánimo de facer unha declaración conxunta entre todos, tamén lle pediría que se mande ao Concello da Coruña e incluso á Confraría.

Don Daniel Carballada Rodríguez acepta a petición.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a conselleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, aprobou a moción tal e como se transcribiu, coa modificación da alínea cuarta tal e como consta a continuación:

“4.- Que o Concello de Cambre traslade ao goberno estatal e ao autonómico o acordo desta corporación esixindo que se inclúan nos seus respectivos orzamentos para o ano 2016 unha partida específica para continuar nese exercicio a retirada de zurros que debe comezar no ano en curso, e dar traslado dos acordos adoptados ao Concello da Coruña, Consorcio das Mariñas e á Confraría de Mariscadores da ría do Burgo”.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/6375 o día 8 de xullo de 2015, polo que o CEIP Emilio González López comunica o seu agradecemento e valoración de forma positiva da actividade de educación viaria promovida e coordinada polo servizo de emerxencia e policía local do Concello de Cambre, desenvolvida no centro o día 5 de xuño de 2015.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1254/2015, do 21 de xullo de 2015, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Ramón Boga Moscoso dende o día 22 ao 24 de xullo de 2015 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6797 o día 24 de xullo de 2015.

1º Na páxina web do Concello de Cambre, aparece un apartado denominado “*Gabinete de prensa e comunicación*”. Nel pódese ler textualmente:

“O departamento de prensa do Concello de Cambre ten como obxectivo fundamental difundir a información desta institución a través dos medios de comunicación tanto propios como locais para que esta chegue aos veciños canto antes. Divulgar a información de interese ás institucións, á sociedade e aos medios de comunicación a través de:

- . Notas prensa, notas informativas, convocatorias, dossiers
- . Roldas de prensa, encontros informativos, entrevistas
- . Páxina web, redes sociais e intranet
- . Paneis informativos

Asesoramento:

Axudamos ás asociacións veciñais, comerciais, comisións de festas e colexios públicos, entre outras nas súas relacións cos medios.

Xestiónanse contactos e entrevistas para os medios de comunicación cando necesitan falar cun experto.

Ademais, a publicidade de todos os departamentos derívase a este departamento para lograr que sexa o máis efectiva posible.”

Xunto a estas funcións, aparece o nome do seu responsable, xunto co seu teléfono, un enderezo de correo electrónico baixo o dominio do noso concello, ao igual que o enderezo do seu posto de traballo na propia casa do concello.

Do exposto, existen dúbidas máis que razoables para preguntarnos cal é o tipo de relación laboral que une ao responsable do gabinete de prensa e comunicación referido co Concello de Cambre, se o é como traballador autónomo (do que deberemos saber cal foi o criterio de selección e o seu custo) ou como futuro persoal eventual (a engadir á lista de persoal de confianza que se atopa nas previsións deste goberno municipal, necesitando explicar a súa retribución a cargo das arcas do concello); ou o é como traballador por conta allea, en cuxo caso

deberá selo como traballador a nome dunha empresa de comunicación, da que descoñecemos o seu nome e solvencia e que deberá contar co preceptivo expediente de contratación.

Razóns todas elas máis que suficientes para xustificar que o Grupo Municipal Popular, no seu labor legalmente atribuído de fiscalización e control da acción do Goberno municipal e cada unha das súas actuacións, solicite do Goberno municipal que informe exhaustivamente sobre estes extremos e aqueles outros que resulten de interese ao respecto, no próximo pleno ordinario de 29 de xullo de 2015, con entrega de toda a documentación existente.

O Sr. alcalde contesta que si que tivo un erro, e o seguirán cometendo, á hora de sacar da páxina web certa información. Xunto ao que o Sr. concelleiro se refire, que é a persoa de comunicación, co seu teléfono, correo, etc., tamén estaba o saúda do anterior alcalde, non sabe se se deu conta ese día e nese momento, pero todo estaba aínda na páxina web do concello. Dille que si estaba, e aínda quedarán cousas e hai flocos por aí.

Explica que o Goberno vai contratar unha empresa de comunicación, mentres tanto o fan cun vale de pedido, porque o expediente para contratar unha empresa de comunicación vai tardar sobre dous ou tres meses en resolverse, como todos ben saben. Polo tanto, o que fixeron foi facer un vale de pedido para contratar momentaneamente unha empresa mentres que non sae a adxudicación, e nesa situación é na que están.

Don Juan María Abalo Castex, concelleiro do PP, preguntalle pola documentación que lle requiriron.

O Sr. alcalde contesta que lle entregará o vale de pedido que é o que existe. Dille que é unha resolución feita polo anterior Goberno, non é algo que se inventen eles, simplemente é unha situación momentánea, mentres non sae a contratación, o que agardan que sexa no menor tempo posible.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que a eles xúrdenlles algunhas preguntas respecto do que acaba de dicir o Sr. alcalde. Di que entende que entón a persoa asociada a esa empresa de comunicación pode darse o caso de que varíe se esa empresa designa a outro empregado para ese traballo. Esa é unha pregunta. Outra pregunta que lles xurde é que se van contratar unha empresa de comunicación como responsable de prensa, non sendo persoal de confianza, entenden que será encargado da xefatura de prensa do concello, non do Goberno e, nese caso, o que se preguntan é se poderían dende o seu grupo enviar notas de prensa ao responsable de prensa do concello para que as remita en nome do seu grupo aos medios, se poden facer uso dese xefe de prensa para que convoque a ACdC, como grupo municipal, unha rolda de prensa, se poden solicitar que inclúa na web do concello información do grupo municipal.

Continúa dicindo que en caso de que resulte que a empresa de comunicación vaia ser a mesma coa que teñen formalizado ese vale de pedido, tamén se preguntan se é unha empresa de comunicación de Cambre, isto en relación coas manifestacións feitas polo alcalde e por moitos dos seus concelleiros sobre priorizar ás empresas de comunicación. Pregúntanse se esta empresa é de Cambre ou é de fóra de Cambre.

Tamén quere preguntar se a persoa que está adscrita é a mesma persoa que era persoal de confianza do Partido Popular. Neste caso, e se é así, gustaríalle lembrar o comentario do actual alcalde de Cambre, de hai catro anos, cando dicía neste salón de plenos que o xefe de prensa debería ser unha persoa de confianza que cesara e marchara ao mesmo tempo que o Goberno.

Conclúe dicindo que todas estas preguntas se lle ocorren a raíz do rogo do PP.

O Sr. alcalde contesta que si, que a empresa pode poñer outro traballador. Explica que van contratar unha empresa. O prego de condicións aínda teñen que velo, niso está precisamente o departamento de Contratación.

Tamén lles di que si, que poden facer uso do departamento de prensa, porque non é unha persoa de confianza, senón que vai ser unha empresa contratada polo concello, polo tanto, todos os grupos políticos van poder facer uso do departamento no tema de comunicación.

Di que a empresa non é de Cambre. Necesitaban urxentemente xente que estivera xa nun posto similar a este, que coñecera como funciona este concello, a empresa ofreceulles a esta persoa e, polo tanto, collérona, e si, é a que estaba antes adscrita co PP como persoal de confianza.

Conclúe dicindo que eles pensan que, en vez de coller unha persoa de confianza para usala exclusivamente o Goberno municipal, era mellor coller unha empresa para que todos os grupos municipais poidan facer uso do gabinete de prensa.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que eles honradamente poden estar de acordo con que o equipo de goberno necesite ter un departamento de prensa, un xefe de prensa ou un gabinete de comunicación, poden estar máis ou menos de acordo na contía, máis ou menos de acordo no modelo de contratación a través dunha empresa, a través do que sexa, ou nun deses postos que se acaban de aprobar nesta sesión plenaria, de libre designación. Iso respéctano e asúmeno, e son total e absolutamente sinceros. O que non lle gusta ao BNG é que se lles diga que iso vai ser para toda a Corporación ou para todo o concello, porque se legalmente pode ser así, todos saben que en verdade esa non vai ser a realidade.

É dicir, quen contrata é o equipo de goberno, e así eles o entenden, e así incluso se fora necesario poden chegar a bendecilo, a estar de acordo ou non, pero da mesma maneira que non lles gustaba cando o anterior equipo de goberno lles dicía toda unha retahíla, agora non lles gusta isto. Non era así, era unha persoa, e o di en honra desa persoa, que era un membro máis do equipo de goberno, bastante máis eficiente que algún outro membro do equipo de goberno.

Di que con isto quere dicir que bromas as xustas, e falando total e absolutamente en serio, que nas bases que redacten agora, de efectuar esa contratación, el pediríalles que na medida do posible excluían esa maquillaxe, por innecesaria. É dicir, isto loxicamente está ao servizo da acción do Goberno, e é lóxico, e é normal, e é necesario, e pasa absolutamente en todos os concellos, polo tanto poden obviar esa outra parte da que eles si son moi celosos, que cumpran os funcionarios, porque senón, resulta que se empeza por aí e se acaban dando charlas do Catastro e todo é un cachondeo padre.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, di que simplemente unha intervención polo que lle toca, por ter estado no anterior Goberno. Di que eles trouxeron este rogo ao pleno por unha cuestión principal, para eliminar as dúbidas. As dúas persoas de confianza que tiña el como alcalde, eran a secretaria María Blanco e o xefe de prensa Hugo Hernández, dous auténticos profesionais, que cesaron cando cesou o Goberno. Pide que non queden dúbidas, eran persoal eventual, de confianza do Goberno, e cesaron cando cesou o Goberno.

Se o actual Goberno contratou cunha empresa cun vale de pedido e resulta que esa empresa ten contratado a ese mesmo profesional, eles non teñen nada que dicir, máis que ver o vale de pedido, despois xa tramitarán como queiran o tema. Como profesional el ten que dicirlles que acertaron, porque ademais pode incluso darlle pistas ao actual Goberno dalgunhas cuestións que estaban no caixón ou non, pero como profesional que é, el quere alabalo dende aquí, e quere deixar claro que cesaron os dous cando cesou o anterior Goberno.

2º Numerosas foron as xestións e actuacións que o goberno municipal da anterior lexislatura efectuou en todo o termo municipal de Cambre de cara a preservar, garantir e mellorar a seguridade viaria do noso municipio. De aí que sorprenda aos nosos conveciños como os semáforos situados no quilómetro 11 en Enxertos non funcionan e non se pinta o paso de peóns; actuacións ambas que quedaron ultimadas polo anterior Goberno.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular, solicitemos do equipo de goberno, que se adopten as medidas necesarias para que se ultimen estas dúas actuacións que deberían estar, a día de hoxe, en funcionamento.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que hai que recoñecer que esta é unha actuación que se levou a cabo polo anterior Goberno, e que de sorpresa en sorpresa, quere dicirlles que a autorización para instalar ese semáforo chegou ao Sr. alcalde en escrito recibido o 15 de abril de 2013. Di que están falando de hai dous anos e medio e, evidentemente foron moitos os problemas, que el non alcanza a entender, para que en dous anos e medio o anterior Goberno non puidera instalar ese semáforo, e agora en mes e medio estanlles esixindo a eles que o poñan en marcha.

Pídelle que non se sorprenda, e que saiba que para ese semáforo xa se colocou o armario que contén o necesario mecanismo de control semaforico e, a día de hoxe, porque choveu, estaba previsto o pintado da sinalización horizontal e a colocación da sinalización vertical, é de supoñer que nos vindeiros días, como moito a vindeira semana, estea funcionando sen ningún problema ese semáforo.

3º O pasado 16 de xullo, diversos medios de comunicación facíanse eco da nota de prensa enviada dende o Goberno municipal pola que se informaba do posible cambio de localización do aparcadoiro en superficie que se ía construír no centro de Cambre. Da localización proxectada nos traseiros da rúa Cruceiro preténdese pasar a unha parcela existente no cruzamento da estrada a Brexo-Lema e a de Guísamo.

Á vista do cambio de criterio, dende o Grupo Municipal Popular solicítase informe sobre os motivos que levaron a tal modificación e a súa compatibilidade coa construción do previsto na anterior localización.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que polo de agora non hai modificación, porque non hai proxecto aprobado, polo tanto non poden modificar se non hai proxecto. O que hai é o que poden chamar un expediente, que despois matizará se o é ou non, iso é o que hai.

O que está realizando o Goberno, que imaxina que é a pregunta, é a avaliación da mellor solución atendendo a unha serie de criterios. Primeiro, análise dos distintos emprazamentos, porque pode haber varios. Segundo, avaliación do número de prazas necesarias e convenientes, non son calquera, son as necesarias e convenientes, xa que, dado que este aparcadoiro vai ser, de todas formas, provisional, parécelles esaxerado facer prazas que ao mellor non son necesarias. E terceiro, e sobre todo, á atención aos principios de estabilidade orzamentaria, control do gasto e eficiencia na autorización de fondos destinados á realización de obras. Esas son as características, as bases sobre as que se vai realizar ese estudo.

En canto teñan os datos suficientes para tomar unha postura racional sobre o tema, trasladarano ao resto dos grupos para a súa participación e, evidentemente, rematarase coa toma de postura polo Goberno municipal, porque para iso lles corresponde.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, agradece a resposta e sinala que para que non haxa ningún problema, pide que conste que si queren ese informe, ese expediente que lles dixo que lles vai facer chegar, ou o estudo que dixo que se está realizando. Non sabe se ela entendeu mal, pero o que quere dicir é que, se están realizando un estudo, solicitan xa formalmente que os fagan partícipes e lles dean coñecemento del.

Don Juan González Leirós dille que entendeu mal. Non dixo que teñan contratado un estudo, o que dixo é que o Goberno municipal está estudando ese tema, polo tanto non hai unha avaliación dun estudo programático, haberá uns informes municipais, que por suposto lles fará chegar, pero non hai un estudo, quere que comprendan iso. Cando teñan todo por suposto que llelo trasladarán aos grupos municipais, van participar e van ter os informes, estudarán o tema en conxunto e tomarán a solución concreta.

Dona Rocío Vila Díaz agradece a explicación e dille que tiñan entendido o mesmo, aínda que o dixeran de diferente maneira, só quería que esta vez si quedara constancia de que o queren.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6789 o día 24 de xullo de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Tendo en conta o informe sobre o convenio contraído cos propietarios do terreo anexo ao CEIP Graxal II, coa orde de execución UE20, no que figura como tempo de validez do dito convenio 4 anos e tendo en conta a situación de alarmismo vivida nos pasados días na citada parcela, na que a consecuencia do intento de cercado por parte do seu propietario, sen razón nin motivo aparente, os veciños da zona, nos trasladan a súa inquedaanza sobre a situación do dito terreo.

Pregamos se nos informe das xestións que está a levar a cabo o Goberno para garantir que non sexan os veciños da zona os prexudicados do posible peche do terreo, ou mesmo a súa posible urbanización, a expensas da aprobación do PXOM.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o Goberno municipal está facendo neste caso o que cre que ten que facer. En primeiro lugar, respectar o dereito constitucional da propiedade privada, porque que el saiba non está abolido, guste ou non guste, non está, polo tanto hai que respectalo. E por outro intermediar de forma razoable para que ese dereito non afecte aos veciños, cren que é a segunda opción.

Iso abórdase chamando a ambas partes a poñer razón no asunto, a ambas, enriba da mesa. Aclarar os malos entendidos, que os hai, e o resultado é que a propiedade concorda con pechar a súa parcela como propiedade privada, como é o seu dereito, pero deixando o uso do paso aos veciños, o paso do asfalto do metro ao paso. Eles agradecéronllo, por suposto, porque podería tomar outro postura, irse ao civil e gañaría, agradécenllo.

Di que poden poñerse en disposición do concello para calquera tipo de actitude que sexa de comunicación.

Por parte dos veciños, e ademais cre que un dos veciños afectados está aquí presente, se non marchou, o que se lles di é que calma, paciencia, e que van dialogar e comentar as cousas dunha forma razoable.

A partir de aí non houbo ningún problema máis, non se suscitou, e deron o tema por zanzado. Se hai algún outro problema por suposto que están dispostos a abordar de novo o tema e a falar con todos.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que el quería trasladar ao concello, ao Goberno, a problemática que está causando ese convenio, ese tema, porque si é certo que aínda que non se pechara, hai que respectar todos eses principios dos que falou, pero tamén é certo que antes os veciños tiñan accesible o paso aos contedores da zona e todo iso. Hoxe por hoxe tiveron que ser movidos, e mesmo case están sen recollida. Polas últimas demandas que teñen dos veciños, están tendo moitos problemas, incluso non só para acceder aos propios contedores, senón en condicións de pouca salubridade. Por iso pregaban un pouco que se mollara o concello tamén nese sentido.

Don Juan González Leirós contesta que o concello mollouse, o que pasa é que os veciños non tomaron, entenden e o din abertamente, non tomaron a vía que se lles propuxo, que é que o Goberno municipal está para atendelos. Unha vez o Goberno municipal non os atenda e entendan que non hai unha vontade, pois reclamar onde teñan que reclamar. Claro, se os veciños están reclamando por vías alternativas, e chega isto tres semanas

despois, porque reclaman a outras vías que non son as directas do concello, o concello non ten coñecemento dese tipo de cuestións.

Expón que se lles abriron as portas, díxoselles que falaran co Goberno, e se queren que veñan mañá e lles digan cal é problema concreto, é máis, invita ao grupo municipal de ACdC a que invite ao Goberno a ter unha reunión cos veciños naquel sitio, que lles expresen os temas que son problemáticos, e se se pode vanse abordar, como se abordou o outro, sen problema ningún, para iso están.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que con este tema a el persoalmente chegoulle unha denuncia dun veciño que lle dixo que estaban pechando alí, e el preocupouse. O concello mandoulle limpar unha vez máis a esa familia o que tiña que limpar, e atopáronse cun montón de bolsas de lixo no seu terreo, entón decidiron pechar, e a verdade é que poden facelo. Automaticamente dende o concello chamaron, falaron con eles e non puxeron ningún impedimento para deixar o paso libre. O mesmo día que llo dixo a veciña, cre que foi hai dúas semanas, directamente falaron con eles. O que lles preocupa é que os veciños non os chamaron para preguntar que pasaba con iso, porque lles terían contestado que non pasaba nada.

2º No CEIP, Gonzalo Torrente Ballester, de Sigrás, non hai baño adaptado, e tampouco conta con Plan de autoprotección. Respecto deste mesmo colexio os pais de nenos alí escolarizados nos trasladan outras deficiencias tales como o mal estado do parque infantil, con elementos rotos, e a perigosidade das liñas amarelas pintadas á beira do centro, que esvaran, e teñen caído varias persoas nelas.

Pregamos se teñan en conta estas deficiencias e carencias e se subsanen na parte competencia do concello ou se trasladan á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para a súa toma en consideración.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, contesta que, como non podería ser doutro modo, aceptan o rogo. Vaia por diante que parte desas deficiencias que se expoñen, eles xa as coñecían. Tiveron unha visita recente en parte como consecuencia do cambio na dirección do mencionado centro, que conta cunha directora, Estrella, dende o pasado 1 de xullo. Aproveitaron a visita, tanto o concelleiro de Obras como el mesmo, para coñecela e ver as deficiencias que dende a súa competencia en materia de mantemento podían abordar.

Di que segue sen haber baño adaptado, pero estase construíndo, e cren que para o inicio do curso xa haberá baño. Non saben, el non puido falar coa directora nestes días aínda que o intentou, pero non saben se contan ou non contan cun plan de autoprotección, se non contan pedirán ou esixirán que se conte, por suposto.

E respecto do estado do parque infantil deuse conta, e o concelleiro de Obras así o viu, e atenderase antes do inicio do curso. É verdade que presenta un estado de deterioración considerable e subsanarán, evidentemente, esas deficiencias. Non coñecían, e tamén quere aproveitar e agradecer, a demanda formulada sobre as liñas amarelas, toman nota. Valorarano e se é así subsanarán esa deficiencia antes de que se inicie o curso.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, pregunta quen está realizando as obras dos baños para adaptalos a discapacitados.

Don Jesús Bao Bouzas contesta que a Xunta de Galicia. Eles cando foron ver a relación de actuacións que en teoría podía abordar o concello, xa estaba esa obra iniciada. Estaba parada nese momento, pero si se iniciara. A dirección entendía que para o inicio do curso estaría o baño adaptado en situación de ser utilizado.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que é importante porque empeza un neno con discapacidade.

Don Jesús Bao Bouzas reitera que el cre que iso se tivo en conta e que ao inicio do curso esa actuación estará feita.

3º Recentemente coñecemos a través da web do concello e da prensa a iniciativa do alcalde de reunirse coas diferentes AAVV de cara á elaboración dos vindeiros orzamentos municipais. A través dos mesmos medios o propio alcalde afirma que agarda contar con todos os grupos da oposición para a elaboración e configuración de tan relevante documento.

Partindo da consideración da dita iniciativa como positiva, estamos en condicións de reprochar que desta boa iniciativa non se dera traslado aos grupos da oposición, no senso de poder asistir a ditas reunións coas AAVV, e comezar nesa ansiada colaboración que quere o alcalde, a elaborar de xeito conxunto o documento máis importante, no senso económico, que debe levar a cabo o Goberno.

Pregamos se nos informe e inclúa no calendario de reunións coas AAVV así como no cronograma para a elaboración dos Orzamentos 2016.

O Sr. alcalde explica que el considerou que tiña que presentarse como alcalde de Cambre ás distintas asociacións de veciños, e é o que está facendo, facendo o percorrido por todas as asociacións para presentarse como alcalde. A raíz diso o que xurde, como non pode ser doutra forma, son peticións por parte dos membros das asociacións de veciños, que el recolle e pasa directamente ás distintas concellerías. E aquelas que consideran que non se poden facer de forma inmediata, ven se as poden meter despois ou incluír nos vindeiros orzamentos.

Pide que non se poñan á defensiva, que non se fai por maldade. Non foi convidado tampouco o socio de goberno e concelleiro de Economía e Facenda, Augusto Rey, tampouco. Foi un tema que el pensou dende o principio, porque dixo que se chegaba a alcalde as primeiras reunións serían cos veciños e é o que está facendo. Non hai maldade respecto diso.

En canto ao tema do cronograma, o que están facendo é recibir toda a información dos veciños, porque loxicamente veñen coñecelo e empezan a pedir de todo, e o que fan é tomar unha lista de todo, pásanlla ás distintas concellerías e non hai nada máis. Dilles que claro que van estar nos vindeiros orzamentos de forma activa, por suposto que si. Non empezaron aínda con ese cronograma do que fala a Sra. concelleira, pero si que xa está próximo para poñelo a disposición do resto dos grupos políticos, para establecer unhas datas, para chegar a acordos co tema dos orzamentos.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela non lle presupón mala intención, senón o ton sería radicalmente diferente, evidentemente que non lle presupón mala intención, e pode crelo porque sabe e coñece o ton do que fala e non é este. Simplemente é un tirón de orellas, se lle permite esa expresión herdada da concelleira socialista Margarita Iglesias, que sempre falaba dos tiróns de orellas, e simplemente porque unha cousa entenden que é a presentación, e como vai o seu grupo a entrometerse na presentación do alcalde ás asociacións de veciños, e outra cousa distinta é falar dos orzamentos.

Este tirón de orellas, construtivo, vén porque no propio programa de UxC sempre se falaba da participación activa na política orzamentaria, e no de ACdC tamén. Simplemente lle quería lembrar ao Sr. alcalde que a maioría dos veciños a ten representada nesta Corporación, polo que se se atinxen aos prazos comunicados á prensa, nos que fala de que o documento de orzamentos, tal e como se di no Metropolitano, se presentará á oposición no mes de setembro, entón eles non teñen moi claro en que momento van participar na elaboración dos orzamentos. Máis ben dá a sensación de que esa participación quedaría supeditada ás achegas ou modificacións sobre un documento xa elaborado.

De feito, aínda que lle poida dicir que os medios publican o que lles peta, nesa entrevista o Sr. alcalde dicía que xa estaban traballando nos orzamentos, pero que pedirían opinión á oposición. Dille que non dubide de que a súa opinión vai tela, e xa o sabe, pero non estaría de máis, tal e como entenden a política dende ACdC, que esa opinión e ese interese se manifestara durante, e non despois.

Di que estiveron catro anos en Cambre, e vai entender por que lle fai este rogo, estiveron catro anos, el incluído e ela tamén, criticando que o Goberno anterior non consensuaba nin preguntou á oposición para elaborar os orzamentos, e así lle foi, con dúas cuestións de confianza en catro anos, e ás portas dunha moción de censura na que o actual alcalde tivo un papel protagonista.

Con anterioridade ao Goberno de Rivas moitos criticaban que existía, e sente usar esta expresión, pero é así, un clientelismo que se practicaba con reunións sen luz nin taquígrafos, nas que se lle ía preguntar ao veciño onde quería o farol.

Di que nin unha cousa nin a outra, nin queren estar presentes nas presentacións do Sr. alcalde nas asociacións de veciños, nin queren que se reproduzan situacións que levaron a este concello a situacións, e pide perdón pola reiteración, moi desagradables na elaboración dos orzamentos. Entón, como non estaban invitados á festa, pero a festa acaba de empezar, é polo que presentan este rogo, para lanzarlle esa luva e que a participación sexa real.

O Sr. alcalde dille que si, que xa sabe cal é o ton do que fala, coñéceo perfectamente. Di que non teñen un documento, pero si que están traballando nos orzamentos, porque traballan dende o minuto 1 como seguramente os outros grupos, ven que queren as asociacións, os veciños, que é necesario para incluír nos vindeiros orzamentos, hai un montón de cousas, non poden facelas todas. Niso é no que están traballando, non están traballando nun documento físico, anotando as necesidades e valorándoas, non é así.

Conclúe dicindo que por iso, nin antes nin despois, pide que non se anticipen, non é todo así. Non están traballando nun documento neste momento, poñendo valores ás necesidades, para iso contan cos grupos, e, dende logo, pide que non se preocupe, que non o van facer eles, que non lles entregarán un documento para que os grupos digan si lles gusta ou non, senón que os grupos van estar facendo o mesmo traballo que van estar facendo eles co tema dos orzamentos.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere intervir por alusións, porque parece que eles tiñan reunións clandestinas con nocturnidade, alevosía, e así facían os orzamentos, cousa que non é verdade. Non é verdade porque os orzamentos facíanos conxuntamente co Sr. interventor e entregáronselles sempre á oposición cun mes ou 20 días de adiamento, para que fixeran alegacións.

Pídelle ao Sr. Rey que non faga espaventos, porque lémbrale o ano 2012 cando se lles entregaron, e dille que está no uso da palabra e que non está mentindo. Entregáronselles un mes antes de levalos ao pleno e ten as datas, pide que non minta, que el non fixo os orzamentos con nocturnidade, alevosía e recollendo onde hai que poñer o farol. El anotaba onde había que poñer o farol, naturalmente, e cando había orzamentos para poñelo, poñíase, ou arranxábase a beirarrúa. Di que é unha acusación que non vén ao caso.

Conclúe dicindo que el admítelles as críticas, e admitiunas durante catro anos, se eles consideran que non había participación co resto dos grupos da oposición, el encolle os ombros, pero acusalo de nocturnidade e alevosía, iso non llelo vai permitir.

Dona M^a Olga Santos López aclara que non se refería ao Sr. Rivas. Cre que todos entenderon que falou de dúas etapas de goberno, de verdade que non se refería a el, se tivera querido referirse a el, sabe que o tería feito. Estaba dicindo que o Sr. Rivas encabezou un Goberno ao que eles acusaron mil veces de que non tivo ningún

tipo de diálogo coa oposición, e iso tróuxolle as consecuencias que lle trouxo, e os orzamentos están prorrogados por ese motivo. Da nocturnidade e da alevosía, falou de corporacións anteriores á súa.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o último que eles farán será reprocharlle a un alcalde que se reúna co tecido asociativo, máxime cando o novo alcalde está enteiramente no seu dereito, como están eles, como membros da oposición, a ter cantas reunións consideren, con quen consideren, e nomeadamente coas asociacións veciñais.

Sinceramente el entende tamén un pouco o espírito do rogo de ACdC, no sentido de que cre que ata onde el chega, isto obedece a unha nota de prensa cunha redacción mellorable, porque o alcalde quería explicar que se estaba reunindo coas asociacións, como así é, el dá testemuño diso, cunha inmediatez total e absoluta, de 24 horas, e con total e absoluta dispoñibilidade e receptividade, e entón como hai que falar de algo, dixo, imos falar dos orzamentos. Ben, lóxico, el entende que o que se fai é un pouco acopio das demandas, das situacións, do divino e do humano, do que pasa en cada parroquia.

Saben que o Goberno é moi libre na metodoloxía para elaborar o orzamento, e pode primeiro optar por reunirse coas asociacións e logo ir falar cos grupos políticos, que sería factible, non sabe se o van facer así ou non, pero sería unha hipótese de traballo bastante plausible. A suxestión que lles fan dende o Bloque é convidalos a falar primeiramente sempre cos grupos da oposición, por unha cuestión, porque todos saben o que son os orzamentos, todos saben que son uns recursos francamente limitados, e saben que en todas as parroquias van pedir fondos as asociacións para as beirarrúas, a roza ou o saneamento e para unha serie de cuestións bastante comúns, pero moi posiblemente ningunha asociación de veciños, porque non é o seu cometido, vaise preocupar de substituír, por dicir algo, tubos de fibrocemento, ou de elaborar un plan de eficiencia enerxética, ou dunha serie de cuestións que loxicamente non son do seu ámbito e si son do ámbito dos grupos municipais e da súa responsabilidade.

Confían, polo que dixo o Sr. alcalde, en que así sexa, e que os orzamentos do vindeiro curso contén, como non pode ser doutra maneira, coa súa participación. A iso o empraza.

O Sr. alcalde manifesta que no seu ánimo está ter un resumo desas reunións por parroquia, para que todos o teñan e saiban o que pediron os veciños de Pravio, o que pediron os veciños de Bribes ou o que pediron os veciños de Cecebre nas reunións que tivo con eles.

O que é solucionable están intentando solucionalo o máis rápido posible, xa se está solucionando, e o que non, pola súa envergadura, terá que ir aos orzamentos e aí xa se discutirá se é ou non necesario. Non é outra cousa nada máis que iso, e por suposto que os veciños piden o que ven máis inmediato, é verdade, non ven o dos tubos, pero si que hai que informarles onde van os cartos, e é nesas tubos precisamente. Iso é un pouco no ánimo no que están.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/6800 o día 24 de xullo de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen da situación, planificación e execución dos traballos de roza de vías públicas no termo municipal.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, manifesta que despois de moitos avatares na contratación, incidentes que atrasaron un pouco o comezo da campaña de roza de camiños, o luns comezaron xa por Cecebre as máquinas a rozar. Entenden que tal e como está o contrato en 35 días

naturais teñen o compromiso de ter rozado todo o concello, e nese sentido agardan que facendo un seguimento se cumpran os obxectivos de deixar iso en perfectas condicións, tal e como estaba.

Di que hai que recoñecer o labor feito polo anterior Goberno, polo concelleiro Sr. Marante, no sentido de que se sacou a contratación esta roza en dous cortes anuais, o cal vai mellorar tamén o estado e mantemento dos camiños, e nese sentido non lles caen prendas en recoñecer que o contrato no sentido no que se elaborou é o correcto.

2º A través de diversas informacións, algunhas facilitadas polo propio equipo de goberno (cuestión a agradecer) temos constancia de que se barallan diversos cambios na formulación e programación das festas de Cambre. Sendo plenamente conscientes da inmediatez delas e da recente chegada ao goberno do actual equipo, rogamos, na medida do posible, informen dos ditos cambios e do enfoque e formulación co que se traballa.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, contesta que as festas da parroquia de Cambre estaban practicamente contratadas cando eles aterraron en Cultura, de tal maneira que o novo Goberno municipal atopouse sen ningunha marxe de manobra, practicamente ningunha, é dicir, deixaron todo practicamente atado, contratado e ben contratado, dunha maneira case ás veces difícil de explicar.

Por suposto que as festas de Cambre, ao igual que moitas actuacións que se estaban levando a cabo en Cultura, van ser revisadas, obviamente, as festas patronais tamén. Van ser revisadas en profundidade e por suposto sempre contando coas propostas da oposición e incluso coas súas suxestións para darlle unha volta a todo este asunto.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que unha cuestión que lles xurdiu despois da presentación do rogo e vai moi na liña do que o señor concelleiro acaba de dicir, algo que a eles lles gustaría, e supón que ao resto da oposición tamén, algo que non se fixo, polo menos na lexislatura pasada. Di que este concello ten, non sabe se formada formalmente, se existe ou non, ou se se regula, a Comisión de Honores e Distincións, pero o certo é que hai unha figura senlleira nas festas de Cambre que é a do pregoeiro. A eles gustaríales que para elixilo, este novo Goberno, como non fixeron os anteriores, tivera a ben polo menos falalo con eles, sabendo ademais que é moi posible que cheguen a un consenso. Si lles gustaría que dalgunha maneira a persoa que dá o pregón das festas en Cambre non fora ditaminado unicamente polo equipo de goberno, senón polo conxunto da Corporación.

3º Continuando co seu habitual maltrato ao pobo de Cambre, a empresa Asicasa vén de suprimir os históricos buses que unían Cambre coas praias no tempo de verán. Rogamos se tomen as medidas oportunas para trasladar aos piratas de Asicasa e á Xunta o malestar de Cambre con tal recorte e se tomen as medidas oportunas para a súa restitución.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que recibida a mensaxe, por suposto que se farán as xestións necesarias para a defensa da reivindicación que se formula.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6796 o día 24 de xullo de 2015.

1ª O acceso dos cidadáns aos órganos, autoridades e membros das Corporacións locais é un dereito innegable dos cidadáns na súa relación coas administracións públicas das que son actores principais, dereito que debe constituírse en principio inspirador de toda relación normal entre os organismos públicos e os seus

administrados. De aí que aos membros do Grupo Municipal Popular, como ao resto de veciños de Cambre, nos sorprenda que unha das primeiras medidas adoptadas polo novo equipo de goberno teña sido a limitación do horario de atención aos veciños, que se está pretendendo vender dende o actual goberno de Cambre, tanto a través dos medios de comunicación, como da propia páxina web, como unha *“mellora na atención aos veciños”*. E é que na páxina web do concello, todos podemos ler que *“O goberno local mellorará a atención aos veciños mediante un novo sistema de citas previas”*.

Do exame deste novo sistema de citas previas, resulta especialmente preocupante o horario de atención que o propio alcalde de Cambre estableceu para atender aos seus veciños: de 8:30 a 10:00 horas, dous días á semana; o ou que é o mesmo, tan só tres horas semanais de atención do alcalde aos seus propios veciños.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular, preguntemos ao actual alcalde de Cambre se con medidas como esta se cre realmente que se mellora na atención aos veciños de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que a resposta é obviamente si, senón non terían tomado esa medida. Por suposto eles o que pretenden é unha atención de calidade, a ninguén se lle ocorre ir hoxe ao centro de saúde se non ten unha cita previa, a non ser que vaia por urxencias. Di que eles non atenden de dúas a tres horas á semana, dende que está aquí se atende a todo o mundo, e non tardan máis de 3 a 5 días en ser atendidos, a todo o mundo, ninguén agarda. Alguén pide unha cita co alcalde hoxe e non tardan máis deses días en ser atendidos.

Non só se atende en todo o horario de mañá, senón tamén pola tarde, e incluso ao anoitecer tamén visitan algunhas zonas para ver algún cliente, e iso no mes que levan. Di que o de cliente foi deformación profesional, veciño, ou clientes, que tamén o son de todos eles.

O que pretenden é que cando veña o veciño a velos, e fala do Goberno e fala dos técnicos, saber exactamente a que vén o veciño. Se poden, atendelos e que saian cunha solución na primeira visita, non que teñan que facer dúas ou tres visitas.

Actualmente o que está ocorrendo neste concello é que a xente vén e agarda nos corredores a ser atendidos, iso é o que está ocorrendo neste momento. Cando hai feira en Cambre, hai dúas feiras, unha aí fóra e outra aquí dentro, porque a xente aproveita, con toda a razón do mundo, a vir á feira e de paso vir facer as xestións ao concello, e todos o saben, como el, que é así. Eles o que pretenden é que veñan á feira, que veñan tamén facer as xestións que sexan necesarias, pero sabendo a que veñen, e así terán o seu expediente se é necesario enriba da mesa, ou terán a un técnico ao seu carón para orientalos e darlles resposta técnica se é necesario.

Conclúe dicindo que ese é o camiño que tomaron, o tempo daralles o quitaralles a razón, xa o verán. En principio é o camiño que van seguir, xa verán co tempo se atenden mellor ou peor aos veciños, eles son os que llelo terán que dicir.

2ª É tradición xa arraigada en Cambre a celebración, coincidindo co aniversario do cruel asasinato de Miguel Ángel Blanco, dun acto en homenaxe e recoñecemento a todas as vítimas do terrorismo na praza do Temple que leva o seu nome. Acto que, igualmente, servía para alertar e promover o rexeitamento de toda actitude violenta e aquelas outras que supoñan agresións aos dereitos fundamentais do ser humano. Acto ao que, xunto a veciños e membros da Corporación municipal, se sumaban representantes da Garda Civil de Cambre, así como da Policía Local e de Protección Civil do noso municipio.

Pasado o día 10 do mes de xullo, día do mencionado aniversario, sen que tal homenaxe se teña realizado e sen que saibamos se existe intención polo grupo de goberno de honrar ás vítimas do terrorismo, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno sobre os motivos da non celebración de tal evento e as súas intencións de futuro ao respecto.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, contesta que os motivos da non celebración son moi claros. Eles tomaron aproximadamente posesión no concello sobre finais de xuño, principios de xullo. Hai que dicir que a ansiedade das demandas de todo tipo, malezas, subvencións, festas, camiños, etc., fixo imposible facer un labor normal de ver incluso os papeis que lles chegaban, e a verdade é que pasou desapercibida esa data, porque había unha acumulación, todo o mundo pedía subvencións, estaban en festas, e estiveron noqueados durante unha semana. Di que esa é a verdade. Pasarán o ditame por suposto o ano que vén, elevarase ás comisións ou á recén creada Xunta de Voceiros. Cre que é ese o ámbito onde deben valorar esta cuestión.

Respecto de se lles quixeron preguntar, que non o fixeron, pero o parece, se están en contra do terrorismo ou da violencia, a resposta é que por suposto, de calquera violencia, física ou verbal.

Ante a petición para intervir por parte dalgúns concelleiros, o Sr. alcalde aclara que isto son preguntas, que todos o saben. É unha pregunta e unha resposta, e listo.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, sinala que ela o único que quere preguntar é se vai ser este o criterio que vai aplicar durante os catro anos e para todos os grupos por igual, o de non ter unha quenda de réplica nas preguntas.

O Sr. alcalde explica que el falou cos voceiros de todos os partidos antes do primeiro pleno, con todos, e díxolles que para que non ocorrera o que pasou na lexislatura pasada, con moitísimos problemas, o que ían facer era o que di exactamente o Regulamento orgánico municipal, e o ROM di unha pregunta, unha resposta.

Acaban de falar de que seguramente se reúnan rapidamente os voceiros para cambiar certos aspectos do regulamento, se queren cambiar este, poden discutilo e cambialo, pero mentres non se cambie o ROM, son as regras do xogo para todos, e vai aplicalas a todos. De feito di que os voceiros, como se puido ver, comportáronse ata o de agora de forma excelente coas súas quendas de palabra.

3^a Clara foi a aposta do anterior goberno municipal no mantemento da unitaria existente na parroquia cambresa de Santa María de Vigo. Non só polo interese e a sensibilidade amosada cara aos menores, usuarios e veciños do lugar, senón tamén polos investimentos, as obras de reparación e mantemento que se fixeron ao longo dos últimos catro anos e as xestións realizadas polo goberno municipal coas autoridades e responsables de educación da Xunta de Galicia.

Renovado o Goberno municipal de Cambre e tras a inqueda existente entre os veciños e usuarios da mencionada escola unitaria, o Grupo Municipal Popular pregunta ao equipo de goberno cales son as xestións realizadas dende a súa toma de posesión para lograr o mantemento da mencionada escola unitaria de Santa María de Vigo.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, manifesta que vai resumir sucintamente o conxunto de xestións, de actuacións, realizadas dende que tiveron coñecemento da situación na que se atopa a unitaria, porque así llelo fixo chegar unha nai.

Di que el persoalmente ten recibido e mantido reunións frecuentes coas familias afectadas, ata seis reunións. Quere aproveitar tamén para recoñecer publicamente o compromiso, o comportamento e a implicación que tiveron as familias en todo este proceso, vaia por diante o seu máis sincero recoñecemento. Dicur tamén que o alcalde se reuniu recentemente con elas no despacho da Alcaldía e, dende o punto de vista institucional, que entende que é por onde vai a pregunta, dicirlle que en canto tivo ocasión mantivo unha reunión co xefe territorial de Educación, o Sr. Indalecio Cabana, reunión á que lle acompañou, e tamén quere resaltar a súa actitude e compromiso, a Asociación de Veciños de Sta. M^a de Vigo.

Foi unha reunión infrutuosa, onde aproveitaron para facerlle chegar da man dos técnicos de educación un informe detallado, onde entendían que a medida que se estaba propoñendo era contraria ao interese xeral no ámbito educativo, era inxusta e inxustificada.

Reuniuse tamén, xunto co Sr. alcalde, coa delegada provincial da Xunta, dona Belén Docampo, quen lles deixou entrever unha posibilidade da que media hora despois se desdixo. É dicir, chegaron a esa reunión coa intención de buscar unha saída para o mantemento da unitaria, ela díxolles que se conseguían que se matricularan dous nenos máis que entendía que a unitaria pasaba de 4 a 6 e, polo tanto, cumpriría os ratios que ata agora se esixían anualmente e que se revisan en xullo, o que permitiría que a unitaria se mantivera aberta. De volta, e o alcalde pode dicilo tamén, chamounos e díxolles que onde dixo digo, digo Diego. Seguramente que alguén lle dixo que se entreabría esa porta ían entrar por ela. E iso é o que teñen feito ata o día de hoxe.

Tamén quere aproveitar para agradecer a deferencia e apoio que recibiron da Mesa Galega polo Ensino no Rural e non pode dicir moito máis. Son un pouco o que teñen sido as xestións ata agora. Dicir que a súa percepción persoal é que esta era xa unha decisión tomada no seu momento, é dicir, cando no mes de marzo finalizou o proceso ordinario de matriculación alguén viu na unitaria de Sta. M^a de Vigo 4 alumnos e dixo que lle puxeran un “x” de cara ao vindeiro curso. Esa é a súa percepción.

En todo caso eles van seguir, porque non recoñecen, sobre todo as formas. Poden aceptar que a semana pasada se publicara no DOG a relación de escolas unitarias que se pechan, entre as que está a de Sta. M^a de Vigo, pero non están de acordo co procedemento que ata agora tivo a Xunta de Galicia. Neste caso entenden que o concello é interlocutor, que non son competentes, pero si interlocutores nesta materia e, polo tanto, van seguir buscando que a Xunta lles diga directamente por que a vai pechar.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno, mediante escrito núm. 0/6789 do día 24 de xullo de 2015 e modificadas mediante escrito rexistrado ao núm. 0/6820 o día 27 de xullo de 2015.

1^a Unha revisión do estado de accesibilidade no que se atopan os diferentes centros socioculturais do concello, amosa que existe unha constante en moitos deles, a inexistencia de elementos de accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Algún dos centros que se atopan nesta situación son os de Pravio ou Brexo Lema. O termo barreira arquitectónica designa en urbanismo todo obstáculo físico que impide a determinado grupo de poboación acceder, moverse ou usar un elemento ou edificación urbana.

Resulta de todo punto inadmisíbel, que un concello como Cambre, permita que nos seus locais socioculturais, existan este tipo de barreiras, en moitos casos, facilmente subsanables con simples ramplas de acceso.

Con base no anteriormente exposto, preguntamos:

Que tipo de medidas teñen pensado levar a cabo e dentro de que prazo para subsanar este tipo de deficiencias arquitectónicas que impiden o acceso a moitos dos nosos veciños aos locais onde realizan actividades de reunión e lecer?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que sinceramente non tiñan medidas propostas, pero o propio concelleiro de ACdC lles está incitando a iso. Polo tanto, as medidas son claras, inspeccionar, avaliar e actuar. En canto ao tempo, en inspeccionar e avaliar, pouco, un ou dous meses.

En actuar depende do orzamento, xa o verán, pero en fin, el entende que son medidas que deberían entrar dentro dun orzamento normalizado.

Conclúe dicindo que agradece que os puxeran sobre aviso.

2ª As derradeiras noticias referente á escola de Fonte Moura din que o peche xa é inevitable, co cal confírmase a desconexión e falta de interese da Xunta na boa educación e de calidade.

Tendo en conta os investimentos levados a cabo na escola unitaria de Santa María de Vigo por parte do concello e os derradeiros informes sobre previsións de evolución da poboación en Cambre, entregados á oposición como material complementario ao PXOM e onde se reflicte a tendencia positiva, se non na propia parroquia, si nas dos arredores, o que a longo prazo pode provocar un sobredimensionamento do alumnado dos colexios de Sigrás, Brexo-Lema e Cambre, o Grupo Municipal de ACdC pregunta:

Que ten pensado facer o Goberno para solucionar este peche unilateral da escola Fonte Moura, por parte da Xunta, e que deixa sen espazos de dinamización infantís na parroquia?

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, explica que esta pregunta é un pouco coller o fío da compañeira do PP, porque tamén se refire á escola de Fonte Moura. Pero por non volver mencionar o tema do que xa se falou antes, el quere enfocar un pouco esta pregunta a que tipo de accións se van facer dende o Goberno para garantir o espazo que representaba Fonte Moura como centro dinamizador da zona, como fonte de unión entre os distintos grupos de veciños. Pregunta que teñen pensado facer para conseguir manter ese espazo.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro de Benestar Social e Educación, contesta que en principio esa non era a natureza da pregunta, en todo caso a contesta brevemente. Dende ese punto de vista non teñen nada pensado en tanto e canto saben que a realidade é que a unitaria vaise pechar. El entendía que a pregunta ía máis dirixida cara a que actuacións pensaban continuar, non ao uso que poden dar a un centro que deixa de ser unha unitaria e pasará a ser non sabe o que. El sinceramente non lle pode dicir, non teñen pensado niso, particularmente el non o fixo.

O Sr. alcalde intervén para dicir que lamentablemente, e repite que lamentablemente, teñen unha infraestrutura máis. Están de acordo en que necesitan un tema dinamizador, porque en Sta. Mª de Vigo non teñen absolutamente nada e teñen que pensar que facer aí. É un labor de todos, e el como alcalde pide a colaboración de todos para facer algo nese centro, onde ademais hai pouco que se gastaron un montón de cartos. Por exemplo, é verdade que o local que ten a asociación de veciños ao carón está moi deteriorado e terán que ver como casan todo ese contorno.

É certo que xa hai algunha idea en mente, algunhas que lles piden moitos mozos, e o di publicamente, unha delas é que están buscando casas para facer cumpreanos, como hai en Oleiros, ese tipo de cousas, que ademais cre que aquí nalgunha ocasión tamén se pediu, e esa é unha das cousas que puxeron xa a día de hoxe enriba da mesa. O concelleiro de Benestar non o sabía porque estaba noutra cousa, pero despois disto terán moito que falar.

3ª A pasada primavera produciuse o derradeiro atropelo na estrada Cambre-Temple na Pega, á altura da parada do autobús, esta vez sen consecuencias fatais. Tendo en conta que non só faría máis útil a parada do bus senón que contribuiría a seguridade viaria da zona a súa viabilidade o noso grupo municipal pregunta:

Que viabilidade ve o Goberno á localización dun paso de peóns nas inmediacións da parada de autobús?

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que non teñen unha resposta concreta, pero si lle pode dicir que iso non pasa soamente aí, pasa tamén en Pravio, na igrexa, cando saen os domingos, todos os días, e pasa neses puntos. Polo tanto, pensaron a raíz desta pregunta, que podían facer unha especie de inventario de puntos negros nas estradas, sobre todo da Deputación e autonómicas, e a partir de aí, actuar.

En concreto, no caso ao que se refire esta pregunta, hai que velo, porque colocar un cruzamento colateral cunha parada do autobús, non é fácil, xa que hai problemas de visibilidade, etc. De todas formas, este é un tema que ten que levarse á Xunta, porque é a que ten que responder. Por moito que queiran, se na Xunta non queren poñer un paso de peóns, non é posible. Irán alí coa Policía e cos técnicos e verán onde se pode colocar. Daranlles unha resposta e solicitarano.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/6800 o día 24 de xullo de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Que valoración fai o Goberno municipal da Feira de Comercio e Artesanía celebrada o pasado mes de xuño?

Dona Mª Dolores Blanca García Fernández, concelleira de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que consideran que non son os froitos que agardaban neste tipo de feira, polo que lle darán unha volta. Agardan contar para iso coa colaboración dos grupos municipais.

2ª Cal é o estado dos diversos fronts abertos para dotar á vila de Cambre de zonas de aparcamento?

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que sabe que é un pouco similar ao rogo do PP, pero vese na obriga de formular a pregunta igualmente.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, pregúntalle se lle valeu a resposta que deu, ou se precisa profundizar.

Don Brais Cubeiro Fernández contéstalle que a considera contestada.

3ª Pronto chegarán as chuvias. Valora o Goberno municipal a instalación dalgún tipo de infraestrutura (toldo, marquesiña ou similar) que protexa das severidades do líquido elemento á cidadanía que fai espera na parada do bus situada a carón das loterías no centro de Cambre?

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que esta é unha cuestión que xa teñen traído na lexislatura pasada, e non tiveron nunca resposta certa, por iso se encomenda ao Sr. González Leirós para que isto teña unha pronta solución.

O Sr. alcalde pídelles que non llo poña difícil e o concelleiro de Urbanismo sinala que non vai ser el quen conteste esta pregunta, senón o concelleiro de Obras.

Don Augusto Rey Moreno, concelleiro de Economía, Facenda, Obras e Servizos, contesta que non é fácil adoptar unha solución alí, entre outras cousas porque a beirarrúa é moi estreita para unha marquesiña, non hai espazo suficiente. En canto ao toldo, os autobuses e camións que pasan por alí poderían tropezar cos seus espellos contra ese toldo. Agora mesmo a xente estase resgardando na zona do soportal de Abanca, e a verdade é que non se lles ocorre nada.

Cren que a solución vai ter que vir polo desenvolvemento da unidade de execución alí existente. É cuestión de xerar espazo para poder colocar esa infraestrutura, e ese será o momento. De todos os xeitos, se na xunta de voceiros, ou antes, teñen algunha idea que poidan levar a cabo, eles encantados, pero agora mesmo é unha solución que fisicamente non ven.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia